

**ACTA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL**  
**Sesión ordinaria do 04 de novembro de 2016**

**ASISTENTES:**

**Membros :**

D. Abel Caballero Álvarez  
D. Carlos López Font  
M<sup>a</sup> José Caride Estévez  
D. Cayetano Rodríguez Escudero.  
D<sup>a</sup>. Olga Alonso Suárez  
D. Angel Rivas González.  
D<sup>a</sup>. M<sup>a</sup>. Isaura Abelairas Rodríguez  
D. Jaime Aneiros Pereira.

**NON ASISTEN:**

D<sup>a</sup> M<sup>a</sup>. Carmen Silva Rego  
D. David Regades Fernández

**Invitados**

D. Santos Hector Rodríguez Díaz

Na Casa do Concello de Vigo, ás nove horas do día catro de novembro de dous mil dezaseis e baixo a presidencia do Excmo. Sr. alcalde, Sr. Caballero Álvarez, coa asistencia dos concelleiros/as anteriormente citados, actuando como Secretaria a concelleira, Sra. Alonso Suárez, constitúese a Xunta de Goberno Local desta Corporación co obxecto de realizar sesión ORDINARIA de acordo coa orde do día remitida a tódolos membros coa antelación legal precisa.

Están tamén presentes por invitación, a titular do órgano de apoio á Xunta de Goberno Local, Sra. Campos Acuña, o interventor xeral, Sr. Escariz Couso, e a titular da Asesoría Xurídica, Sra. Parajó Calvo.

A Xunta de Goberno Local adopta os seguintes acordos:

**1(1059).- DAR CONTA DE SENTENZAS, DECRETOS E AUTOS.**

Dáse conta das seguintes Sentenzas, Autos e Decretos remitidos pola Asesoría Xurídica:

A) EXPEDIENTE Nº 9762/111. XULGADO DO CONTENCIOSO-ADMINISTRATIVO Nº 1 DE VIGO NO PROCEDIMENTO ABREVIADO Nº 218/2016. DEMANDANTE: D. LUCIANO RIVEIRO GONZÁLEZ. OBXECTO: SANCIÓN DE TRÁFICO POR EXCESO DE VELOCIDADE. DECLARA REMATADO O PROCEDIMENTO POR SATISFACCIÓN EXTRAPROCESUAL.

B) EXPEDIENTE Nº 9758-111. XULGADO DO CONTENCIOSO-ADMINISTRATIVO Nº 2 DE VIGO NO RC-A PA 226/2016. DEMANDANTE: D<sup>a</sup> HERMINIA F. GARRIDO

LOSADA. OBXECTO: RESOLUCIÓN DO 12-02-2016 RPA 4370/243. DESESTIMADO O RECURSO.

C) EXPEDIENTE Nº 8597-111. XULGADO DO SOCIAL Nº 3 DE VIGO NO PROCEDEMENTO Nº 320/2014 (D.O.I.). DEMANDANTE: DONA SUSANA GONZÁLEZ TORRES. OBXECTO: RESOLUCIÓN DA XGL DO 31/1/2014, SOBRE CESAMENTO DE PERSOAL LABORAL INDEFINIDO POR COBERTURA REGULAR DAS PRAZAS. SENTENZA DESESTIMATORIA, COMUNICADA Á XGL O 5/9/2014.

TSXG, SALA DO SOCIAL.

RECURSO DE SUPPLICACIÓN 4682/2014. SENTENZA DO 26/3/2015. DESESTIMATORIA. COMUNICADA Á XGL DO 24/4/2015.

TRIBUNAL SUPREMO

SALA DO SOCIAL. RECURSO DE CASACIÓN EN UNIFICACIÓN DE DOCTRINA 8/2135/2015.

AUTO DO 29/6/2016. ESTA RESOLUCIÓN INADMITE O RECURSO DE CASACIÓN DA DEMANDANTE CONTRA A SENTENZA DO TSXG QUE SE FAI FIRME.

D) EXPEDIENTE Nº 9772-111. XULGADO DO CONTENCIOSO-ADMINISTRATIVO Nº 1 DE VIGO NO PROCEDEMENTO ABRVIADO Nº 220/2016. DEMANDANTE: FCC AQUALIA VIGO UTE. OBXECTO: RESPONSABILIDADE PATRIMONIAL POR DANOS. DESESTIMA O RECURSO E CONSIDERA AXUSTADA A DEREITO A RESPONSABILIDADE DA EMPRESA CONCESIONARIA.

E) EXPEDIENTE Nº 9847-111. XULGADO DO CONTENCIOSO-ADMINISTRATIVO Nº 2 DE VIGO. PROCEDEMENTO ABREVIADO Nº 315/2016. DEMANDANTE: MÓNICA GONZÁLEZ RODRÍGUEZ. OBXECTO: RECLAMACIÓN DE RESPONSABILIDADE PATRIMONIAL. DESESTIMACIÓN DA DEMANDA.

F) EXPEDIENTE Nº 9883-111. XULGADO DO CONTENCIOSO-ADMINISTRATIVO Nº 2 DE VIGO. PROCEDEMENTO ABREVIADO Nº 366/2016. DEMANDANTE: ALEJANDRO MEDIN GAYO. OBXECTO: RECLAMACIÓN DE RESPONSABILIDADE PATRIMONIAL. A SENTENZA DESESTIMATORIA, CONFIRMA O ACTO ADMINISTRATIVO IMPUGNADO, QUE DESESTIMOU A RECLAMACIÓN DE RESPONSABILIDADE PATRIMONIAL DO CONCELLO DE VIGO.

G) EXPEDIENTE Nº 9877-111. XULGADO DO CONTENCIOSO-ADMINISTRATIVO Nº 2 DE VIGO NO PROCEDEMENTO ABREVIADO Nº 347/2016. DEMANDANTE: PILAR BERNARDO IRAVEDRA. OBXECTO: RECLAMACIÓN DE RESPONSABILIDADE PATRIMONIAL. A SENTENZA, DESESTIMATORIA, CONFIRMA O ACTO ADMINISTRATIVO IMPUGNADO, QUE DESESTIMOU A RECLAMACIÓN DE RESPONSABILIDADE PATRIMONIAL DO CONCELLO DE VIGO.

H) EXPEDIENTE Nº 9857-111. XULGADO DO CONTENCIOSO-ADMINISTRATIVO NO 2 DE VIGO NO RC-A NO 329/2016 P.A. DEMANDANTE: DA MA PILAR OYA

VÁZQUEZ. OBXECTO: RESOLUCIÓN DO 8 DE MARZO DE 2016 QUE ESTIMA PARCIALMENTE, ESTABLECENDO UNHA CONCORRENCIA DE CULPAS ENTRE O CONCELLO DE VIGO: 40% E A VÍTIMA: 60%), UNHA RECLAMACIÓN DE RESPONSABILIDADE PATRIMONIAL. A SENTENZA, FIRME, DESESTIMA O RECURSO E CONFIRMA O ACTO MUNICIPAL RECORRIDO.

I) EXPEDIENTE Nº 9239-111. XULGADO DO CONTENCIOSO-ADMINISTRATIVO Nº 1 DE VIGO NO RC-A PE. Nº 337/15 (DEREITOS FUNDAMENTAIS). DEMANDANTE: C.P. CASTELAO 50. OBXECTO: VÍA DE FEITO. EMISIÓNS ACÚSTICAS CON MOTIVO DA CELEBRACIÓN DAS FESTAS DA CONSOLACIÓN DE COIA. SENTENZA Nº 136 DO 13 DE ABRIL DE 2016, DA QUE TOMOU COÑECEMENTO A XUNTA DE GOBERNO LOCAL EN SESIÓN DO 29 DE ABRIL DE 2016.

TRIBUNAL SUPERIOR DE XUSTIZA DE GALICIA.  
SALA DO CONTENCIOSO-ADMINISTRATIVO, SECC. SEGUNDA. RECURSO DE APELACIÓN Nº43010/2016. APELANTE: C.P CASTELAO 50. A SENTEZA DE 6 DE OUTUBRO DE 2016, FIRME, DESESTIMA O RECURSO DE APELACIÓN E CONFIRMA A DITADA EN PRIMEIRA INSTANCIA AO CONSIDERAR QUE A COMUNIDADE DE PROPIETARIOS DEMANDANTE NON TEN LEXITIMACIÓN PARA PRETENDER A TUTELA DUNS DEREITOS FUNDAMENTAIS QUE SÓ SON PREDICABLES DAS PERSONAS FÍSICAS.

A Xunta de Goberno Local queda informada.

**2(1060).- CORRECCIÓN DE ERRO MATERIAL, APARTADO TERCEIRO DO ACORDO DA XGL DO 05/08/16, RELATIVO Á AMPLIACIÓN DE GRAOS UNIVERSITARIOS NA AULA UNED DE VIGO. EXPTE. 17054/332.**

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe de fiscalización do 20/10/16, dáse conta do informe-proposta do 14/10/16, asinado pola xefa de Educación, a concelleira-delegada de Educación e o concelleiro delegado de Economía e Facenda.

*"1.- A Xunta de Goberno Local en data 5 de agosto de 2016 adoptou o seguinte acordo:*

*"Primeiro.- Aprobar a implantación progresiva na Aula de Vigo, dos seguintes grados universitarios:*

- *Estudos ingleses: lingua e literatura*
- *Administración e Dirección de empresas*
- *Ciencias ambientais*
- *Psicoloxía*
- *Ciencia política e da Administración*
- *Pedagoxía*
- *Xeografía e Historia*
- *Historia da Arte*

Segundo.- Aprobar, para ao exercicio de 2016, o gasto de 124.887,87 €, para financiamento da Aula UNED Vigo de custos de coordinación, titorías e materiais de: curso de acceso, grados aprobados no curso 2014-2015 e grados aprobados para o seu inicio no curso 2016-2017, con cargo á partida 3231.4890000

Terceiro.- Aprobar o seguinte cadro financeiro de transferencias á UNED no período 2016-2020, correspondente aos custos estimados da Aula UNED Vigo nos conceptos de coordinación, titorías e materiais dos cursos de acceso, dos grados aprobados no curso 2014-2015 e dos grados aprobados para o seu inicio no curso 2016-2017:

GRADO	2016	2017	2018	2019	2020
Ciencias ambientais	1.674,27	7.813,26	11.161,80	16.742,70	10.045,62
Estudos ingleses	1.675,27	8.929,44	9.301,50	13.022,10	7.813,26
Psicoloxía	1.676,27	10.045,62	11.161,80	16.742,70	13.394,16
Adm on. E Dirección Empresas	1.677,27	8.929,44	9.301,50	13.022,10	7.813,26
Pedagogía	0,00	2.232,36	3.720,60	7.441,20	4.464,72
Xeografía e Historia	558,09	4.464,72	5.580,90	9.301,50	6.697,08
Historia da Arte	1.116,18	6.697,08	7.441,20	11.161,80	6.697,08
Ciencia política e da Administración	1.674,27	8.929,44	9.301,50	13.022,10	7.813,26
Bibliografía	8.000,00	8.000,00	8.000,00	8.000,00	8.000,00
<b>TOTAL NOVOS GRADOS 2016-2020</b>	<b>18.045,62</b>	<b>66.041,36</b>	<b>74.970,80</b>	<b>108.456,20</b>	<b>72.738,44</b>
<b>TITORÍAS E COORD. CURSO ACCESO</b>	37.858,00				
<b>MATERIAL E BIBLIO CURSO ACCESO</b>	10.500,00				
<b>BIBLIOGRAFÍA GRADOS ADENDA</b>	5.000,00				
<b>TITORÍAS GRADOS ADENDA</b>	53.484,25				
<b>TOTAL FINAL A CONSIGNAR</b>	<b>124.887,87</b>	<b>66.041,36</b>	<b>74.970,80</b>	<b>108.456,20</b>	<b>72.738,44</b>

Cuarto.- Dispoñer que nos orzamentos municipais para os exercicios 2017, 2018, 2019 e 2020 se consignen os créditos orzamentarios necesarios para facer fronte aos compromisos de gasto para estes exercicios.

Cuarto.- Notificar o presente acordo ao Centro Asociado da UNED en Pontevedra.”

2.- En data 30-09-2016 o Técnico de actividades culturais e educativas emite o seguinte informe:

#### “ANTECEDENTES

Redáctase o presente informe depois da comunicación por email do xefe de negociado económico do Centro UNED de Pontevedra, de data 28/09/2016, pola que se indicaba que existían erros no cadro económico 2016-2020 aprobado pola Xunta de Goberno Local de 05/08/2016 e remitíu un novo cadro que, a diferenza do anterior recollido no expediente, distribuía esta vez -ao igual que fixo o Concello no expediente de referencia-- as necesidades económicas por anos naturais en lugar de facelo por cursos.

Revisado o cadro citado comprobouse que, efectivamente, existían erros nos anos 2017-2020. A orixe deste erro foi o arrastre non detectado dunha fórmula na folla de cálculo utilizada para a súa elaboración, que non foi tampouco detectado no proceso automático de auditoría do programa, por erro na configuración.

Unha vez corrixida a fórmula e aplicada ao conxunto do cadro, os datos coinciden cos xa anualizados aportados pola UNED no correo electrónico de 28/09/2016 citado.

En consecuencia, o **Cadro financeiro resultante**, sería, se é o caso, o seguinte:

GRADO	ANO	2016	2017	2018	2019	2020
Ciencias ambientais		1.674,27	7.813,26	13.394,16	16.742,70	10.045,62
Estudos ingleses		1.674,27	7.069,14	10.789,74	13.022,10	7.813,26
Psicoloxía		1.674,27	7.813,26	13.394,16	18.975,06	13.394,16
Admon. E Dirección Empresas		1.674,27	7.069,14	10.789,74	13.022,10	7.813,26
Pedagogía		0,00	1.488,24	5.208,84	7.441,20	4.464,72
Xeografía e Historia		558,09	3.348,54	7.069,14	10.045,62	6.697,08
Historia da Arte		1.116,18	5.208,84	8.929,44	11.161,80	6.697,08
Ciencia política e da Administración		1.674,27	7.069,14	10.789,74	13.022,10	7.813,26
Bibliografía		8.000,00	8.000,00	8.000,00	8.000,00	8.000,00
<b>TOTAL NOVOS GRADOS 2016-2020</b>		<b>18.045,62</b>	<b>54.879,56</b>	<b>88.364,96</b>	<b>111.432,68</b>	<b>72.738,44</b>
TITORÍAS E COORD. CURSO ACCESO		37.858,00				
MATERIAL E BIBLIO CURSO ACCESO		10.500,00				
BIBLIOGRAFÍA GRADOS ADENDA		5.000,00				
TITORÍAS GRADOS ADENDA		53.484,25				
<b>TOTAL FINAL A CONSIGNAR</b>		<b>124.887,87</b>	<b>54.879,56</b>	<b>88.364,96</b>	<b>111.432,68</b>	<b>72.738,44</b>

O que se informa para a redacción por parte da xefatura do Servizo de Educación, se procede, da proposta de modificación do apartado terceiro do acordo da Xunta de Goberno Local de 05/09/2016, para incorporar o cadro corrixido que se inclúe no presente informe.”

#### FUNDAMENTOS XURIDICOS

A Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, regula no artigo 109 .2 a rectificación de erros.

“As Administracións Públicas poderán, así mesmo, rectificar en calquera momento, de oficio ou a instancia dos interesados, os erros materiais, de feito ou aritméticos existentes nos seus actos.”

Competencia: É competente para adoptar este acordo de corrección dun erro material o mesmo órgano que aprobou o acordo cuxa corrección se propón, e en base, ao exposto, elevase a xunta de Goberno Local a seguinte

#### PROPOSTA DE ACORDO

Único.- Corrixir o apartado terceiro do acordo da Xunta de Goberno Local de 5 de agosto de 2016 que arrastra un erro na fórmula empregada na folla de cálculo, e en consecuencia modificar este apartado que quedaría redactado co seguinte contido:

Terceiro.- Aprobar o seguinte cadro financeiro de transferencias á UNED no período 2016-2020, correspondente aos custos estimados da Aula UNED Vigo nos conceptos de coordinación, titorías e materiais dos cursos de acceso, dos grados aprobados no curso 2014-2015 e dos grados aprobados para o seu inicio no curso 2016-2017:

GRADO	ANO	2016	2017	2018	2019	2020
Ciencias ambientais		1.674,27	7.813,26	13.394,16	16.742,70	10.045,62
Estudos ingleses		1.674,27	7.069,14	10.789,74	13.022,10	7.813,26
Psicoloxía		1.674,27	7.813,26	13.394,16	18.975,06	13.394,16
Adm on. E Dirección Empresas		1.674,27	7.069,14	10.789,74	13.022,10	7.813,26
Pedagogía		0,00	1.488,24	5.208,84	7.441,20	4.464,72
Xeografía e Historia		558,09	3.348,54	7.069,14	10.045,62	6.697,08
Historia da Arte		1.116,18	5.208,84	8.929,44	11.161,80	6.697,08
Ciencia política e da Administración		1.674,27	7.069,14	10.789,74	13.022,10	7.813,26
Bibliografía		8.000,00	8.000,00	8.000,00	8.000,00	8.000,00
<b>TOTAL NOVOS GRADOS 2016-2020</b>		<b>18.045,62</b>	<b>54.879,56</b>	<b>###</b>	<b>###</b>	<b>###</b>
<b>TITORÍAS E COORD. CURSO ACCESO</b>		37.858,00				
<b>MATERIAL E BIBLIO CURSO ACCESO</b>		10.500,00				
<b>BIBLIOGRAFÍA GRADOS ADENDA</b>		5.000,00				
<b>TITORÍAS GRADOS ADENDA</b>		53.484,25				
<b>TOTAL FINAL A CONSIGNAR</b>		<b>###</b>	<b>54.879,56</b>	<b>###</b>	<b>###</b>	<b>###</b>

### **Acordo:**

A Xunta de Goberno Local aproba a proposta contida no precedente

### **3(1061).- PROXECTO DE CONVENIO DE COLABORACIÓN COA FEDERACIÓN DE PEÑAS RECREATIVAS EL OLIVO PARA A ORGANIZACIÓN DA FESTA DO MAGOSTO 2016. EXPTE. 6639/335.**

Examinadas as actuacións do expediente, visot o informe xurídico do 18/10/16 e o informe de fiscalización do 28/10/16, dáse conta do informe-proposta do 14/10/16, asinado polo técnico de xestión do Servizo de Festas, a xefa do Servizo de Festas, a concelleira delegada da Área de Festas e Turismo e o concelleiro delegado de Orzamentos e Facenda, que di o seguinte:

*“A concelleira delegada da Área de Festas e Turismo resolveu en data 30 de setembro de 2016 que se iniciase o expediente necesario para a redacción dun convenio de colaboración coa Fedración de Peñas recreativas El Olivo, para a organización da Festa do Magosto 2016, que terá lugar o vindeiro 12 de novembro, na praza do Berbés.*

*Desde hai varios anos, o Concello vén organizando, en colaboración coa Federación de Peñas recreativas “El Olivo”, a celebración deste evento, xa que o Concello non dispón dos medios suficientes para afrontar a organización en solitario destes eventos.*

*Na lexislación vixente, concretamente no artigo 72 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, faise referencia á conveniencia da participación de entidades de carácter cultural, social e veciñal como colaboradores na organización de diversos programas e acontecementos culturais, ofertados polas entidades locais (Cabalgata de Reis, Entroido, etc.).*

*O carácter cultural atópase entre as competencias atribuídas ós municipios no artigo 25.2.m e 127 da Lei 7/1985 e aos municipios galegos no artigo 80.2.n da Lei de Galicia 5/1997, de 22 de xullo, de administración local de Galicia.*

*O convenio do que se trata é un convenio de colaboración dos que poden celebrar as administracións públicas con persoas xurídicas privadas, co obxecto de satisfacer os intereses públicos que teñen encomendados e que non se poden cualificar como un contrato*

*administrativo típico na medida en que non se corresponden co obxecto dun contrato de servizos por conter determinadas peculiaridades respecto das pretensións que deben realizar as entidades convenientes e especialmente a inexistencia dun prezo en sentido estrito, ao limitarse a achega económica do Concello a compensar estritamente os gastos realizados polas entidades para a realización das actividades.*

*O réxime xurídico de aplicación do presente convenio será a Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións e o seu regulamento de desenvolvemento, así como a Lei de Galicia 9/2007, de subvencións de Galicia.*

*Conforme ao disposto nos artigos 28.1 da Lei 38/2003 e 26.1 da Lei de Galicia 9/2007, o convenio será instrumento adecuado para canalizar as subvencións que, con carácter excepcional e por razóns de interese público, social, económico ou humanitario, ou outras debidamente xustificadas que dificulten a súa convocatoria pública e se outorguen directamente.*

*Este convenio prevé unha disposición dineraria de 5.000,00 euros, con cargo á aplicación 3380.489.0013 (Convenio Federación peñas - Magosto) do programa orzamentario de Festas para o vixente exercicio, a favor da Federación de peñas recreativas "El Olivo", suxeito ao cumprimento pola mesma dun determinado obxectivo de utilidade pública e interese social expostas nas obrigas pactadas en convenio. O convenio non prevé máis obrigas por parte do Concello.*

*Pola súa banda, a entidade encargárase da organización xeral da festa e asumirá todos os gastos derivados da mesma e que, segundo o presuposto presentado, ascenden a un total de 5.300,00 euros.*

*A presente axuda aparece nominativamente recollida a favor do destinatario dentro do capítulo 4 do presente orzamento (Convenio Federación Peñas - Magosto) do mesmo capítulo económico.*

*De conformidade co artigo 127.g da Lei 7/1985, corresponderá á Xunta de Goberno local a aprobación do convenio e, con carácter previo, a aprobación do gasto de conformidade co previsto no artigo 31 da LG 9/2007. Así mesmo, queda facultada a concelleira delegada da Área de Festas e Turismo para asinar o citado convenio, ao amparo do Decreto de delegación de competencias da Alcaldía en virtude do decreto de 19 de xuño de 2015 e acordo da Xunta de Goberno de data 19 de xuño de 2015.*

*Á vista do exposto, previo os informes xurídico e da Intervención de fondos, coa conformidade da concelleira da Área de Festas e Turismo e do concelleiro da Área de Orzamentos e Facenda, faise á Xunta de Goberno local a seguinte*

**PROPOSTA:**

*1º.- Que se aprrobe o texto do convenio, que se achega no expediente, entre o Concello de Vigo e a Federación de Peñas recreativas El Olivo, CIF G-36.704.666, para a organización da Festa do Magosto 2016, que terá lugar o vindeiro 12 de novembro.*

*2º.- Que se autorice un gasto por importe de 5.000,00 euros, en concepto do estipulado no convenio, a favor da Federación de Peñas recreativas El Olivo, con cargo á aplicación presupostaria 3380.489.0013 (Convenio Federación Peñas - Magosto) do programa presupostario de Festas para o vixente exercicio."*

**Acordo:**

A Xunta de Goberno Local aproba a proposta contida no precedente informe.

*PROXECTO DE CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE O CONCELLO DE VIGO E A  
FEDERACIÓN DE PEÑAS RECREATIVAS EL OLIVO PARA A ORGANIZACIÓN DA FESTA DO  
MAGOSTO 2016*

*Na Casa do Concello de Vigo, a*

*de dous mil dezaseis.*

*REUNIDOS*

*Dunha parte, dona ANA LAURA IGLESIAS GONZÁLEZ, na súa calidade de CONCELLEIRA-DELEGADA DA ÁREA DE FESTAS E TURISMO DO CONCELLO DE VIGO, na representación legal do mesmo, en virtude do decreto da Alcaldía de 19 de xuño de 2015 e acordo da Xunta de Goberno de data 19 de xuño de 2015.*

*Doutra, don CAMILO PAIS MARTÍNEZ, como presidente da FEDERACIÓN DE PEÑAS RECREATIVAS "EL OLIVO", CIF nº G-36.704.666 e enderezo social na praza dos Galegos Ilustres de Vigo, na representación da mesma, segundo resulta dos seus estatutos e da certificación do seu secretario que figura na documentación do expediente nº 6639/335.*

*Tendo, daquela, os comparecentes a capacidade legal necesaria para o outorgamento do presente convenio*

*MANIFESTAN*

*I.- Que a Federación de Peñas recreativas El Olivo ten por fins, entre outros, o fomento e estimulación da cultura, a organización e desenvolvemento de eventos recreativos e o apoio ás iniciativas desenvolvidas en prol do engrandecemento de Vigo. Deste modo, esta entidade vén organizando nos últimos anos a "Festa do Magosto", na Praza do Berbés, con grande éxito organizativo e aceptación entre os cidadáns, estando en condicións de organizar a presente edición.*

*II.- Que o Concello de Vigo, a través da Concellería de Festas, está interesado en preservar a cultura, o folclore e as tradicións populares galegas, como é o caso da festa do Magosto. De igual maneira, o Concello está interesado en achegarlle á cidadanía unha oferta cultural diversificada e popular que albergue o maior número posíbel de actividades, dirixidas a todos os sectores culturais. Neste sentido, o magosto é un acontecemento festivo arraigado na cidade de Vigo, que se vén celebrando dende fai vinte anos no Casco Vello da Cidade; primeiramente na Praza da Constitución e na actualidade no Praza do Berbés.*

*III.- Que dende o ano 1996 se veñen asinando diversos convenios de colaboración entre ambas as entidades para desenvolver actividades socioculturais, e os resultados acadados teñen sido moi satisfactorios para ambas as partes.*

*IV.- Así as cousas, o Concello de Vigo no seu vixente orzamento, na partida 3380.489.0013, prevé nominativamente a concesión dunha subvención por importe de 5.000,00 (cinco mil) euros, a favor da Federación de Peñas recreativas El Olivo.*

V.- Conforme o disposto nos artigos 28.1 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións e 26.1 da Lei de Galicia 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia, o convenio será instrumento adecuado para canalizar as subvencións previstas nominativamente nos orzamentos da Administración concedente, os intervinientes conclúen o presente convenio ao fin de regular os termos da concesión da devandita subvención, cuxo obxecto é a programación, organización e execución da Festa do Magosto 2016", que se desenvolverá o vindeiro 12 de novembro na ribeira do Berbés.

VI.- Que o carácter cultural se atopa entre as competencias atribuídas aos municipios no artigo 25.2.m e 127 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, e aos municipios galegos no artigo 80.2.n da Lei de Galicia 5/1997, de 22 de xullo, de administración local de Galicia.

IX.- Que a FEDERACIÓN DE PEÑAS RECREATIVAS EL OLIVO non está incurso en prohibición para ser beneficiaria das subvencións obxecto da Lei de subvencións de Galicia, achase ao corrente das súas obrigas tributarias e fronte a Seguridade Social e non ten débedas pendentes con este Concello de Vigo, segundo resulta das declaracións responsables e certificacións que figuran no expediente nº 6639/335.

Que en base ás precedentes consideracións e ao interese social e cultural que para a cidade de Vigo representa a devandita actividade da FEDERACIÓN DE PEÑAS RECREATIVAS "EL OLIVO", o Concello de Vigo e a dita entidade conveñen a súa colaboración no ámbito cultural e a concesión da referida subvención en base aos seguintes.

#### PACTOS

Primeiro.- A Federación de Peñas recreativas "El Olivo" comprométese a colaborar coa Concellería Festas do Concello de Vigo en canto a organización da Festa do Magosto, que terá lugar na Praza do Berbés, e concretamente a:

1º.- Cumprir o programa obxecto deste convenio, segundo o programa que consta no expediente como anexo I e que foi confeccionado pola comisión organizadora.

2º.- Comezar as actividades do programa á hora anunciada ao público, comprobar coa antelación suficiente o correcto funcionamento das instalacións e equipamentos, e realizar, no seu caso, as correccións técnicas que resulten necesarias.

3º.- Asumir todo o concernente á organización da "FESTA DO MAGOSTO 2016", achegando toda a infraestrutura e equipo humano necesarios para tal fin, así como cumprir o programa presentado.

4º.- Contratar todos os elementos necesarios para o bo desenvolvemento do programa.

5º.- Darlle á programación a maior difusión posible, utilizando os mecanismos habituais da Concellería de Festas, e respectando a imaxe corporativa do Concello. Para tal fin editaranse polo menos 500 carteis e pancartas exteriores.

6º.- Asumir a edición, produción e difusión de todo o material gráfico da programación do MAGOSTO 2016 para o que deberá contar coa conformidade do persoal técnico da Concellería de Festas.

7º.- Comunicar os posibles cambios no programa que se puidesen producir, antes do seu comezo, para recabar a correspondente conformidade do persoal técnico da Concellería de Festas ás posibles modificacións. Así mesmo, deberán comunicar, á maior brevidade posible, calquera incidencia acontecida durante o desenvolvemento do programa

*(necesariamente deberase remitir informe escrito do feito acontecido por parte dos responsables da comisión).*

*8º.- Responsabilizarse fronte a calquera dano que se cause a terceiros con ocasión do desenvolvemento da actividade, asumindo a contratación dunha póliza de seguro de responsabilidade civil que atenda calquera accidente ou incidencia que se poida producir en relación ao desenvolvemento das actividades; a ENTIDADE entregará ao CONCELLO copia da póliza antes do inicio dos programas.*

*9º.- Cumprir os horarios máximos de finalización de actividades e espectáculos establecidos pola normativa da Xunta. Así mesmo, deberán cumprir co estipulado na Lei de Ruídos de Galicia, así como nas ordenanzas municipais e outra lexislación ó respecto.*

*10º.- Obter todos os permisos e autorizacións necesarios para a realización das actividades incluídas no programa.*

*11º.- Deixar a zona da Praza do Berbés que se utilice para a festa en perfectas condicións de limpeza.*

*12º.- Xestionar e aboar a cantidade que corresponda polos dereitos de autor que se xeren pola programación que figura nesta expediente.*

*13º.- Durante o desenvolvemento das actividades incluídas no programa, o responsable da comisión organizadora estará en permanente contacto con todo o persoal despregado, así como cos membros de Policía Local, Protección Civil e servizos de primeiros auxilios presentes. Así mesmo, deberá estar en permanente contacto co persoal técnico da Concellería de Festas.*

*En xeral cumprir coas obrigas consignadas para as beneficiarias das subvencións no artigo 11 da LG 9/2007.*

*Segundo.- O Concello de Vigo, pola súa parte, comprométese a conceder directamente á Federación de Peñas recreativas "El Olivo", unha subvención por importe de 5.000,00 € (cinco mil euros) co obxecto de coadxuvar ao financiamento da organización da Festa do Magosto.*

*O Concello non asume ningún compromiso distinto dos recollidos no presente convenio.*

*Terceiro.- Esta subvención será compatible con calquera outra subvención ou axuda para a mesma finalidade procedente de calquera outra administración ou de entes públicos ou privados, nacionais, da Unión Europea ou de organismos internacionais.*

*A beneficiaria deberá comunicar ao Concello de Vigo a obtención doutras subvencións, axudas ingresos ou recursos que financien a actividade subvencionada. Esta comunicación deberá efectuarse no momento en que se coñeza e, en todo caso, con anterioridade a xustificación da aplicación dada ós fondos recibidos.*

*En calquera caso, o importe total da subvención ou subvencións non poderá superar o da actividade subvencionada; caso no que se procederá na forma prevista no artigo 34 do Real decreto 887/2006, de 21 de xuño, polo que se aprobou o Regulamento da Lei Xeral de Subvencións.*

*Cuarto.- O pagamento da cantidade recollida no pacto segundo deste convenio realizarase por transferencia bancaria á conta corrente número ES09.2080.5077.9330.4001.6285 da entidade bancaria NOVAGALICIA BANCO, da que é titular a entidade beneficiaria, tras a xustificación das axudas.*

*Quinto.- Se o custe total da actividade subvencionada resultase ser menor que o contemplado para a concesión da subvención ou se reducisen na execución da actividade subvencionada as actuacións ou elementos previstos como integrantes da mesma, procederá a redución da subvención na mesma proporción .*

*A comunicación destas circunstancias ao Concello deberá efectuarse no momento en que se coñeza e, en todo caso, con anterioridade a xustificación da aplicación dada aos fondos recibidos.*

*Sexto.- A beneficiaria non poderá subcontratar con terceiros a actividade subvencionada.*

*Sétimo.- A beneficiaria debe dar a adecuada publicidade ó financiamento municipal da actividade subvencionada mediante a incorporación do logotipo do Concello de Vigo e da imaxe corporativa do evento en todos os soportes publicitarios que edite.*

*Oitavo.- A presente subvención terá a publicidade prevista no artigo 15 da Lei de Galicia 9/2007.*

*Noveno.- A beneficiaria, dentro do exercicio económico e antes do cinco de decembro, deberá xustificar o cumprimento das condicións impostas e a consecución dos obxectivos previstos pola concesión da subvención e, no seu caso, da aplicación dos fondos recibidos. A tal efecto, a conta xustificativa a render deberá conter:*

*a) Memoria de actuación xustificativa do cumprimento das condicións previstas no presente convenio, con indicación das actividades desenvolvidas dentro do programa, datos de participación e asistentes individualizados por evento e por cómputo global, memoria de prensa, rexistro fotográfico e audiovisual e informe de incidencias.*

*b) Memoria económica xustificativa do custo das actividades realizadas, que incorporará:*

- Balance económico con detalle dos gastos e ingresos finais e desviacións con relación ao orzamento inicial.*
- Relación numerada de todos e cada un dos documentos xustificativos que se acheguen con especificación da súa data de emisión, proveedor, obxecto facturado, importe total do documento, data e forma de pagamento.*
- As facturas presentadas terán que ser orixinais e deberán recoller o número de CIF, a data, número de factura e o IVE; ordenados correlativamente segundo o número de orde asignado na relación numerada citada no apartado anterior, estes xustificantes quedarán a disposición do Concello de Vigo. Os documentos xustificativos haberán de estar datados no período obxecto deste convenio. Os gastos xustificativos con facturas e demais documentos de valor probatorio equivalente no tráfico xurídico mercantil presentarase en orixinal. As facturás cumprirán os requisitos establecidos para súa expedición no RD 1619/2012 de 30 de novembro polo que se regulan as obrigas de facturación ou as normas sobre a facturación electrónica equivalentes. Non se admitirán facturas fotocopiadas ou compulsadas. Nestas facturas se computará o gasto acreditado deducindo o IVE, salvo que se xustifique a exención do dito imposto. Se a entidade beneficiaria solicita a devolución do orixinal presentado, a área xestora da subvención procederá ao estampillado da factura orixinal, indicando no estampillado o motivo da subvención e se o importe do xustificante se imputa total ou parcialmente á subvención recibida; indicándose neste caso o importe exacto que resulte afectado pola subvención. A copia do xustificante orixinal estampillado se incorporará ao expediente e a área xestora da subvención procederá á devolución do orixinal.*

*En ningún caso se admitirán simples recibos ou xustificantes de caixa. As facturas ou minutas por prestación de servizos profesionais deberán conter*

os mesmos elementos que os especificados para as facturas e, tratándose de persoas físicas, conterán a correspondente retención fiscal.

- De existiren, relación detallada de outros ingresos ou subvencións que financiaron a actividade, acreditando o seu importe, procedencia e a aplicación dos ditos fondos ás actividades subvencionadas.
- A xustificación deberá facerse con documentos orixinais pola parte subvencionada e con copias de facturas polo resto do orzamento. Poderá substituír a presentación de copias de facturas polo gasto do proxecto ou actividade non subvencionada pola presentación dun balance que abarque a totalidade do gasto ou por unha certificación na que se acredite que o programa ou actividade que foi obxecto da subvención foi executado na súa totalidade e o seu custo total foi de .....euros.”

Décimo.- Antes de proceder ao pagamento da subvención a beneficiaria deberá acreditar estar ao corrente no pagamento das súas obrigas fiscais e para coa seguridade social e non ser debedora por resolución de procedencia de reintegro, o que poderá realizar por medio dunha declaración responsable, ao abeiro do artigo 31.7 e) da LG 9/2007.

Décimo primeiro.- Serán gastos subvencionables os que de xeito indubitado respondan a natureza da actividade subvencionada e se realicen no exercicio económico do convenio.

Décimo segundo.- A realización da actividade subvencionada, o cumprimento da finalidade que determinou a concesión da subvención e a axeitada xustificación da mesma, será comprobada pola Concellería de Festas e Turismo. O persoal técnico do Servizo de Festas emitirá informe ao respecto facendo constar, no seu caso, todas aquelas circunstancias que poidan resultar relevantes en orden a considerar incumplida ou defectuosamente cumprida a actividade subvencionada.

Décimo terceiro.- A beneficiaria deberá facilitar toda a información que lle sexa requirida pola Concellería de Festas e Turismo e pola Intervención Xeral Municipal, Tribunal de Contas e Consello de Contas no exercicio das súas funcións de fiscalización e control do destino das subvencións.

Décimo cuarto.- Procederá o reintegro das cantidades percibidas e a esixencia de xuros de demora desde o pagamento da subvención ata a data na que se acorde a procedencia do reintegro nos casos do artigo 33 da LG 9/2007.

Cando o incumprimento da actividade subvencionada se traduza nunha diminución significativa da actividade subvencionada, traducible a termos económicos en función do proxecto presentado e o seu presuposto, que non implique verdadeiro incumprimento do obxectivo da subvención, procederá o reintegro da subvención na mesma proporción. En todo caso procederá o reintegro do exceso da subvención sobre o custo da actividade subvencionada.

Décimo quinto.- A información sobre as actividades, especialmente en carteis e programas, estará integramente en idioma galego, e terá que ser revisada polo Concello de Vigo. En toda a información editada figurará o logotipo do Concello de Vigo, nas mesmas condicións e tamaños. O material editado deberá contar coa conformidade previa do Servizo de Festas do Concello de Vigo, e disporá dos depósitos legais que lle correspondan.

Décimo sexto.- O mecanismo de seguimento da execución deste convenio establécese en base ás memorias e informes que presenten as entidades asinantes e a presenza do persoal técnico do Servizo de Festas nas propias actividades programadas. A comisión encargada da planificación, seguimento e execución deste programa estará formada polos seguintes membros:

- 2 persoas designadas pola Federación de Peñas Recreativas “El Olivo”.

- En representación do Concello de Vigo, con funcións de supervisión, seguimento e control de todo o referente á organización, desenvolvemento e contratacións: 1 persoa técnica do Servizo de Festas.

Décimo sétimo.- O presente convenio terá vixencia anual ata o 31 de decembro de 2016 e non será prorrogábel.

Décimo oitavo.- A concelleira delegada de Festas e Turismo queda facultado para resolver as posíbeis controversias derivadas da execución e interpretación deste convenio, así como para tomar iniciativas que contribúan ao seu cumprimento e desenvolvemento.

Décimo noveno.- Canto ás infraccións e sancións en que poida incorrer a beneficiaria da subvención a que se refire este convenio e procedemento para a súa apreciación e imposición, estarase ao disposto no Título IV da Lei de Galicia 9/2007 e no Real Decreto 1398/1993, de 4 de agosto, polo que se aprobou o Regulamento do Procedemento para o exercicio da potestade sancionadora.

Vixésimo - A beneficiaria está informada de que os seus datos e os do seu representante serán incorporados aos ficheiros municipais; de que a finalidade da súa recollida é a instrución do procedemento para a concesión da subvención obxecto do presente convenio, a práctica das publicacións, comunicacións e notificacións de obrigado cumprimento, o seguimento e comprobación da actividade subvencionada e demais actuacións previstas na Lei de Galicia 9/2007 en orden á conclusión do proceso subvencional, polo que a súa achega é obrigatoria.

Os dítos datos serán tratados e protexidos de acordo co previsto na Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común e na Lei 15/1999, do 13 de decembro, de protección de datos de carácter persoal, sendo responsable do seu tratamento a Concellería de Festas. A beneficiaria poderá exercer os dereitos de acceso, rectificación, cancelación e oposición ante o Servizo de Festas do Concello de Vigo.

Vixésimo primeiro.- A actividade obxecto deste convenio está destinada ao público en xeral, e o acceso á mesma será público e gratuíto; o número de asistentes limitarase á capacidade do lugar onde se celebre. De todos os xeitos, as actividades, servizos ou produtos ofertados alí poderán traer consigo unha achega económica por parte dos usuarios (billetes, entradas, etc.).

Por este motivo, a entidade beneficiaria proporá ao Concello os prezos para cada unha das actividades, servizos ou produtos, para obter a conformidade da Concellería de Festas e Turismo. A entidade deberá expor durante a celebración da actividade, nun lugar perfectamente visíbel, o listado de prezos de venda ao público.

A tal fin, establecerase un sistema de control de ingresos procedentes do goce ou uso das distintas actividades, que poderán ser billetes ou xustificantes de ingresos, nos que deberán figurar os conceptos e importes, e que estarán numerados correlativamente. A entidade proporalle ao Concello os modelos de billetes ou xustificantes, e tamén o seu número, para obter a correspondente conformidade.

Vixésimo segundo.- En cumprimento do establecido na resolución de 10 de decembro de 2015, da Intervención Xeral da Administración do Estado pola que se regula o proceso de rexistro e publicación de convocatorias de subvencións e axudas no Sistema Nacional de Publicidade de Subvencións, e en aplicación dos principios recollidos na Lei 19/2013, de 9 de decembro, de transparencia, acceso á información pública e bo goberno, a Base de Datos Nacional de Subvencións operará como sistema nacional de publicidade das subvencións. A tales efectos, e para garantir o dereito dos cidadáns a coñecer todas as subvencións convocadas en cada momento e cara a contribuir aos principios de publicidade e transparencia, a Intervención Xeral da Administración do Estado publicará na súa paxina web as subvencións concedidas, segundo o establecido na Lei 38/2003 de 17 de novembro, xeral de subvencións artigo 20.4 e 20.8.b.

*Vixésimo terceiro- A concesión da subvención obxecto do presente convenio rexeráse pola Lei 38/2003 do 17 de novembro, xeral de subvencións e o Real decreto 887/2006, de 21 de xuño, polo que se aprobou o seu regulamento, nos seus preceptos básicos; a lexislación básica do estado en materia de réxime local; a Lei de Galicia 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia; os preceptos non básicos da Lei 38/2003 e do RD 887/2006; polos pactos que se conteñen neste convenio; as Bases de Execución dos vixentes orzamentos municipais e as restantes normas de dereito administrativo, e no seu defecto, as normas de dereito privado.*

*E, en proba da súa conformidade, firman o presente convenio, por triplicado exemplar, en Vigo, no lugar e data que se indican*

*A concelleira delegada da  
Área de Festas e Turismo*

*Ana Laura Iglesias González*

*O Presidente da Federación de  
Peñas recreativas El Olivo*

*Camilo Pais Martínez*

#### **4(1062).- DAR CONTA: OPERACIÓNS DE PECHE DO EXERCICIO ORZAMENTARIO 2016. EXPTE. 39/142.**

Dáse conta do Informe proposta de data 28/10/16, asinado polo tesoureiro e Responsable Superior Contable e Orzamentario e polo concelleiro-delegado da Área de Orzamentos e Facenda.

*“A regulación das operacións de peche do exercicio de 2016 en relación co control e a contabilización dos rexistros que se derivan da execución do estado de gastos e ingresos dos orzamentos así como dos movementos non orzamentarios, fai necesario ditar as oportunas instrucións.*

*Para conseguir os obxectivos, os distintos niveis da Administración para facilitar o peche anual, elaboran e poñen en vigor anualmente unhas instrucións que sirvan ás distintas unidades-servizos xestores como guía para a tramitación dos procedementos administrativos e de execución de fin de exercicio.*

*O cumprimento dos procedementos de tramitación das obrigas, liquidación de dereitos e recadación dos mesmos, ten como obxectivo o de dar cumprimento ao previsto no artigo 11 e 12 da Lei Orgánica 2/2012, de 27 de abril, de Estabilidade Orzamentaria e Sustentabilidade Financeira, de tal xeito que, os ingresos recoñecidos e recadados aplíquense aos conceptos na súa totalidade antes do peche do exercicio, e o gastos, estéense a computar na súa totalidade aos efectos de verificar si se está a cumprir co obxectivo de estabilidade orzamentaria e coa regra de gasto.*

*Por outra banda, o non recoñecemento de obrigas devengadas no ano por parte do Concello ou o seu Organismo Autónomo Administrativo, estaría a afectar ao cumprimento do previsto no artigo 12 da Lei Orgánica 2/2012, por non estar a contabilizarse a totalidade das obrigas que conforman gasto computable nos termos previstos no Sistema Europeo de Contas Nacionais e Rexionais (SEC-2010), polo que, non se estaría a cumprir coa Regra de Gasto nos termos do SEC-2010 (Regulamento 549/2013 do Parlamento Europeo e do Consejo, de 21 de maio de 2013, relativo ao Sistema Europeo de Contas Nacionais e Rexionais da Unión Europea.*

*Tamén se estaría a incumprir con Período Medio de Pago regulamentado no Real Decreto 635/2014, de 25 de xullo e coa Lei 3/2004, de 29 de decembro, pola que se establecen medidas de loita contra a morosidade nas operacións comerciais, esta última en relación co artigo 216 do Texto Refundido da Lei de Contratos do Sector Público, aprobado polo Real Decreto Lexislativo 3/2011, de 14 de novembro.*

*En consecuencia co anterior, é de obrigado cumprimento para os servizos xestores, tramitar as operacións que afecten ao cumprimento dos obxectivos previstos na Lei Orgánica 2/2012, dentro do ano 2016, sen excepción algunha.*

*En cumprimento do regulamentado na Disposición Adicional Sexta das Bases de Execución do Orzamento para o ano 2016, antes de empezar o mes de novembro, a Concellería Delegada de Orzamentos e Facenda, dará a coñecer á Xunta de Goberno Local, as normas e prazos de tramitación e peche daqueles expedientes ou operacións que afecten ao orzamento (tramitación de facturas, fondos a xustificar e rendición dos mesmos, expedientes de indemnizacións substitutivas, devolución de ingresos indebidos, anulación de dereitos, tramitación de fases contables, etc.), coa finalidade de garantir o cumprimento dos prazos legais de peche e liquidación dos orzamentos.*

*Na súa virtude, se dispoñen as seguintes normas:*

#### *Tramitación de expedientes de contratos menores*

*A solicitude de retencións de crédito para a tramitación posterior de facturas dentro do exercicio orzamentario efectuarase ata o día 28 de decembro. Esta data hai que entendela de entrada na unidade de Contabilidade, sempre que se expida o documento contable nesa data. Aquelas retencións de crédito que se rexistrasen e que non fosen obxecto da tramitación da correspondente factura dentro do exercicio económico, quedarán anuladas ao peche do exercicio. Así mesmo, na tramitación destes expedientes se suxeitarán á tramitación electrónica actualmente en vigor, debendo estar asinados electronicamente nas devanditas datas.*

*En todo caso, tendo en conta a obriga de tramitación da factura electrónica para os suxeitos regulados no artigo 4 da Lei 25/2013, na tramitación do expediente terase en conta tal circunstancia, debendo estar rexistrada e verificada polo servizo correspondente a factura na plataforma FACe-Punto Xeral de Entrada de Facturas Electrónicas dentro do ano 2016.*

*En consecuencia co anterior, sendo o prazo límite o do 28 de decembro, será o servizo xestor do expediente, que en atención ao cumprimento dos requisitos legais, estableza un prazo anterior, sendo obrigatoria a imputación do gasto (fase O), dentro do exercicio 2016.*

#### *Tramitación de documentos contables de autorización e compromiso do gasto*

*Os expedientes que previa aprobación polo órgano competente, requiran a expedición dos documentos contables en fase D, AD, terán como data límite de entrada en Contabilidade o día 30 de decembro. As unidades-servizos xestores, extremarán as accións de seguimento dos expedientes que lle afecten e que son obxecto de adxudicación nas derradeiras sesións da Xunta de Goberno Local, para a súa remisión á Unidade de Contabilidade dentro do ano e coa data límite establecida para a súa contabilización.*

Se non se remitise o expediente fisicamente, ao menos haberá que facelo telematicamente, e posterior entrega física do expediente ou expedientes en cuestión.

De non o facer, no se expedirá a fase contable preceptiva, polo que, o gasto non terá a súa imputación ao orzamento do ano 2016, xa que un expediente que electronicamente se envíe ao servizo de Contabilidade con data 2017, non se poderá contabilizar con data 2016.

#### Fondos a xustificar

Os fondos expedidos a xustificar con cargo ao orzamento corrente tramitaranse ata o día 28 de decembro, debéndose ter en conta os prazos para a súa rendición que se regulan na instrución de servizo 01/2006, de 24 de novembro. As contas deberán estar rendidas antes do peche do exercicio orzamentario, e dicir, con data límite 30 de decembro, ou hábil anterior, seguindo os procedementos rexistrados que lle corresponde efectuar ao habilitado/a. A xustificación da rendición da conta dentro do ano, é a necesidade legal de incorporar os saldos das contas restrinxidas de pagos a xustificar ás contas operativas, de tal xeito que, o saldo líquido este incluído na Acta de Arqueo de final de ano. En consecuencia, calesqueira que sexa o importe dos fondos pendentes de xustificar en poder do habilitado/a e o prazo que levan na conta restrinxida de habilitación, o prazo de rendición é con data límite o 30 de decembro.

Sen excepción algunha, os pagamentos que deran lugar a algunha retención deberán renderse dentro do ano, para poder ingresalos na Axencia Tributaria na liquidación anual, sendo responsabilidade exclusiva do habilitado, a situación xerada pola retención dun importe no ano e non contabilizado para o seu ingreso dentro das liquidacións fiscais do período.

Todas as contas restrinxidas dos habilitados/as deberán quedar con saldo CERO a finais do ano. Se nalgunha delas houberse algún rendemento financeiro, deberán darse instrucións á entidade financeira para que os traslade ás contas operativas da Entidade antes de rematar o ano.

Os Habilitados/as comprobarán que a súa conta contable non rexistra un saldo impropio (acredor), xa que neste caso, é probable que se estivesen a aplicar pagos á conta da que son responsables, estando os fondos ingresados noutra, ou (saldo debedor cando debería ser Cero), neste caso, pode que se estivesen aplicando os pagamentos á conta doutro habilitado/a.

Para coñecer cales son os erros habituais no tratamento dos fondos a xustificar, deberase ter e conta as instrucións remitidas a todo-los habilitados/as en data 28 de febreiro de 2008.

En relación coas verificacións dos saldos, estarase as normas do Servizo de Contabilidade de data 27 de febreiro de 2008, remitidas aos Sres. Habilitados.

#### Tramitación de Facturas

Respecto da tramitación de facturas para seu control e contabilización en Fase de execución orzamentaria "O" ou "ADO", recibiranse para a súa imputación ao orzamento corrente ata o día 30 de decembro. Enténdese esta data como límite para que esta Unidade Administrativa de Contabilidade reciba nas súas dependencias os citados documentos. Os citados documentos mercantís ou aqueles que os substitúan e que poidan xerar obrigas para o Concello, se remitirán coa preceptiva documentación acreditativa da prestación e cos demais requisitos que regulan as Bases de Execución do Orzamento (Base 18ª e 19ª) e o Real Decreto 1619/2012.

As unidades xestoras, aos efectos de dar cumprimento ao previsto na Lei Orgánica 2/2012, ademais de non perder os créditos, tramitarán as facturas dentro do vixente ano orzamentario (incluídas as prestacións correspondentes aos contratos ata o mes de decembro inclusive). Coa excepción aplicable a determinados investimentos que teñen o seu financiamento afectado, non hai excepcións á tramitación das facturas dentro do ano 2016.

Para os contratos de tracto sucesivo, a prestadora ou subministradora, emitirá a factura igualmente dentro do ano 2016, as diferenzas ou desconformidade con algún dos conceptos contidos na mesma, serán obxecto de regularización na factura de xaneiro do ano 2017. Con respecto a este extremo, con esta mesma data se da a coñecer unha circular sobre o tratamento específico das facturas no mes de decembro.

Polo tanto, en aplicación do principio de Devengo, as unidades xestoras deberán artellar os procesos para tramitar toda as facturas que se correspondan con gastos de prestacións de servizos, subministro ou obras dentro do vixente ano e ata o 30 de decembro.

A tramitación da factura comprende a fase Rexistrada (R) cando se produce a descarga do documento da plataforma FACe, co número de rexistro do punto de entrada ou cando se produce a anotación no Rexistro Xeral, enviada ao servizo xestor para a súa conformidade ou desconformidade (E), Devolución da mesma por desconformidade (D), Anulada polo provedor (A), Verificada de conformidade (V), polo que a data 30 de decembro, tan só pode estar en estado de Anulada (A), Devolta (D) ou conformada (V). Cando se produza unha devolución, hai que comunicar tal circunstancia ao servizo de Contabilidade aos efectos de facer o preceptivo rexistro da devolución na plataforma FACe, debendo figurar no expediente, a causa e a Resolución do Sr. Concelleiro Delegado.

Non poderá quedar factura algunha sen tramitar. A totalidade dos gastos nos que se houbese incorrido no ano, deberán ter a súa imputación ao orzamento do ano 2016, sen excepción algunha.

De non darse cumprimento a esta instrución, estaríase a incumprir un dos instrumentos legais básicos no ámbito do Sector Público, a Lei de Estabilidade Orzamentaria e Sustentabilidade Financeira.

Os responsables da sinatura de conformidade do servizo, subministro ou obra, ao obxecto de dar cumprimento aos prazos de pagamento (30 días dende a súa aprobación), disporán de cinco días naturais a partires da entrada na plataforma FACe-Punto Xeral de Entrada de Facturas Electrónicas da Administración Xeral do Estado ou no Rexistro Xeral se fose o caso, para dar conformidade a factura e remitir a mesma para súa fiscalización. En ausencia do responsable, deberase informar quen é o responsable da sinatura. O devandito prazo, non é ampliable en ningunha circunstancia. Si a factura non é correcta, deberase informar motivadamente sobre a desconformidade, e cunha resolución do Sr/a. Concelleira/o Delegado/a, deberase dar de baixa no módulo de tramitación de expedientes e comunicar á unidade de Contabilidade para cambiar o estado da mesma no rexistro contable de facturas e que poña en coñecemento da plataforma FACe tal circunstancia, neste caso, de devolución da factura.

Os responsables do servizo, terán que solicitar dos provedores-contratistas, que remitan a factura dentro do ano, e antes de rematar a xornada do día 30 de decembro, debendo quedar a factura en algún dos estados antes relacionados.

Xustificantes e rendición de subvencións

As subvencións que as súas Bases e convocatoria contemplan a xustificación das mesmas dentro do exercicio, deberán ser remitidas para a súa comprobación con data límite o día 9 de decembro, aos efectos de subsanar dentro do exercicio calquera defecto na documentación recibida, ben porque os documentos xustificativos non son axeitados ou suficientes, ou por algún incumprimento das Bases e convocatoria das subvencións.

Os responsables das unidades e servizos xestores das axudas e subvencións, tramitarán as xustificacións das mesmas tendo en conta os requisitos establecidos e aprobados para cada caso, sendo da súa responsabilidade ou da/o beneficiario o incumprimento de prazos e defectos na documentación presentada para a xustificación das subvencións.

En todo caso, se a xustificación está prevista no ano, como é o caso de todas as tramitadas, deberán achegarse os xustificantes, en caso contrario, perderán o dereito a mesma.

Se a xustificación non é completa, expedirase a orde de pago exclusivamente pola contía que fose aceptada como xustificativa da mesma. O xefe do servizo, na súa comprobación, emitirá un informe na que faga constar que a documentación recibida non se axusta ás Bases e convocatoria, polo que, propón a tramitación do importe pola documentación aceptada como gasto elixible.

Todas as subvencións outorgadas no ano que non fosen xustificadas dentro do ano, perderán o dereito sobre as mesmas, situación que xa está regulamentada nas Bases de Execución do Orzamento (Base 38ª).

#### *Indemnizacións substitutivas*

A tramitación dos expedientes que conteñan procedementos de indemnización substitutiva por actuacións sen procedemento ou omisión de trámites, recibiranse para a súa fiscalización e expedición de documento contable "RC" ata o día 5 de decembro, sempre e cando a unidade xestora do expediente, teña capacidade-posibilidade para incluír o asunto na orde do día da Xunta de Goberno Local dentro do ano no que se está a tramitar o expediente, e ademais, con posterioridade ao acordo da Xunta de Goberno, terá que remitirse ao servizo de Contabilidade o expediente, antes do 30 de decembro para a contabilización da Fase ADO, xa que esta é a data límite para efectuar este tipo de operacións (contabilización de facturas), que deberá quedar en fase de ordenación de pago para o seu pagamento en xaneiro do ano 2017.

Os expedientes deste tipo, formaranse e seguirán os procedementos regulados na Base 28ª das de Execución do Orzamento e a Instrución 1/2000, debendo estar completos e en condicións formais e legais de ser tramitados, en caso de non concorrer tal circunstancia, a unidade xestora responsabilizarase do expediente e tramitará, se fose o caso, o mesmo con cargo o exercicio orzamentario seguinte, sempre tendo en conta, que no ano seguinte, a cualificación xurídica do expediente sería outra.

Neste caso, ao existir facturas ou gastos que deberían estar imputados ao orzamento do ano 2016 e non o fixeron, deberá acreditarse esta circunstancia ao Servizo de Contabilidade aos efectos de facer o axuste correspondente sobre gastos devengados non imputados ao orzamento, que terán efectos sobre a estabilidade orzamentaria e sobre o cumprimento da Regra de Gasto, así como sobre o Período Medio de Pagos e morosidade comercial, xa que hai documentos mercantís rexistrados que quedarían contabilizados na Conta 413 que non estarían imputados ao orzamento sobre os que están a transcorrer os prazos legais de pagamento, que poderían dar lugar a que non se cumpriran os prazos de pago.

*Devolución de ingresos indebidos con cargo ao orzamento ou por ingresos duplicados ou excesivos*

*Os expedientes por devolución de ingresos indebidos, tanto de carácter orzamentario como non orzamentario, aprobados no ano, remitiranse ao servizo de Contabilidade para a súa contabilización con data límite 9 de decembro. Aqueles que tivesen aprobación no ano natural, pero non fosen tramitados ao servizo de Contabilidade para o seu rexistro contable dentro do ano, remitiranse para a súa contabilización con data 2017. En ningún caso quedarán os expedientes con cargo ao Servizo de Contabilidade se non fosen tramitados dentro da data límite que se establece, sendo a unidade xestora do expediente a custodiadora do mesmo ata que se realice a nova remisión.*

*En relación coas Ordes e pago por devolución de ingresos indebidos, tendo en conta a problemática que xorde para o seu pago no ano seguinte, deberase facer o pagamento das mesmas dentro do ano que se expiden. Contabilidade deberá enviar para Tesourería as ordes de pago por devolución de ingresos indebidos con data límite do 22 de decembro e Tesourería facer o pagamento dentro do ano 2016.*

*Baixas por anulación de dereitos de exercicio corrente ou pechado. Dereitos cancelados por insolvencias, ou outras causas de exercicio corrente ou pechado.*

*Os expedientes por anulación de liquidacións, tanto de orzamento corrente como pechados, que houberen sido fiscalizados e aprobados no ano, remitiranse ao servizo de Contabilidade para a súa contabilización con data límite 20 de decembro.*

*Os expedientes que se tramiten para a súa fiscalización e aprobación, que se pretenda a súa contabilización dentro do ano 2016, deberán ser remitidos, con data límite 12 de decembro, sempre e cando, a unidade xestora do expediente (Xestión tributaria, Inspección, Seguridade, Recadación), remita o expediente para a súa contabilización antes do día 20 de decembro.*

*Aqueles expedientes que tivesen aprobación no ano natural, pero non fosen enviados ao Servizo de Contabilidade para o seu rexistro contable dentro do ano, coa data límite de 20 de decembro, remitiranse para a súa contabilización con data 2017. En ningún caso quedarán os expedientes con cargo ao servizo de Contabilidade se non fosen tramitados dentro da data límite que se establece, sendo a unidade xestora do expediente a custodiadora do mesmo ata que se realice a nova remisión.*

*O servizo de recadación deberá extremar as cautelas, de tal xeito que se se rexistran baixas en GTWIN correspondente aos acordos adoptados e non se envía o expediente para a súa contabilización na data límite do 20 de decembro, producirase unha falta de conciliación entre os sistema SICAP e GTWIN, que xerará unha tarefa en GTWIN de cambio de data dos recibos cargados e non contabilizados en SICAP.*

*Para garantir que os servizos implicados rexistran as operacións dentro do mesmo exercicio, deberán comunicar con anterioridade ao rexistro contable/recadación a súa preferencia.*

*Rexistro e contabilización de dereitos*

*O servizo de Contabilidade e o de Recadación, verificarán que todos os acordos adoptados, así como as modificacións orzamentarias tramitadas e contabilizadas, teñen o seu preceptivo cargo en recadación, de tal xeito que estea garantida que a información nos distintos módulos é coherente.*

### *Tramitación de expedientes de Inspección e de xestión por revisión de autoliquidación do ICIO*

*Aos efectos de imputar ao orzamento de ingresos as propostas de aprobación por actas de inspección e de revisión das autoliquidacións do ICIO, os expedientes terán que cargarse en Contabilidade e en Recadación con data límite 9 de decembro. Os expedientes con proposta de liquidación e aprobación por órgano competente, serán obxecto de tramitación no ano 2017 e a súa imputación será ao estado de ingresos do 2017.*

### *Tramitación de aprazamentos e fraccionamentos*

*Aos efectos de reservar a última semana do ano para as operacións de comprobación e rectificación, as propostas de aceptación de aprazamento e fraccionamento solicitados, serán tramitadas con data límite do 15 de decembro, e a súa contabilización deberá estar rexistrada con data límite do 30 de decembro.*

### *Aplicación da Recadación*

*Aos efectos de garantir que a información correspondente ao cuarto trimestre que hai que render ao Ministerio de Facenda e Administracións Públicas, este operativa e utilizable, os servizos de Recadación e Contabilidade desenvolverán as súas tarefas e axustes técnicos para que todos os ingresos do ano 2016, calquera que sexa a súa cualificación, estean aplicados dentro dos primeiros 15 días do ano 2017, data límite.*

### *Contabilización de Facturas*

*Tendo en conta o prazo máximo de entrada das facturas no servizo de Contabilidade (30 de decembro), aos efectos de completar e render a información na plataforma do MINHAP correspondente ao catro trimestre, este servizo fará a contabilización de todos os documentos xeradores de obrigas nos primeiros 15 días do ano 2017, facendo a planificación das tarefas, axuste de calendario e medios para dar cumprimento ao obxectivo.*

### *Anulación de créditos no estado de gastos*

*Unha vez feitas todas as operacións e, en aplicación do previsto no artigo 175 do Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, os créditos para gastos que o último día do exercicio orzamentario non estean afectos ao cumprimento de obrigas xa recoñecidas, quedarán anulados de pleno dereito, sen máis excepcións que as sinaladas no artigo 182 do TRLRFL.*

*Así mesmo, os créditos orzamentarios que fosen obxecto de financiamento con cargo ao Remanente Líquido de Tesourería, que xa fosen incorporados ao orzamento do ano 2016, non poderán ser incorporados de novo ao orzamento do ano 2017 se non se executaron no transcurso do ano 2016.*

*Recordar igualmente, que os Créditos Extraordinarios e Suplementos de Crédito tramitados no ano 2016, teñen que ao menos chegar a Fase contable "D" dentro do ano, en caso contrario, en aplicación do apartado 2 da Base 8ª das de Execución do Orzamento, non serán incorporables como remanentes de crédito ao Orzamento do ano 2017.*

*En relación aos créditos afectos a contratos, salvo as excepcións previstas para os investimentos, deberán ser obxecto de execución no ano, de non ser así, as devanditas facturas imputaranse aos orzamentos do ano 2017. En consecuencia, os servizos xestores velarán pola tramitación das facturas en prazo, sempre dentro do ano 2016.*

*En resumo, os créditos dos capítulos I, II, III, IV, VI, VII e IX que non estean asociados a obrigas recoñecidas, quedarán anulados ao peche do exercicio, ao marxe da fase orzamentaria na que se atopen os créditos.*

#### *Excepcións:*

*Que teñan financiamento afectado, nese caso, se incorporarán como unha modificación orzamentaria ao orzamento do ano 2017 unha vez que se liquide o orzamento do ano 2016. En todo caso, teñen que ter alcanzado a fase de compromiso do gasto.*

*Os servizos xestores do expediente de gasto, remitirán unha solicitude coa conformidade do Sr. Concelleiro Delegado, para a incorporación dos créditos, cando estes teñan a cualificación de afectados.*

*De igual xeito, esta condición tamén afecta aos proxectos financiados co superávit do ano 2015, que se atopen ao peche do exercicio en fase de compromiso de gasto (D).*

*Os servizos xestores, dando cumprimento as normas internas vixentes, tramitarán as facturas que reciban dentro dos 5 días seguintes ao da súa recepción.*

#### *Anulación de RCs, As, As/RCs nos proxectos de investimento.*

*Aos efectos de que non se produzan coeficientes de financiamento afectado erróneos nos proxectos, aquelas operacións que non vaian ser traspasadas ao ano seguinte, deberán ser obxecto de baixa, mediante a anulación da retención de crédito e da autorización se fose o caso, e facer as operacións MODPYGDI e MODPYIDI pola contía anulada. Se os proxectos non teñen financiamento afectado, non será necesario facer os axustes.*

#### *Pagamentos*

*Aos efectos de dar cumprimento aos prazos de pagamento previstos no artigo 216 do Texto refundido da Lei de Contratos do Sector Público, aprobado polo Real Decreto Lexislativo 3/2011, de 14 de novembro e o contido do Real Decreto 635/2014, de 25 de xullo, os servizos xestores conformarán e tramitarán as facturas que reciban nos cinco días seguintes a súa recepción.*

*De non ser conforme a mesma, no mesmo prazo, informarán a desconformidade e proporán ao seu Concelleiro/a Delegada/a a súa devolución, facendo a notificación á mercantil titular do dereito de cobro, facendo constar na proposta de anulación e na resolución, os recursos aos que ten dereito, prazos e lugar de presentación.*

*Se a factura foi presentarse na plataforma FACe-Punto Xeral de Entrada de Facturas Electrónicas da Administración Xeral do Estado, se a mesma non é correcta, deberase informar motivadamente sobre a desconformidade, e cunha resolución do Sr/a. Concelleira/o Delegado, deberase dar de baixa no módulo de tramitación de expedientes e comunicar á unidade de Contabilidade tal circunstancia para cambiar o estado da mesma no rexistro contable de facturas (Devolución da mesma por desconformidade (Estado D)) e que poña en coñecemento da plataforma FACe tal circunstancia, neste caso, de devolución da factura.*

*Pola Tesourería-Pagos, axustaranse os procedementos de pagamento coa máxima brevidade posible, aos efectos de facer o máximo de pagamentos dentro do ano, tendo como obxectivo, reducir os saldos de créditos comerciais con provedores a finais do exercicio e mellorar o prazo medio de pagamento.*

#### *Operacións rexistradas en formalización*

*As operacións en formalización rexistradas contra calquera das divisionarias da conta 557, terán que quedar saldadas a 30 de decembro, sen excepción algunha, polo tanto, os responsables que teñan ao seu cargo a contabilización de operacións con cargo a este tipo de contas, verificarán o cumprimento deste extremo.*

*No caso de retencións por incumprimento da xornada laboral, o seu saldo aplicarase ao orzamento de ingresos, cunha operación DR-I cuxo ingreso será mediante un cargo na conta contable 5572.*

*En canto aos pagos agrupados, se non se vai materializar o pago dentro do ano 2016, non procede facer este rexistro, e o mesmo farase con cargo ao ano 2017.*

*Verificarase igualmente que non queda saldo na conta contable 5576, para iso verificarase que todas as operacións rexistradas no ano por ADOPRPN, PAGONOM e RETRONOM e si fose o caso RPNOM, están saldadas. De existir saldos de exercicios pechados, hai que investigar a procedencia e terá que ser saldada con outra conta, que por erro foi cargada ou abonada na substitución de esta (antes 579).*

*Sempre que se rexistre unha operación na que a conta 557 teña cargos ou abonos, comprobarase que a operación queda totalmente pechada.*

*O tratamento destas contas ten que ser moi rigoroso, xa que o Tribunal de Contas, na rendición da Conta Xeral de cada no, está a tipificar esta situación como incidencia a subsanar, por estar a alterar os saldos das contas de tesourería.*

*En consecuencia co anterior, cada un que faga uso de estas contas, terá ata o 30 de decembro para regularizar os saldos.*

#### *Ingresos pendentes de aplicación*

*En canto ao saldo de recadación pendente de aplicación ao peche do exercicio, xera efectos negativos nas seguintes variables e estados: Estabilidade orzamentaria, Remanente de Tesourería, Aforo Neto, Endebemento e ratio de recadación orzamentario. Dada a importancia que este saldo pode ter a finais do exercicio, deberá ser un obxectivo da Tesourería-Recadación, o de facer a aplicación de todos ingresos aos conceptos orzamentarios do orzamento corrente ou pechados segundo o caso, debendo xustificarse os supostos polos que non é posible a aplicación na súa totalidade.*

*O O.A XMU, terán aplicado a totalidade dos ingresos recadados.*

#### *Gastos polos cargos Seguridade Social a cargo do empregador do mes de decembro*

*A obriga de informar da totalidade da xestión orzamentaria e non orzamentaria ao MINHAP dentro do mes de xaneiro, establécense uns prazos para a tramitación e contabilización das facturas, fases contables, recoñecemento de dereitos, aplicación de ingresos, devolución de ingresos indebidos, anulacións e baixas de dereitos, no entanto, un dos gastos orzamentarios importantes ao remate do ano son os gastos da seguridade social a cargo do*

*empregador do mes de decembro, cuxo coñecemento non se ten ao remate do ano, sendo necesario establecer unha data para facer a contabilización deste gasto. En consecuencia, unha vez pechada a nómina do mes de decembro, farase a carga da seguridade social de decembro máis a regularización do mes de novembro, fíxase a data límite do 15 de xaneiro 2017 para a contabilización do gasto de seguridade social do mes de decembro do ano 2016. Naqueles casos que non se teña a carga mediante un ficheiro, se incorporarán a información manualmente, sempre dentro desa data límite.*

*A regularización do mes de decembro se fará na carga da seguridade social do mes de xaneiro.*

*A carga do custe do mes de decembro seguirá o procedemento previsto, do que ten coñecemento o responsable da contabilización do capítulo I, sendo a carga unha vez que se faga a correspondente á nómina, polo tanto, unha vez que se faga a imputación e carga dos seguros sociais do mes de decembro a cargo do empregador, tamén se cargará a regularización do mes de novembro.*

*En canto a regularización do mes de decembro, esta farase no mes de xaneiro, unha vez que se cargue a seguridade social de xaneiro, cargarse a regularización do mes de decembro.*

*Ten en conta a modificación da Lei 34/2014, de 26 de decembro, de medidas en materia de liquidación e ingreso de cotas da Seguridade Social, establecendo a entrada en vigor do novo Sistema de Liquidación Directa para o mes de xaneiro de 2017, aínda que en proba en paralelo no último trimestre do ano 2016, cabe a posibilidade de ter a liquidación con anterioridade á data do 15 de xaneiro de 2017.*

#### *Anticipos feitos ao persoal*

*Polos servizos técnicos que teñen ao seu cargo a contabilización dos anticipos ao persoal, verificarase que a contía das obrigas que figura na aplicación do orzamento de gastos é coincidente cos dereitos recoñecidos no concepto de ingresos.*

*Así mesmo comprobarase que non existe dereitos pendentes de ingreso por un período que supere as 24 mensualidades, de tal xeito que unha vez aplicados os reintegros do mes de decembro, non poderán quedar pendentes de reintegro os concedidos no ano 2014.*

*Para aqueles supostos de anticipos que están pendentes de reintegro, iniciarase o preceptivo expediente conducente á regularización dos saldos.*

#### *Notificación*

*Dese conta destas instrucións a todos os Sres. Concelleiros/as Delegados/as aos efectos da súa comunicación aos Xefes/as de servizo das áreas da súa responsabilidade, Intervención, Secretaría, Asesoría Xurídica, Contratación, Recursos humanos, Contabilidade, Tesourería, Recadación Voluntaria e Executiva, Inspección, Dirección de ingresos e Xerencia Municipal de Urbanismo.*

*No entanto o anterior, estas normas de peche do exercicio orzamentario, xuntamente co oficio relativo á tramitación de facturas do mes de decembro, serán incorporadas a intranet para xeral coñecemento de todos os interesados."*

A Xunta de Goberno Local queda informada.

**5(1063).- RELACIÓN DE CONTRATOS MENORES TRAMITADOS DENDE XANEIRO A XUÑO 2016. EXPTE. 11840/306.**

Dáse conta do Informe-proposta do 28/10/16, asinado polo xefe do Servizo de Medio Ambiente, Sanidade e Consumo e a concelleira de Medio Ambiente e Vida Saudable:

*“Co fin de dar cumprimento ao establecido na base 31.<sup>a</sup> das Bases de execución do vixente orzamento do Concello de Vigo e o acordo de delegación de competencias nos concelleiros de área da Xunta de Goberno Local de data 19 de xuño de 2015 (BOE 14/07/2015), faise a seguinte*

**PROPOSTA:**

*Dar conta á Xunta de Goberno Local dos expedientes de contratación tramitados polo réxime de gasto menor no servizo de Medio Ambiente, Sanidade, Consumo e Vigozoo autorizados pola concelleira delegada de Medio Ambiente e Vida Saudable de xaneiro a xuño de 2016.*

EXPTE.	TIPO	ASUNTO	ADXUDICATARIO	IMPORTE
7124/612	SERVIZO	SERVIZO DE CARGA DE EXTINTORES	EXTINTORES CESIN,S.L.	434,63 €
7125/612	SUBMINISTRO	SUBMINISTRO DE CARTEIS INFORMATIVOS E MATERIAL IMPRESO	XENÉRICO	3.000,00 €
7126/612	SUBMINISTRO	SUBMINISTRO DE GRILLOS, TENEBRIOS E ZOPHOBAS 1º SEMESTRE	GEMMA LLACER ELENA	760,74 €
7127/612	SUBMINISTRO	SUBMINISTRO DE 1000 KILOS DE POLO PARA 1º SEMESTRE	COREN S.A.	1.707,20 €
7128/612	SUBMINISTRO	SUBMINISTRO DE DESPIECE DE POLO "B" E COELLO 1º SEMESTRE	LAGO, AVES, HUEVOS Y CAZA, S.L.	2.791,80 €
7130/612	SUBMINISTRO	SUBMINISTRO DE ALIMENTOS PARA DIETAS DO NOCTURAMA 1º SEMESTRE	XENÉRICO	1.400,00 €
7131/612	SUBMINISTRO	SUBMINISTRO DE FRUTA PARA 1º SEMESTRE	FRUTAS NIEVES	8.634,55 €
7133/612	SUBMINISTRO	SUBMINISTRO DE COELLO, RATON E RATA PARA O 1º SEMESTRE DO ANO	XARALEIRA, S.L.	724,17 €
7134/612	SERVIZO	SERVIZO DE LIMPEZA PARA O PERIODO MARZO - XUÑO 2016	LIMPIEZAS LEI, S.L.	18.073,33 €

EXPTE.	TIPO	ASUNTO	ADJUDICATARIO	IMPORTE
7135/612	SERVIZO	SERVIZO DE MANTENEMENDO DO EXOTARIUM PARA 1º SEMESTRE	DIEGO BALLESTEROS PEINADO	12.100,00 €
7136/612	SERVIZO	SERVIZO MANTEMENTO PROGRAMA TAQUILLA	IAGO COLÓN MEJERAS	3.500,00 €
7137/612	SUBMINISTRO	SUBMINISTRO DE RODAS PARA COCHE ELÉCTRICO	NEUMÁTICOS BERBÉS	175,04 €
7138/612	SERVIZO	SERVIZO DE RECOOLIDA DE RESIDUOS VARIOS	TOCA SALGADO, S.L.	7.440,00 €
7140/612	SERVIZO	SERVIZO DE MANTENEMENDO DO ASCENSOR	ASCENSORES ENOR, S.L.	1.245,09 €
7141/612	SUBMINISTRO	SUBMINISTRO DE MATERIAL DE LAVANDERIA Y LIMPIEZA	DARLIM, S.L.	1.891,93 €
7143/612	SUBMINISTRO	SUBMINISTRO DE MEDICAMENTOS PARA REPOSICIÓN DE BOTIQUINS	GENEROSO ÁLVAREZ LEAL	304,20 €
7146/612	SERVICIO	SERVICIO DE BIOPSIAS PARA FAUNA SILVESTRE	FUNDACIÓN ROF CODINA	1.008,41 €
7147/612	SUBMINISTRO	SUBMINISTRO DE MATERIAL DE FERRETERÍA	XENÉRICO	12.000,00 €
7149/612	SERVICIO	SERVICIO DE COPIAS DE FOTOCOPIADORA	DOCUMENTACIÓN E IMAGEN S.L. ``DIN``	1.000,00 €
7150/612	SERVICIO	SERVICIO DE MANTENIMIENTO DE LAS INSTALACIONES DE CLIMATIZACIÓN	VEOLIA SERVICIO NORTE S.A.U.	1.295,43 €
7152/612	SUBMINISTRO	SUBMINISTRO DE MATERIAL TÉCNICO PARA LAS INSTALACIONES DEL EXOTARIUM.	XENÉRICO	3.650,00 €
7157/612	SUBMINISTRO	SUBMINISTRO DE CARNE EQUINA PARA ALIMENTO DE LA FAUNA	MARÍA CELIA FERNÁNDEZ FAILDE	6.776,68 €
7158/612	SUBMINISTRO	SUBMINISTRO DE MATERIAL DE REPUESTO PARA VEHÍCULO ELÉCTRICO	HERDASIL S.L.	700,35 €

EXPTE.	TIPO	ASUNTO	ADXUDICATARIO	IMPORTE
7160/612	SERVICIO	SERVIZO DE ATENCIÓN E CONTROL DO PÚBLICO DE ABRIL-AGOSTO.	EULEN S.A.	20.280,15 €
7162/612	SUBMINISTRO	SUBMINISTRO DE PORTARROLLOS Y DOSIFICADORES PARA ASEOS	DARLIM, S.L.	177,79 €
7166/612	SUBMINISTRO	SUBMINISTRO DE TONERS PARA IMPRESORAS.	CARLINGAL S.L.	1.553,49 €
7169/612	SERVICIO	SERVICIO DE MENSAJERÍA EN VIGOZOO	XENÉRICO	800,00 €
7175/612	SUBMINISTRO	ADQUISICIÓN DE MEDICAMENTOS DE FARMACIA PARA USO ANIMAL	GENEROSO ÁLVAREZ LEAL	779,63 €
7176/612	SUBMINISTRO	SUBMINISTRO DE BOMBA CIRCULADOR PARA INSTALACIÓN EN RECINTO LEMURES DE VIGOZOO.	SERVITEGA S.L.	205,10 €
7177/612	SUBMINISTRO	SUBMINISTRO DE DIVERSAS PRANTAS PARA A INSTALACIÓN DO MARIPOSARIO DE VIGOZOO.	CASAPLANTA S.L.	521,98 €
7185/612	SUBMINISTRO	SUBMINISTRO DE ALIMENTO (MYSIS E ARTEMIA) PARA OS CABALIÑOS DE MAR	AQUA ZOO S.L.	411,40 €
7186/612	SUBMINISTRO	SUBMINISTRO DE ALUGUER DUNHA PERFORADORA ELÉCTRICA.	XEALCO S.L.	240,11 €
7187/612	SUBMINISTRO	SUBMINISTRO DE TRES BOTELLAS DE OSIXENO, ACETILENO E ARGÓN	COMERCIL AMPHER S.L.	628,90 €
7200/612	SUBMINISTRO	SUBMINISTRO DE CARRO TRANSPORTAR T.-PV E SOPORTE MANECILLAS PARA A TAQUILLA DE VIGOZOO.	HERDASIL S.L.	454,96 €
7227/612	SERVIZOS	REPARACIÓNS DA SERRA DE COXELADOS	NOVOFRI S.A.	254,10 €
7243/612	SUBMINISTRO	SUBMINISTROS DE VESTIARIO PARA O DEPARTAMENTO DE EDUCACIÓN AMBIENTAL	EL CORTE INGLES S.A.	481,94 €
7245/612	SERVIZOS	SERVICIO DE PROBAS DIAGNÓSTICAS PARA TRATAMIENTO OSO PARDO	FUNDACIÓN ROF CODINA	801,55 €
7247/612	SUBMINISTRO	PRODUCTOS DE HIXIENE DO PERSOAL COIDADOR	DARLIM S.L.	563,51 €
7257/612	SERVIZOS	SERVICIO DE TRANSPORTE DE UN TIGRE DENDE BENIDORM	LUIS MANUEL LÓPEZ GONZÁLEZ "ZOO TRANS"	2.299,00 €
7268/612	SUBMINISTRO	SUBMINISTRO DE MATERIAL DE OBRA PARA CANALIZACIÓN	SILVINO FIGUEIREDO E HIJOS S.L.	1.102,03 €
7270/612	OBRA	ADAPTACIÓN E ACONDICIONAMENTO DO RECINTO DO ORYX	MONTEROMAN S.L.	20.921,08 €

EXPTE.	TIPO	ASUNTO	ADXUDICATARIO	IMPORTE
7272/612	SUBMINISTRO	SUBMINISTRO DE BOLBORETAS PARA INSTALACIÓN DO BOLBORETARIO	STRATFORD- UPON BUTTERFLY PARM	4.489,10 €
7273/612	SERVIZOS	SERVICIO DE PROXECTO MEDIOAMBIENTAL DIRIXIDO A COLEXIOS CON PERROS	RAMALLADAS S.L.	5.500,00 €
7274/612	SERVIZOS	SERVICIO DE MANTENIMIENTO DA PAXINA WEB DE VIGOZOO ( <a href="http://www.vigozoo.com">www.vigozoo.com</a> ).	VISUAL PUBLINET S.L.	360,00 €
7276/612	SUBMINISTRO	SUBMINISTRO DE VIRUTAS PARA COLOCACIÓN DE CAMAS	PÉREZ GROBA CARAMUXO S.L.	612,26 €
7277/612	SERVIZOS	SERVICIO DE ALUGUER DUN DUMPER	XEALCO S.L.	726,00 €
7280/612	SUBMINISTRO	SUBMINISTRO DE 2000 LITROS DE GASOIL PARA INSTALACIÓN LEMURES	CODISOIL S.L.	1.140,00 €
7281/612	OBRA	OBRA DE RETRANQUEO DE CABLES POR SENTENZA XUDICIAL	ACELEC INSTALACIONES ELECTRICAS S.L.	10.562,21 €
7294/612	SERVIZOS	SERVICIO DE REPARACIÓN DE MATERIAL AUDIOVISUAL.	EL CORTE INGLES S.A.	1.958,00 €
7295/612	SERVIZOS	SERVIZO DE ANALITICAS	LABORATORIOS IMMUNOVET S.L.	3.060,09 €
7297/612	SERVIZOS	SERVIZO DE REPARACIÓN DO ASCENSOR	ASCENSOR ENOR S.A.	66,62 €
7330/612	SERVIZOS	SERVIZO DE CATERING PARA DEPARTAMENTO EDUCACIÓN (ACTIVIDAD 7-8 MAIO)	OSCAR RODRÍGUEZ CAMPO	355,20 €
7355/612	SERVIZOS	SERVIZO DE REPARACIÓN NO CENTRO DE TRANSFORMACIÓN	ACELEC,S.L. (B36955763)	1.228,15 €
7360/612	SUBMINISTRO	SUBMINISTRO DE MEDICAMENTO PARA USO ANIMAL	GALENO,S.L. (B27203975)	342,69 €
7389/612	SERVIZOS	SERVIZO DE REDACCIÓN DAS ESPECIFICACIONES PARA A CONTRATACIÓN DE MANTENIMENTOS	FUNDACIÓN AXENCIA INTERMUNICIPAL DE ENERXÍA DE VIGO	1.210,00 €
7391/612	SERVIZOS	SERVIZO DE CATERING PARA DEPARTAMENTO DE EDUCACION (14-15 MAIO)	OSCAR RODRIGUEZ CAMPO (36044142Z)	588,30 €
7451/612	SUBMINISTRO	SUBMINISTRO DE PRANTAS PARA BOLBORETARIO	CASAPLANTA S.L.	496,98 €
7452/612	SUBMINISTRO	SUBMINISTRO DE MATERIAL DE OBRA PARA INSTALACIÓN DE LEONS	SILVINO FIGUEIREDO E HIJOS S.L.	994,98 €
7458/612	SUBMINISTRO	SUBMINISTRO DE TONER PARA IMPRESORAS PARA OFICINA	DOCUMENTACIÓN E IMAGEN DEL NOROESTE, S.L.	363,00 €

EXPTE.	TIPO	ASUNTO	ADXUDICATARIO	IMPORTE
7478/612	SUBMINISTRO	SUBMINISTRO DE VESTIARIO PARA DOUS COIDADORES	EL CORTE INGLES S.A. (A28017895)	731,89 €
7496/612	SERVIZOS	SERVIZO DE CATERING PARA QUEDADA 4-5 DE XUÑO DO DEPARTAMENTO DE EDUCACIÓN	OSCAR RODRIGUEZ CAMPO (36044142Z)	521,70 €
7550/612	SUBMINISTRO	SUBMINISTRO DE BOLBORETAS	DAVID BENIEITEZ LOPEZ "AVI-LANDIA"	4.997,30 €
7552/612	OBRA	OBRA DE PECHE PERIMETRAL DO RECINTO DAS SURICATAS	SERTRICON S.L. (B94078110)	5.541,80 €
7557/612	SERVIZOS	SERVIZO DE CATERING PARA OS DÍA 11-12 XUÑO PARA DEPARTAMENTO DE E	OSCAR RODRIGUEZ CAMPO (36044142Z)	399,60 €
7566/612	SUBMINISTRO	SUBMINISTRO DE MEDICAMENTOS PARA USO ANIMAL.	GALENO,S.L. (B27203975)	2.250,90 €
7568/612	SUBMINISTRO	SUBMINISTRO DE MECICAMENTOS PARA TRATAMENTO TIGRE	GENEROSO ÁLVAREZ LEAL	450,07 €
7627/612	SERVIZOS	SERVIZO DE CATERING PARA ACTIVIDADES DEPARTAMENTO EDUCACION 18- 19 XUÑO	OSCAR RODRIGUEZ CAMPO (36044142Z)	566,10 €
7628/612	SUBMINISTRO	SUBMINISTRO DE PONTÓNS VERMELLOS	MADERAS DEL NOROESTE, SL	740,04 €
7654/612	OBRA	OBRA DE INSTALACION DUNHA PISCINA DE POLIESTER	FERRETERÍA RINXELA, SLU	15.980,00 €
7713/612	SUBMINISTRO	SUBMINISTRO DE SIERRAS DE CINTA DE CORTE PARA MÁQUINA DE CONXELADOS	DELEGACIONES REUNIDAS NOVOFRI, S.A (A36608313)	338,80 €
7717/612	SERVIZOS	CONTRATO MENOR DE CATERING PARA OS DIAS 25,26/06 E 2,3/07	OSCAR RODRIGUEZ CAMPO (36044142Z)	1.076,70 €
11572/306	SERVIZOS	REPARACIÓN E CONSERVACIÓN DE BENS NATURALS	VARIOS	10.800,00 €
11574/306	SUBMINISTROS	MATERIAIS VARIOS REPARACIONES E MANTENIMENTO	VARIOS	12.000,00 €
11575/306	SUBMINISTROS	MATERIAL DE OFICINA NON INVENTARIABLE	VARIOS	500,00.-€
11576/306	SUBMINISTROS	ADQUISICIÓN DE MATERIAL INFORMÁTICO	VARIOS	500,00.-€
11833/306	SERVIZOS	ORGANIZACION E EXECUCION DO EVENTO "3ª ANDAINA POLOS MONTES DE VIGO	XERMOLO DINAMIZACION SOCIOCULTURAL, SL	21.767,90 €
11577/306	SUBMINISTROS	VESTIARIO	VARIOS	2.000,00 €

EXPTE.	TIPO	ASUNTO	ADXUDICATARIO	IMPORTE
11578/306	SUBMINISTROS	OUTRAS SUBMINISTRACIÓNS PARA O DEPARTAMENTO DE MEDIO AMBIENTE	VARIOS	18.000,00 €
11579/306	SERVIZOS	GASTOS DE ATENCIÓNS PROTOCOLARIAS	VARIOS	500,00.-€
11797/306	SERVIZOS	DIVULGACION PUBLICITARIA ACTIVIDADES CAMIÑO A CAMIÑO PORTA GCIENCIA	CIENCIA GALEGA INDUSTRIAIS CREATIVAS, S.L.	2.541,00 €
11849/306	SERVIZOS	CAMPAÑA PUBLICITARIA MEDIOS DE COMUNICACIÓN III ANDAINA POLOS MONTES DE VIGO	VARIOS	19.817,29 €
11582/306	SUBMINISTROS	MATERIAL PUBLICITARIO PARA ACTIVIDADES DE SENSIBILIZACIÓN MEIDOAMBIENTAL	VARIOS	5.000,00 €
11583/306	SERVIZOS	CUOTA DE AMUPARNA	AMUPARNA	901,52 €
11584/306	SERVIZOS	CUOTA REDE ESPAÑOLA CIDADES POLO CLIMA	FEDERACIÓN ESPAÑOLA DE MUNICIPIOS Y PROVINCIAS	300,00 €
11585/306	SERVIZOS	XESTIÓN DE RESIDUOS PERIGOSOS EN ZONAS PÚBLICAS	VARIOS	2.000,00 €
11589/306	SERVIZOS	XESTION DE ENTULLOS ATOPADOS EN ZONAS PUBLICAS NO TERMINO MUNICIPAL	VARIOS	8.000,00 €
11592/306	SERVIZOS	MANTEMENDO DO PROGRAMA CADNAA DO MAPA DE RUIDOS	DATAKUSTIK GMBH	1.599,00 €
11954/306	SERVIZOS	MANTEMENDO DO MAPA DE RUIDO DE VIGO: RUIDO INDUSTRIAL	SONEN, CENTRO DE ACÚSTICA E SERVIZOS DE TELECOMUNICACIONES, SL	17.848,00 €
11732/306	SERVIZOS	EXECUCIÓN DA ACTIVIDADE FORMATIVA EN VITICULTURA EN GALICIA	D. JUAN JOSÉ FIGUEROA TREUS	2.722,50 €
11839/306	SERVIZOS	EXECUCIÓN DA ACTIVIDADE FORMATIVA EN ALIMENTACIÓN SAUDABLE CON PRODUCTOS OBTIVOS DE FORMA SOSTIBLE MEDIOAMBIENTALMENTE	SHOWCOOLING, GASTRONOMÍA AL VACÍO, SL	1.753,29 €
11593/306	SERVIZOS	ELABORACIÓN DOS CARNÉS DE LICENZAS E INSCRICIÓNS DOS CANS POTENCIALMENTE PERIGOSOS	VARIOS	1.000,00 €
11747/306	SERVIZOS	ORGANIZACION E EXECUCIÓN DE ACTIVIDADES DE VOLUNTARIADO MEDIOAMBIENTAL E VISITAS DE DIVULGACIÓN DE VALORES NATURIAS NAS ILLAS CIES	XOMA INICIATIVAS SOCIAIS, SL	21.719,50 €
11731/306	SERVIZOS	TRANSPORTE TERRESTRE DOS USUARIOS PARA AS VISITAS POR ESPAZOS DE INTERESE MEDIOAMBIENTAL	AUTNA, SL	5.720,00 €
11754/306	SERVIZOS	ORGANIZACIÓN E EXECUCIÓN DA ACTIVIDADE DE SENSIBILIZACIÓN MEDIOAMBIENTAL "MONTES E SERRAS DE VIGO E COMARCA" DENTRO DO CAMIÑO A CAMIÑO	XERMOLO DINAMIZACIÓN SOCIOCULTURAL, SL	21.725,55 €
11834/306	SERVIZOS	PRESTACIÓN DOS SERVIZOS SANITARIOS CON MOTIVO DA 3ª ANDAINA POLOS MONTES DE VIGO	ESPASANI VIGO, SL	2.081,44 €

EXPTE.	TIPO	ASUNTO	ADXUDICATARIO	IMPORTE
11841/306	SERVIZOS	REPORTAXES FOTOGRÁFICAS, ELABORACIÓN DE VIDEOS E IMPRESIÓN DE TRÍPTICOS DAS RUTAS CAMIÑO A CAMIÑO	VARIOS	600,00 €
11594/306	SERVIZOS	RECOLLIDA E TRATAMENTO DE ANIMAIS MORTOS	VARIOS	1.000,00 €
11595/306	SERVIZOS	GASTOS CUSTODIA, SERVIZOS VETERINARIOS E ALIMENTACIÓN ANIMAIS ATOPADOS NAS VÍAS OU ZONAS PÚBLICAS OU DE TITULARIDADE MUNICIPAL	VARIOS	14.500,00 €
11677/306	SERVIZOS	MONITORADO HORTAS URBANAS DE CAMELIAS, FONTÁNS, RAMÓN NIETO, SARDOMELA, PEDRO ALVARADO E NAVIA	XERMOLO DINAMIZACIÓN SOCIOCULTURAL, S.L	21.743,70 €
11596/306	SUBMINISTROS	ADQUISICION DO O MATERIAL PRECISO PARA MANTEMENTO DOS AREAIS	VARIOS	10.000,00 €
11597/306	SERVIZOS	CONSERVACIÓN E REPARACIÓN DE MAQUINARIA EMPREGADA NOS TRABALLOS DE MANTEMENTO AREAIS	VARIOS	2.000,00 €
11915/306	SERVIZOS	ACTUALIZACIÓN QUINCENAL DA INFORMACIÓN SOBRE A CALIDADE DE AUGAS DE BAÑO DAS ZONAS HABILITADAS PARA O BAÑO NO CONCELLO DE VIGO	NOVOCONTORNO, SL	1.220,61 €
11939/306	SERVIZOS	COORDINACIÓN DOS SERVIZOS DE SALVAMENTO E SOCORRISMO NOS AREAIS DE VIGO	CARLOS VALES PORTO	16.500,00 €
11925/306	SERVIZOS	TRABALLOS DE COLOCACIÓN, MANTEMENTO E RETIRADA DE BALIZADO NAS PRAIAS DE VIGO	WORKSUB TRABAJOS SUBMARINOS, SL	16.500,00 €
14759/310	SERVIZOS	GASTOS PROTOCOLARIOS	VARIOS	500,00 €
14760/310	SERVIZOS	CUOTA REDE CIDADES SAUDABLES	FEDERACIÓN ESPAÑOLA DE MUNICIPIOS Y PROVINCIAS	3.000,00 €
14769/310	SERVIZOS	TERAPIA ASISTIDA POR CANS	RAMALLADAS, SL	19.800,00 €
14754/310	SERVIZOS	COORDINACIÓN DAS ACTIVIDADES SINTOMEBEN DO PLAN SAÚDE	CARLOS VALES PORTO	19.586,00 €
5060/302	SERVIZOS	ATENCIÓNS PROTOCOLARIAS	VARIOS	1.000,00 €
5059/302	SERVIZOS	SUBMINSITRACIÓN DE MATERIAL PUBLICITARIO DE ORIENTACIÓN E INFORMACIÓN AO CONSUMIDOR	VARIOS	9.000,00 €

A Xunta de Goberno Local queda informada.

**6(1064).- PROPOSTA DE APROBACIÓN DA CONTRATACIÓN DO SERVIZO DE VIXILANCIA DOS CENTROS MUNICIPAIS DE DISTRITOS E DAS SÚAS INSTALACIÓNS ANEXAS. EXPTE. 3401/321.**

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe xurídico do 30/16/16 e o informe de fiscalización do 27/10/16. Dáse conta do informe-proposta do 10/10/16, asinado polo xefe do Servizo de Participación e Atención Cidadá, polo concelleiro-delegado de Participación Cidadá e polo concelleiro de Orzamentos e Facenda, que di o seguinte:

#### *"NORMATIVA DE APLICACIÓN*

- 1.Real Decreto Lexislativo 3/2011, de 14 de novembro, polo que se aproba o texto refundido da Lei de Contratos do Sector Público (TRLCSF).*
- 2.Real Decreto 1098/2001, de 12 de outubro, polo que se aproba o Regulamento xeneral da Lei de contratos das administracións públicas (RLCAP).*
- 3.Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local (LBRL).*
- 4.Real Decreto - Lexislativo 781/1986, de 18 de abril, texto refundido das disposicións legais vixentes en materia de réxime local (TRRL).*
- 5.Lei 5/1997 de 22 de xullo de Administración Local de Galicia (LALGA).*

#### *ANTECEDENTES*

*Primeiro.- Mediante resolución de 10 de febreiro de 2016, o Concelleiro Delegado de Parques, Xardíns, Comercio, Participación Cidadá e Distritos, acordou iniciar o expediente de contratación dun servizo de VIXILANCIA DOS CENTROS MUNICIPAIS DE DISTRITOS DEPENDENTES DA CONCELLERÍA DE PARTICIPACIÓN CIDADÁ E DAS SÚAS INSTALACIÓNS ANEXAS*

*Segundo.- No expediente tramitado ao efecto consta a seguinte documentación:*

- a) Informe xustificativo da necesidade e idoneidade do contrato, asinado polo xefe de participación e atención cidadá o 10 de febreiro de 2016.*
- b) Orde de inicio de 10 de febreiro de 2016, o Concelleiro Delegado de Parques, Xardíns, Comercio, Participación Cidadá e Distritos.*
- c) Datos do persoal adscrito ao servizo de vixilancia que se está a prestar na actualidade co número de documento 160065596 (dous orixinais).*
- d) Prego de prescricións técnicas particulares do contrato, con data do 15 de xuño de 2016, asinado polo xefe de participación e atención cidadá .*
- e) Memoria xustificativa do contrato, co desglose dos criterios de valoración e resto de características esenciais do contrato, asinado o 15 de xuño de 2016 polo xefe de participación e atención cidadá, co conforme do concelleiro de Parques, Xardíns, Comercio, Participación Cidadá e Distritos.*
- f) Dilixencia de devolución do expediente para completar documentación de data 22 de xuño de 2016.*
- g) Informe solicitude de tramitación do expediente de data 5 de xullo de 2016, asinado polo xefe de participación e atención cidadá, co conforme do concelleiro de Parques, Xardíns, Comercio, Participación Cidadá e Distritos.*

- h) *Prego de prescricións técnicas particulares do contrato, con data do 5 de xullo de 2016, asinado polo xefe de participación e atención cidadá .*
- i) *Memoria xustificativa do contrato, co desglose dos criterios de valoración e resto de características esenciais do contrato, asinado o 5 de xullo de 2016 polo xefe de participación e atención cidadá, co conforme do concelleiro de Parques, Xardíns, Comercio, Participación Cidadá e Distritos.*
- j) *Informe de conformidade do servizo de contratación coa documentación aportada asinado pola xefa de servizo de contratación de data 1 de agosto de 2016.*
- k) *Prego de cláusulas administrativas particulares do 1 de agosto de 2016, asinado pola xefa de servizo de contratación*
- l) *Dilixencia para corrección de documentación da Asesoría Xurídica de data 12 de agosto de 2016.*
- m) *Informe de modificación da memoria xustificativa do contrato, asinada polo xefe de participación e atención cidadá de data 12 de setembro de 2016.*
- n) *Memoria xustificativa do contrato, co desglose dos criterios de valoración e resto de características esenciais do contrato, asinado o 12 de setembro de 2016 polo xefe de participación e atención cidadá, co conforme do concelleiro de Parques, Xardíns, Comercio, Participación Cidadá e Distritos.*
- o) *Dilixencia de conformidade do servizo de contratación coa documentación aportada asinado pola xefa de servizo de contratación de data 12 de setembro de 2016.*
- p) *Prego de cláusulas administrativas particulares do 29 de setembro de 2016, asinado pola xefa de servizo de contratación.*
- q) *Informe xurídico de conformidade da xefa de asesoramento e conformidade da titular da asesoría xurídica de data 30 de setembro de 2016.*

## **FUNDAMENTOS DE DEREITO**

*Primeiro.- O expediente de contratación, de acordo co disposto no artigo 109.1 do TRLCSP iniciárase polo Órgano de Contratación. No concello de Vigo esta competencia esta delegada por Decreto Delegación de Alcaldía de 19 de xuño de 2015 e Acordo da Xunta de Goberno Local de 19 de xuño de 2015, nos concelleiros de Area. O Concelleiro Delegado de Concelleiro Delegado de Parques, Xardíns, Comercio, Participación Cidadá e Distrito, en resolución de 10 de febreiro de 2016, autorizou o inicio deste expediente de contratación.*

*Segundo.- No expediente consta, tal e como prevé o artigo 109.3 do TRLCSP, o prego de prescricións técnicas redactado polo Xefe do servizo de Participación e Atención Cidadá o prego de cláusulas administrativas particulares redactado pola xefa do servizo de Contratación.*

*Terceiro.- O procedemento elixido para a contratación é o procedemento aberto. Xustifícase a elección deste procedemento porque tal e como dispón o artigo 141 da LCSP procede empregar o procedemento aberto.*

*Cuarto.- En cumprimento do disposto nos artigos 113 TRRL e no apartado 8 da disposición adicional segunda do TRLCSP, emitiuse pola Asesoría Xurídica do concello de Vigo o día 30 de setembro de 2016, informe favorable ó expediente de contratación.*

Quinto.- No artigo 109.3 do TRLCSP establécese que ó expediente se incorporará o certificado de existencia de crédito, documento que incorporará o servizo de Intervención Xeral quen ademais fiscalizará previamente a aprobación do expediente.

Sexto.- A competencia para a resolución do presente expediente correspóndelle á Xunta de Goberno Local, na súa calidade de órgano de contratación, conforme ó previsto na Disposición adicional segunda paragrafo 3º do TRLCSP. A resolución deberá ser motivada e aprobará o expediente de contratación e disporá a apertura do procedemento de adxudicación e implicará a aprobación do gasto (artigo 110.1 TRLCSP).

A vista das anteriores circunstancias, e previo informe da Intervención Xeral, proponse á Xunta de Goberno Local como órgano de contratación, en uso das facultades que lle confire a lexislación vixente, a adopción do seguinte acordo:

1º Aprobar o expediente de contratación (3401/321) por procedemento aberto do **SERVIZO DE VIXILANCIA DOS CENTROS MUNICIPAIS DE DISTRITOS DEPENDENTES DA CONCELLERÍA DE PARTICIPACIÓN CIDADÁ E DAS SÚAS INSTALACIÓNS ANEXAS.**

2º. Aprobar o o prego de prescricións técnicas particulares de 5 de xullo de 2016 e o prego de cláusulas administrativas de 29 de setembro de 2016 que rexirán a contratación do **SERVIZO DE VIXILANCIA DOS CENTROS MUNICIPAIS DE DISTRITOS DEPENDENTES DA CONCELLERÍA DE PARTICIPACIÓN CIDADÁ E DAS SÚAS INSTALACIÓNS ANEXAS.**

3º.- Aproba-los gastos que deseguido se relacionan para a contratación do servizo de vixilancia dos centros municipais de distrito, con cargo á partida 9240.227.01.00 do presuposto correspondentes:

- Ano 2017: 75.000 euros
- Ano 2018: 75.000 euros
- Ano 2019: 75.000,00 euros.
- Ano 2020: 75.000,00 euros.

4º Abrir o procedemento de licitación na forma legalmente establecida.”

**Acordo:**

A Xunta de Goberno Local aproba a proposta contida no precedente informe.

**7(1065).- PROPOSTA DE CONCESIÓN ADMINISTRATIVA DO USO PRIVATIVO DO LOCAL MUNICIPAL Á FUNDACIÓN MARCO. EXPTE. 19795/240.**

O presente expediente retírase da orde do día.

**8(1066).- AXUDAS ESPECIAIS SETEMBRO 2016 (FAS). EXPTE. 28797/220.**

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe de fiscalización do 19/10/16, dáse conta do informe-proposta de data 18/10/16 asinado pola xefa da Área de Recursos Humanos e Formación e polo concelleiro delegado de Xestión Municipal e Persoal, que di o seguinte:

*"Pola Comisión Xestora do Fondo de Acción Social, remítese a esta Área de Recursos Humanos e Formación acordo adoptado pola mesma en sesión do 01/09/2016, relativo á concesión de axudas especiais aos seguintes empregados municipais tal como se reflicte en dita acta por un importe de 8.492,00 € :*

APELIDOS E NOME	DNI	Nº Per-soal	Euros
ARBONES LAGO, GUILLERMO	36.109.406-G	77022	447,00 €
CALVAR RIOS, MOISES	36.142.373-N	79383	302,00 €
CARIDE GRANDAL, ELISA	36.077.376-J	82157	400,00 €
FARO CHAMADOIRA, ANGELES	36.033.947-P	15071	3.642,00 €
MARIÑO VILLANUEVA, JULIA	36.045.806-E	22361	2.573,00 €
MARTINEZ PAMPILLÓN, PERGENTINO	36.118.429-B	22266	375,00 €
SUAREZ CARBAJO, ADOLFO	35.995.115-T	12374	753,00 €
TOTAL			8.492,00 €

*Denegar a axuda solicitada por D. Enrique Moral Soto, por considerar a Comisión que ás facturas presentadas non lles corresponde axuda.*

**FUNDAMENTACIÓN XURÍDICA**

*I.- Lei 48/2015, de 29 de outubro, de Orzamentos Xerais do Estado para o ano 2016.*

*II.- Artigos 29, 30 e 31 do Acordo Regulador das condicións económicas e sociais dos traballadores/as ao servizo do Concello de Vigo.*

*III.- Bases de Execución do Orzamento Municipal do Concello de Vigo para o exercicio económico 2016.*

*IV.- Artigo 219 do Real Decreto Lexislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei de Facendas Locais. Imputación do gasto: clasificación económica 22101620400-Fondo Social dos orzamentos municipais para o ano 2016.*

*V.- O Regulamento rector do Fondo de Acción Social (FAS), que se incorpora ao presente expediente, establece no seu artigo 5 as funcións e competencias da Comisión Xestora do Fondo de Acción Social (CXFAS) preceptuando que corresponde á mesma:*

*1.- Elaboración e proposta de aprobación ao órgano competente das bases reguladoras das convocatorias ordinarias e extraordinarias do Fondo de Acción Social, achégase certificación da Xunta de Goberno Local de data 16/04/2013, de aprobación de ditas bases rectoras.*

2.- *Elaboración e proposta de aprobación ao órgano competente das convocatorias concretas, de carácter ordinario ou extraordinario, susceptibles de ser aprobadas dentro de cada exercicio orzamentario.*

3.- *Recepción, estudio e avaliación das solicitudes de axudas presentadas, con formulación da proposta de outorgamento individualizado ao órgano municipal competente.*

4.- *Arquivo e custodia da documentación presentada polos solicitantes na sede física correspondente, garantindo a posta a disposición da mesma aos órganos responsables da fiscalización e control orzamentario e contable, así como da Corporación Municipal e do persoal municipal, ostentando a titularidade dos ficheiros de datos sometidos á Lei Orgánica 15/1999, do 13 de decembro, de Protección de Datos de Carácter Persoal, e normativa de concordante aplicación.*

5.- *Elaboración de memoria anual relativa á actividade da propia Comisión e á xestión administrativa e orzamentaria do Fondo de Acción Social (FAS) aos efectos de dar conta do mesmo ao órgano municipal competente para a xestión do persoal municipal, garantindo a súa difusión entre o persoal municipal.*

6.- *Elevación ao órgano municipal competente para a xestión do persoal municipal de propostas de mellora, reordenación ou reorganización dos diferentes programas e actuacións contidos no presente regulamente, dirixidas á mellora das condicións sociais dos efectivos públicos municipais.*

7.- *Planificación, calendarización e desenvolvemento efectivo das actuacións necesarias para a execución dos programas do FAS, coa obriga de manter permanentemente informados de tal extremo ao órgano municipal competente e ao persoal municipal.*

8.- *En xeral, calquera outra función que se precise para un mellor cumprimento dos obxectivos relacionados coa xestión do Fondo de Acción Social (FAS) tendentes á mellora das condicións sociais do persoal municipal.*

VI.- *Artigo 127.1, apartados g) e h) da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das Bases do Réxime Local, en redacción dada pola Lei 57/2003, do 16 de decembro, de Medidas para a Modernización do Goberno Local, en canto ao réxime de atribución competencial da Xunta de Goberno Local.*

*En consecuencia, e previo o preceptivo informe de fiscalización que pola Intervención Xeral se emita nos termos do Real Decreto Lexislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei de Facendas Locais, proponse á Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte ACORDO:*

*Primeiro.- Aprobar as axudas especiais propostas pola Comisión Xestora do Fondo de Acción Social do Concello de Vigo en acordo de 01/09/2016, por un importe total de 8.492,00 € (OCHO MIL CUATROCIENTOS NOVENDA Y DOS EUROS), acordando en consecuencia que se proceda ao pagamento con cargo á clasificación orzamentaria 22101620400-Fondo Social aos seguintes empregados públicos municipais que se indica co importe que se especifica:*

APELIDOS E NOME	DNI	Nº	Euros
-----------------	-----	----	-------

		<i>Persoal</i>	
ARBONES LAGO, GUILLERMO	36.109.406-G	77022	447,00 €
CALVAR RIOS, MOISES	36.142.373-N	79383	302,00 €
CARIDE GRANDAL, ELISA	36.077.376-J	82157	400,00 €
FARO CHAMADOIRA, ANGELES	36.033.947-P	15071	3.642,00 €
MARIÑO VILLANUEVA, JULIA	36.045.806-E	22361	2.573,00 €
MARTINEZ PAMPILLÓN, PERGENTINO	36.118.429-B	22266	375,00 €
SUAREZ CARBAJO, ADOLFO	35.995.115-T	12374	753,00 €
TOTAL			8.492,00 €

*Segundo.- Denegala axuda solicitada por D. Enrique Moral Soto, xa que a Comisión considera que as facturas presentadas non lles corresponde axuda.*

*Contra o presente acordo poderase interpoñer recurso de reposición perante o mesmo órgano que a dictou no prazo de 1 mes a contar dende o día seguinte ao da súa notificación ou publicación, ou ben recurso contencioso-administrativo perante o Xulgado do Contencioso-Administrativo de Vigo no prazo de 2 meses a contar dende o día seguinte ao da notificación ou publicación do acto administrativo que poña fin á vía administrativa, nos supostos, termos e condicións do disposto nos artigos 8, 25 e 46 da Lei 29/1198, do 13 de xullo, Reguladora da Xurisdicción Contencioso-Administrativa, sen prexuízo de calquera outro que se estime procedente en Dereito.*

<i>APELIDOS E NOME</i>	<i>DNI</i>	<i>Nº Persoal</i>	<i>Euros</i>
ARBONES LAGO, GUILLERMO	36.109.406-G	77022	447,00 €
CALVAR RIOS, MOISES	36.142.373-N	79383	302,00 €
CARIDE GRANDAL, ELISA	36.077.376-J	82157	400,00 €
FARO CHAMADOIRA, ANGELES	36.033.947-P	15071	3.642,00 €
MARIÑO VILLANUEVA, JULIA	36.045.806-E	22361	2.573,00 €
MARTINEZ PAMPILLÓN, PERGENTINO	36.118.429-B	22266	375,00 €
SUAREZ CARBAJO, ADOLFO	35.995.115-T	12374	753,00 €
TOTAL			8.492,00 €

*Segundo.- Denega la axuda solicitada por D. Enrique Moral Soto, xa que a Comisión considera que as facturas presentadas non lles corresponde axuda.*

**Acordo:**

A Xunta de Goberno Local aproba a proposta contida no precedente informe.

**9(1067).- CRITERIOS RELATIVOS Á REALIZACIÓN DE ADSCRICIÓN DE EMPREGADOS/AS PÚBLICOS A POSTOS VACANTES ENCADRADOS NOS SUBGRUPOS C1 E C2 DE TITULACIÓN. EXPTE. 28507/220.**  
Dáse conta do informe-proposta de data 12/08/16, asinado pola técnica de Formación e Avaliación de Recursos Humanos, a xefa da Área de Recursos

Humanos e Formación e o concelleiro delegado de Xestión Municipal e Persoal, que di o seguinte:

*“Dado o elevado numero de postos vacantes existentes ocasionado polas actuais restriccións en canto a incorporación de persoal de novo ingreso a través das ofertas de emprego público, e co obxectivo da optimización dos efectivos existentes, xunto a readscripción de efectivos ou o cambio de adscripción de postos a través das oportunas modificacións da RPT, ordéase polo Concelleiro Delegado de Xestión Municipal e Persoal o establecemento de criterios relativos a realización de adscripcións provisionais de empregados/as públicos a postos vacantes encadrados no subgrupos C1 e C2 de titulación.*

*A adscripción provisional enténdese como unha forma de provisión estritamente temporal de postos de traballo de carácter excepcional, motivada pola actual situación coxuntural de déficit de persoal nos distintos servizos municipais e coa finalidade de garantía da debida prestación dos servizos públicos coa eficacia necesaria.*

*A adscripción provisional de efectivos a postos de traballo que se atopan en situación de vacante, de maneira temporal por necesidades organizativas, inaplazables e urxentes, enmarcariase dentro da potestade de autoorganización da administración pública, contida no artigo 4 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, dirixida ao cumprimento do principio de eficacia na prestación dos servizos públicos recollido no artigo 103.1 da Constitución Española*

*O Real Decreto Legislativo 5/2015, de 30 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público, no seu art. 81.3 contempla que no caso de urxente e inaprazable necesidade «los puestos de trabajo podrán proveerse con carácter provisional debiendo procederse a su convocatoria pública dentro del plazo que señalen las normas que sean de aplicación.».*

*A presente proposta de realización de adscripcións temporais refírese unicamente aos supostos de existencia de postos vacantes incluídos no Grupo C de titulación (subgrupos C1 e C2) que non sexa posible a súa urxente cobertura por outros mecanismos dos legalmente previstos, sendo necesaria a delimitación da duración da mesma.*

*A adscripción provisional realizarase a postos de traballo vacantes, que teñan asignada como sistema de provisión o concurso de traslados segundo a vixente RPT e polo tanto dotados orzamentariamente, ao abeiro do disposto no artigo 97 da Lei 2/2015, do 29 de abril, de emprego público de Galicia, en canto á adscripción provisional de postos de traballo que permita garantir o normal desenvolvemento da actividade administrativa na organización municipal.*

*A realización da adscripción temporal realizarase sempre que por parte da Área/ servizo no que se atope o posto vacante realícese solicitude debidamente motivada da urxente cobertura do posto vacante así como de que o posto de orixe non necesita ser cuberto, asinada polo responsable da Área ou servizo, .*

*Por outra banda, deberase propoñer en informe motivado o empregado/a público a adscribir pola xefatura da Área ou servizo, fundamentado na experiencia profesional demostrada, as responsabilidades asumidas, as tarefas realizadas e destrezas que teña desenvolto, así como as certificacións dos coñecementos adquiridos a través de cursos de formación nos*

que participara, sendo necesaria a aceptación expresa da adscripción provisional por parte do funcionario/a.

As adscripcións provisionais realizaranse por periodos de seis meses prorrogables por outros seis, no caso de non terse executado o concurso de traslados, non podendo ter, en caso algún, unha duración superior a un ano.

O funcionario/a que se pretenda adscribir provisionalmente deberá cumprir os seguintes requisitos:

- Pertencen ao mesmo subgrupo de titulación como funcionario de carreira e cumprir coas demais esixencias en canto á escala contidas na RPT para o posto ao que se pretende adscribir-
- Pertencen a mesma área funcional na que se atopa o posto vacante.
- Non podera existir una diferenza maior de dous puntos no complemento de destino entre o posto de orixe e o que se pretende realizar a adscripción.
- O funcionario adscrito temporalmente a un posto vacante estará obrigado a participar no seguinte concurso de traslados que se convoque para a cobertura definitiva do mesmo.
- Reservarase o posto de orixe do funcionario en adscripción temporal que ocupaba anteriormente de forma definitiva.
- A adscripción temporal podera ser revocada no caso de informe negativo da xefatura en canto ao desenvolvemento das funcións , baixa e longa duración ou suspensión de funcións por motivos xudiciais ou disciplinarios.
- Ao non poder ter unha duración superior a 1 ano, a adscripción non implicará consolidación de grao persoal, e o efectivo estará obrigado a participar nos concursos de provisión ou traslados que se convoquen para postos de traballo adecuados ao seu corpo ou escala. O incumprimento destas obrigas determinará a declaración de oficio da situación administrativa de excedencia voluntaria por interese particular.

En consecuencia, vistas as consideracións expostas, e considerando as competencias que en materia de planificación e xestión de recursos humanos ostenta a Concellería-delegada da Área de Xestión Municipal (delegacións efectuadas por Decreto da Excma. Alcaldía de 19/06/2015 e Acordo da Xunta de Goberno Local de mesma data); así como as competencias que a Xunta de Goberno Local ostenta en materia de persoal, contidas no artigo 127.1, apartado h) da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, pola presente elévase ao dito órgano a seguinte PROPOSTA DE ACORDO:

**PRIMEIRO.-** Acordar a aprobación dos criterios de xestión das adscripcións temporais a postos de traballo vacantes incluídos no Grupo C de titulación (subgrupos C1 e C2), de conformidade co informe-proposta que antecede, contido no Anexo I do presente informe

**SEGUNDO.-** Notificar o presente acordo á Intervención Xeral Municipal e Comité de Persoal aos efectos oportunos.”

Contra o presente acordo poderase interpoñer recurso potestativo de reposición no prazo de

*1 mes a contar dende o día seguinte ao da súa notificación ou publicación, ou ben recurso contencioso-administrativo no prazo de 2 meses contados dende o día seguinte ao da publicación do acto administrativo que poña fin á vía administrativa, nos supostos, termos e condicións do previsto nos artigos, 8, 25 e 46 da vixente Lei 29/1998, do 13 de xullo, Reguladora da Xurisdicción Contencioso-Administrativa.”*

## ANEXO I

*Obxecto:-*

*O presente documento ten como finalidade establecer os supostos e requisitos nos que se procederá a adscripción temporal de persoal municipal a postos vacantes, enténdendose esta como unha forma de provisión estritamente temporal de postos de traballo de carácter excepcional, motivada pola actual situación coxuntural de déficit de persoal nos distintos servizos municipais e coa finalidade de garantía da debida prestación dos servizos públicos coa eficacia necesaria.*

*Ambito de aplicación:*

*Esta forma de provision aplicarase no caso da necesidade de cobertura de postos vacantes sempre que:*

- 1. Esten incluídos no Grupo C de titulación (subgrupos C1 e C2)*
- 2. Non sexa posible a súa urxente cobertura por outros mecanismos dos legalmente previstos*
- 3. Teñan asignada como sistema de provisión o concurso de traslados segundo a vixente RPT e polo tanto dotados orzamentariamente.*

*Criterios xerais:*

*A Area/ servizo no que se atope o posto vacante deberá realizar solicitude dirixida a Area de Recursos Humanos e Formación, correspondendo ao Concelleiro-delegado da Area , previo informe ao respecto, apreciar a necesidade de proceder a súa provisión temporal.*

*A solicitude deberá incluír necesariamente:*

- a) Motivación da urxencia da cobertura de posto vacante mediante a adscripción temporal informe relativo a que o posto de orixe non necesita ser cuberto.*
- b) Proposta do empregado/a público a adscribir pola xefatura da Área ou servizo, fundamentado na experiencia profesional demostrada, as responsabilidades asumidas, as tarefas realizadas e destrezas que teña desenvolto, así como as certificacións dos coñecementos adquiridos a través de cursos de formación nos que participara, sendo necesaria a aceptación expresa da adscripción provisional por parte do funcionario/a.*

*Duración das adscricions temporais:*

*Realizaranse por períodos de seis meses prorrogables por outros seis, no caso de non terse executado o concurso de traslados, non podendo ter, en caso algún, unha duración superior a un ano.*

*Requisitos:*

*O funcionario/a que se pretenda adscribir provisionalmente deberá cumprir os seguintes requisitos:*

- Pertencen ao mesmo subgrupo de titulación como funcionario de carreira e cumprir coas demais esixencias en canto á escala contidas na RPT para o posto ao que se pretende adscribir-*
- Pertencen a mesma área funcional na que se atopa o posto vacante.*
- Non podera existir una diferenza maior de dous puntos no complemento de destino entre o posto de orixe e o que se pretende realizar a adscripción.*
- O funcionario adscrito temporalmente a un posto vacante estará obrigado a participar no seguinte concurso de traslados que se convoque para a cobertura definitiva do mesmo.*
- Reservarase o posto de orixe do funcionario en adscripción temporal que ocupaba anteriormente de forma definitiva.*

*Revocación das adscricions temporais:*

*A adscripción temporal podera ser revocada no caso de informe negativo da xefatura en canto ao desenvolvemento das funcións , baixa e longa duración ou suspensión de funcións por motivos xudiciais ou disciplinarios.*

*Ao non poder ter unha duración superior a 1 ano, a adscripción non implicará consolidación de grao persoal, e o efectivo estará obrigado a participar nos concursos de provisión ou traslados que se convoquen para postos de traballo adecuados ao seu corpo ou escala. O incumprimento destas obrigas determinará a declaración de oficio da situación administrativa de excedencia voluntaria por interese particular.*

**Acordo:**

*A Xunta de Goberno Local aproba a proposta contida no precedente informe.*

**10(1068).- DIETAS ÓRGANO SELECCIÓN OFICIAL CONDUTOR/A (OPEP 2010-2011-2º FASE). EXPTE. 28768/220.**

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe de fiscalización do 13/10/16, dáse conta do informe-proposta da técnica de Formación e Avaliación de Recursos Humanos, a xefa da Área de Recursos Humanos e Formación e o concelleiro delegado de Xestión Municipal e Persoal, que di o seguinte:

## "ANTECEDENTES

A Xunta de Goberno Local, na súa sesión de data 14/09/2012, aprobou as bases xerais reitoras dos procesos selectivos das prazas vacantes contidas na OEP 2010-2011 (publicadas no DOG nº 240 de 18/12/2012), para a provisión en propiedade de prazas de funcionarios así como a contratación en réxime laboral fixo de prazas de persoal laboral vacantes no cadro de persoal do Concello de Vigo. Así mesmo, aprobou nas súas sesións de datas 05/12/2013 e 13/12/2013, as bases específicas da 2ª fase da dita OEP 2010-2011 (publicadas no DOG nº 245 de 24/12/2013). Ditas bases xerais foron obxecto de fiscalización previa tal e como se desprende do expediente 23407/220.

Ademais, foi obxecto de fiscalización previa o informe-proposta das listas provisionais de admitidos e excluídos, composición dos órganos de selección e lugar e data da primeira das probas das que constan os distintos procesos selectivos, tal e como se desprende do expediente 27309/220.

Na base VIII da convocatoria (8.4.6) establecíase que os dereitos económicos pola asistencia ás distintas sesións do órgano de selección, regularanse polo disposto no Real Decreto 462/2002, do 24 de maio, de Indemnizacións por razóns do servizo. Os dereitos económicos dos asistentes ao órgano de selección, técnicos especialistas e administrativos rexeranse tamén polo dito real decreto e percibirán a mesma cantidade que a que corresponde a un vogal, sempre que a súa asistencia fose requirida polo/a presidente/a do citado órgano e así conste efectivamente na acta.

Rematado o proceso selectivo de Oficial Conductor, o Secretario do Órgano de Selección remitiu a esta Área de Recursos Humanos e Formación certificación contendo a relación de membros do referido órgano de selección.

A referida certificación importa un total de 165,22 €, debéndose aplicar con cargo á aplicación orzamentaria 920.1.233.00.00-Dietas Tribunais, segundo relación seguinte:

D. Ezequiel Fernández Carpintero, presidente titular, ((núm. persoal 16283), con NIF 36.040.789-L, unha asistencia de 42,83 €.

D. Lucio Camilo Varela Borreguero, secretario titular (nº persoal 17495), con DNI nº 36.023.156-G, unha asistencia de 42,83 €.

D. Saturnino Jardón Losada, vogal (núm. Persoal 17561), con NIF 34.935.716-G, unha asistencia de 39,78 €.

D. Juan Carlos Peón Justo, con DNI 35.294.403-Y, vogal titular do órgano de selección, con domicilio en Avda de Lugo n. 14 - 3º I, 3600-Pontevedra, unha asistencia de 39,78 €, a abonar no número IBAN ES64 0049 5270 8826 9577.

Á vista de todo o exposto, e previo informe da Intervención Xeral relativo á consignación e fiscalización do gasto, de conformidade co previsto no Real Decreto 462/2002, de 24 de maio, sobre indemnizacións por razón do servizo e a certificación do Secretario do órgano de selección encargado de xulgar as probas selectivas para a contratación en réxime laboral fixo de tres prazas de persoal laboral de Oficial Conductor correspondentes á OEP 2010-2011 (2ª fase) e as competencias recollidas no artigo 127.1. h) da Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases de Réxime Local, modificada por Lei 27/2013, de 27 de decembro, propónse á Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte ACORDO:

*“Compromete-lo gasto de 165,22 €, con cargo á aplicación orzamentaria 920.1.233.00.00-Dietas Tribunais, recoñecer a obriga e declara-lo abono das cantidades que se indican a continuación aos perceptores que así mesmo se relacionan, polo concepto que se expresa:*

*D. Ezequiel Fernández Carpintero, presidente titular, ((núm. persoal 16283), con NIF 36.040.789-L, unha asistencia de 42,83 €.*

*D. Lucio Camilo Varela Borreguero, secretario titular (nº persoal 17495), con DNI nº 36.023.156-G, unha asistencia de 42,83 €.*

*D. Saturnino Jardón Losada, vogal (núm. Persoal 17561), con NIF 34.935.716-G, unha asistencia de 39,78 €.*

*D. Juan Carlos Peón Justo, con DNI 35.294.403-Y, vogal titular do órgano de selección, con domicilio en Avda de Lugo n. 14 - 3º I, 3600-Pontevedra, unha asistencia de 39,78 €, a abonar no número IBAN ES64 0049 5270 8826 9577.”*

**Acordo:**

A Xunta de Goberno Local aproba a proposta contida no precedente informe.

**11(1069).- PROXECTO DE CONVENIO COA FUNDACIÓN CORAL CASABLANCA PARA O PROGRAMA DE CONCERTOS 2016 ORGANIZADO POLA ENTIDADE. EXPTE. 986/330.**

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe xurídico do 14/10/16 e o informe de fiscalización do 26/10/16, dáse conta do informe-proposta do 13/10/16, asinado polo xefe do Servizo de Xestión e Promoción Cultural, polo concelleiro-delegado da Área de Cultura e polo concelleiro-delegado da Área de Orzamentos, que di o seguinte:

*“Con data 28 de xuño pasado, a asociación Fundación Coral Casablanca presenta no Rexistro Xeral solicitude de subvención e presenta a documentación ao respecto; por este motivo, con data 7 de outubro pasado, o concelleiro-delegado da Área de Cultura resolveu que por parte desta xefatura se iniciase o expediente de subvención correspondente para a organización e realización do programa de concertos de 2016, e realizar un convenio con esta entidade para regulala, por importe de 10.000 € con cargo á aplicación orzamentaria 3340.480.00.03 do orzamento municipal vixente.*

**ANTECEDENTES.-**

*A Fundación Coral Casablanca é unha entidade sen ánimo de lucro adicada ao fomento e divulgación da música coral, en particular, e doutras artes escénicas en xeral no ámbito de Vigo e a súa comarca.*

**PROGRAMA:**

*Sábado 23 de abril*

*Concerto entrega nomeamentos de “Componentes de Honor” da Coral Casablanca Teatro Afundación Vigo*

*Sábado 14 de maio*

*Concerto de Primavera da Coral casablanca e Orquestra "Con cierto sentido"*

*Teatro Afundación Vigo*

*Sábado 11 de xuño*

*Concerto de Primavera dos coros filiais da fundación (coro Peque e coro Xuvenil)*

*Teatro Afundación Vigo*

*A memoria económica que se achega ao presente convenio, incorpora o presuposto xeral de gastos do programa obxecto do convenio polo importe total de 37.526,50 € (trinta e sete mil cincocentos vinteseis euros con cincuenta céntimos), financiándose coas seguintes achegas:*

- Concello de Vigo: 10.000 € (26,65 %)*
- Aportación da entidade: 17.717 € (47,21 %)*
- Venda de entradas: 6.000 € (15,99 %)*
- Xunta de Galicia: 1.500 € (3,40 %)*

#### *DOCUMENTACIÓN.-*

*Por parte da asociación , presentouse a documentación relativa ao expediente de subvención, que está integrada pola seguinte:*

- Solicitud de subvención*
- Proxecto e orzamento da actividade*
- NIF do Presidente*
- CIF da Asociación*
- Estatutos da Asociación*
- Certificado de estar ao corrente de pagos coa Xunta de Galicia*
- Certificado de estar ao corrente de pagos co Concello de Vigo*
- Certificado de estar ao corrente de pagos coa Seguridade Social*
- Certificado de estar ao corrente de pagos coa Facenda*
- Certificación da conta bancaria*
- Declaración de non estar incurso en prohibición para obter subvencións.*
- Declaración doutras axudas.*
- Capacidade legal do presidente da entidade*
- Certificado exención de iva*
- Escrito de data 11 de outubro remitido pola Fundación Coral Casablanca de aceptación do texto do convenio de colaboración relativo ao programa de concertos 2016, proposto polo Concello de Vigo.*

#### *LEXISLACIÓN APLICABLE.-*

*A concesión da subvención que outorgue o Concello de Vigo á asociación Fundación Coral Casablanca, para a organización do programa de concertos 2015, obxecto do presente convenio rexerese pola Lei 38/2003 do 17 de novembro, xeral de subvencións e o RD 887/2006, do 21 de xuño, polo que se aprobou o seu regulamento, nos seus preceptos básicos; R.D. Leg 2/2004, de 5 de marzo TRLRFL, Lei 7/1985, de 2 de abril RBRL e demais lexislación básica do estado en materia de réxime local; a Lei 9/2007, de 13 de xuño de subvencións de Galicia; os preceptos non básicos da Lei 38/2003 e do RD 887/2006; polos pactos que se conteñen neste convenio; as bases de execución dos vixentes orzamentos*

*municipais e as restantes normas de dereito administrativo, e no seu defecto, as normas de dereito privado.*

*Será responsabilidade da entidade a correspondente xestión e autorización dos dereitos de autor, ou de calquera outra obriga derivada do Real Decreto-lexislativo 1/1996 do 12 de abril, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei de Propiedade Intelectual.*

*A concesión da subvención directa á Fundación Coral Casablanca deberá axustarse ao previsto no art.22.2 apartados a) e c) da Lei 38/2003 xeral de subvencións, tanto por estar prevista nominativamente no presuposto do Concello de Vigo de 2015, como polo interese público, social e cultural que supón a actividade para a cidade de Vigo; acreditado na concordancia do programa singular a executar, os fins estatutarios da entidade, a súa complementariedade ca actividade cultural organizada polo Concello e marcada diferenza ca oferta doutras entidades, polo cal non procede promover a concorrência para o seu outorgamento.*

*De acordo co previsto no art. 26.1 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, os convenios serán o instrumento habitual para canalizar as subvencións previstas nominativamente; polo que se inclúe o correspondente proxecto de convenio na proposta de resolución.*

#### ÓRGANO DE RESOLUCIÓN E ÁMBITO DE COMPETENCIAS .-

*O órgano de goberno para a concesión desta subvención directa é a Xunta de Goberno Local.*

*O obxecto do expediente corresponde a materias de competencia propia do Concello segundo os artigos 25.2. m da Lei 7/1985, do 2 de abril, promoción da cultura e equipamentos culturais e o 80.2. n) (actividades culturais) da Lei 5/1997, de administración local de Galicia.*

#### FINANCIAMENTO DA SUBVENCIÓN.-

*A subvención do Concello de Vigo á Fundación Coral Casablanca ten como obxecto financiar a organización do programa de concertos 2016 e figura na partida 3340.480.00.03 "CORAL CASA BLANCA", a concesión dunha subvención nominativa por importe de 10.000 €, a favor da devandita entidade.*

*A subvención do Concello de Vigo á Fundación Coral Casablanca é compatible con outras subvencións, axudas, ingresos ou recursos para a mesma finalidade procedentes de calquera outras administracións ou entes públicos ou privados.*

#### CONDICIÓN DE CONCESIÓN DA SUBVENCIÓN

*A resolución de concesión da subvención deberá establecer as condicións e compromisos aplicables (segundo se establece tanto na Lei Xeral de Subvencións como na Lei de subvencións de Galicia), que se detallan no texto de proposta de convenio.*

*Coa conformidade do concelleiro-delegado da Área de Cultura e mailo concelleiro-delegado da Área de Orzamentos e Facenda, tralos informes xurídico e da Intervención Xeral do Concello de Vigo, faise a seguinte*

*PROPOSTA Á XUNTA DE GOBERNO LOCAL.-*

*“PRIMEIRO.- Aprobar a concesión directa da subvención de 10.000€ (dez mil euros) á Fundación Coral Casablanca, CIF. G27753771, para o financiamento do programa de concertos 2016, organizado por esta entidade; e autorizar e dispoñer o devandito gasto con cargo á aplicación orzamentaria 3340.480.00.03 “CORAL CASABLANCA”, que figura no orzamento municipal vixente do Concello de Vigo.*

*SEGUNDO.- Que se aprobe o texto do proxecto de convenio entre o Concello de Vigo e a Fundación Coral Casablanca que regula o desenvolvemento da subvención outorgada para o financiamento do programa de concertos 2016.*

**Acordo:**

*A Xunta de Goberno Local aproba a proposta contida no precedente informe.*

*PROXECTO DE CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE O CONCELLO DE VIGO E A FUNDACIÓN CORAL CASABLANCA, RELATIVO Á ACHEGA DO CONCELLO PARA A ORGANIZACIÓN DO PROGRAMA DE CONCERTOS 2016.*

*En Vigo, \_ de \_\_\_\_\_ de dous mil dezaseis*

**REÚNENSE**

*A Concellería de Cultura (en adiante CONCELLERÍA), e no seu nome e representación, D. Cayetano Rodríguez Escudero, en virtude do seu cargo de concelleiro-delegado da Área de Cultura, Concello de Vigo (CIF P3605700H), para o que foi nomeado polo decreto de delegación de Alcaldía e acordo da Xunta de Goberno Local, ambos de data 19 de xuño de 2015; con enderezo na Praza do Rei nº 1, CP 36202; no exercicio das facultades e demais funcións que lle foron conferidas por razón do seu cargo,*

*Doutra, D. Ignacio Pérez Amoedo, na súa condición de presidente da Fundación Coral Casablanca (CIF: G-27753771) (en adiante a ASOCIACIÓN), actuando en nome e representación da devandita entidade, segundo as facultades que lle outorgan os seus estatutos.*

*Ámbalas dúas partes teñen plena capacidade para levar adiante este convenio e,*

**MANIFESTAN**

*I.- Que a FUNDACION CORAL CASABLANCA é unha entidade sen ánimo de lucro adicada ao fomento e divulgación da música coral, en particular, e doutras artes escénicas en xeral no ámbito de Vigo e a súa comarca.*

*II.- Que o Concello de Vigo, coñecedor de ditas actividades e accións e no exercicio da súa competencia propia de promoción da cultura, que lle recoñece o artigo 25 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases de réxime local, na vixente redacción, dada pola Lei 27/2013, de 27 de decembro, de racionalización e sostibilidade da Administración Local, desexa promover e colaborar economicamente na execución da programación da FUNDACION CORAL CASABLANCA , como medio que é de promover a música coral na cidade.*

III.- Que con esta finalidade o vixente Orzamento Xeral do Concello de Vigo inclúe na aplicación orzamentaria 3340.480.00.03, como subvención nominativa, a favor da FUNDACION CORAL CASABLANCA, a cantidade de 10.000 euros.

IV.- Que a FUNDACION CORAL CASABLANCA non está incurso en prohibición para ser beneficiaria das subvencións obxecto da Lei de subvencións de Galicia, atópase ao corrente das súas obrigas tributarias e coa Seguridade Social, e non ten débedas pendentes co Concello de Vigo, segundo resulta das declaracións responsables e certificacións que figuran no expediente administrativo arriba citado.

V.- De acordo co disposto nos artigos 28.1 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións e 26,1 da Lei 9/2007, o convenio será o instrumento habitual para canalizar as subvencións previstas de forma nominativa no orzamento da Administración concedente, polo que as partes acordan asinar o presente convenio de colaboración para regular os termos da concesión da subvención, que ten como obxecto a organización de devandito programa.

De conformidade ás precedentes consideracións e dado o interese común das partes asinantes nas que as dúas teñen intereses coincidentes, e co fin de acadar unha maior eficacia na execución das actuacións, é polo que asinan o presente convenio de colaboración de acordo coas seguintes

#### CLÁUSULAS

##### PRIMEIRA.- OBXECTO

A través do presente convenio, establécense as condicións polas que se rexerá a colaboración entre a CONCELLERÍA e maila ASOCIACIÓN para desenvolver o programa de concertos durante o exercicio 2016, que se detalla na documentación achegada pola entidade no presente expediente de aprobación do convenio

##### SEGUNDA.- PRESUPOSTO E FINANCIAMENTO

A memoria económica que se achega ao presente convenio, presentado pola ASOCIACIÓN, incorpora o presuposto xeral de gastos do programa obxecto do mesmo, polo importe total de 37.526,50 € (trinta e sete mil cincocentos vinteseis euros con cincuenta céntimos), financiándose coas seguintes achegas:

- Concello de Vigo: 10.000 € (26,65 %)
- Aportación da entidade: 17.717 € (47,21 %)
- Venda de entradas: 6.000 € (15,99 %)
- Xunta de Galicia: 1.500 € (3,40 %)

##### TERCEIRA.- DATAS E LUGARES DO PROGRAMA

Sábado 23 de abril

Concerto entrega nomeamentos de "Componentes de Honor" da Coral Casablanca Teatro Afundación Vigo

Sábado 14 de maio

Concerto de Primavera da Coral casablanca e Orquestra "Con cierto sentido" Teatro Afundación Vigo

Sábado 11 de xuño

Concerto de Primavera dos coros filiais da fundación (coro Peque e coro Xuvenil)

Teatro Afundación Vigo

#### CUARTA.- OBRIGAS DE ASOCIACIÓN . MECANISMOS DE ASISTENCIA TÉCNICA

1. Organizar as actividades a través dun equipo de profesionais dirixidos e/ou supervisados pola ASOCIACIÓN, actuando como interlocutor único ante a CONCELLERÍA D. Ignacio Pérez Amoedo, presidente da entidade.
2. Responsabilizarse da organización integral do programa, difundilo amplamente, dispoñer dos espazos, e solicitar, de ser o caso, os permisos correspondentes para a utilización dos mesmos, solicitude de ocupación de vía pública, cargas e descargas, instalación de elementos, etc.
3. Cumprir o programa obxecto da subvención, de acordo co establecido neste convenio e no acordo de concesión, asumindo o aboamento dos gastos relativos á organización da actividade, tanto directos como indirectos (contratacións, produción, dereitos de autor derivados da programación, material de difusión, infraestruturas necesarias para o desenvolvemento efectivo da actividade).
4. Cumprir coas obrigas fiscais, así como das disposicións vixentes en materia laboral, de Seguridade Social e de saúde e hixiene no traballo.
5. Incorporar os anagramas-logotipos do Concello de Vigo na forma que se detalla na cláusula sétima, e comunicar as accións de difusión nas que se deberá facer mención expresa da subvención obxecto deste convenio.
6. Facilitar á CONCELLERÍA a información necesaria para a difusión do programa a través da páxina "vigocultura.org" e demais canles oficiais.
7. Comunicar á CONCELLERÍA as modificacións das circunstancias que fundamentasen a concesión da subvención (art.11.d da Lei 9/2007 de subvencións de Galicia), en particular os cambios ou cancelacións de elementos do proxecto de actividades, obtención doutras subvencións, axudas ou recursos que modifiquen o financiamento, no momento en que teña constancia da súa dispoñibilidade ou efectividade, e en todo caso, con anterioridade á xustificación da aplicación dada aos fondos percibidos; co obxecto de determinar a oportunidade da autorización da modificación ou substitución por outros programas, ou ben proceder á redución do importe da subvención concedida ou reintegro.  
A alteración das condicións tidas en conta para a concesión da subvención poderá dar lugar á modificación da resolución de concesión (art.17.3 da citada Lei).
8. A concesión da subvención á ASOCIACIÓN implica a súa aceptación das obrigas sinaladas na resolución de concesión e nas normativas citadas sobre subvencións; particularmente sobre as obrigas sinaladas nos artigos 11 e 12, xustificacións, reintegros e subcontratación previstos na Lei 9/2007 do 13 de xuño de subvencións de Galicia.

#### QUINTA.- OBRIGAS DA CONCELLERÍA. MECANISMOS DE ASISTENCIA TÉCNICA

1. Realizar o seguimento do desenvolvemento do programa de actividades contempladas neste convenio.
2. Xestionar o pagamento do importe da subvención (10.000 €), tras o cumprimento dos requisitos de xustificación e conformidades necesarias.

#### SEXTA.- MECANISMOS DE SEGUIMENTO DA SUBVENCIÓN E DO CONVENIO. UNIDADE XESTORA

Para o bo desenvolvemento do programa obxecto do convenio establecerase unha comisión mixta, integrada polos representantes citados de cada unha das institucións convenientes, ou persoa na que deleguen, aos que corresponderá o seguimento, interpretación e avaliación das accións derivadas do presente convenio.

O centro xestor da subvención á ASOCIACIÓN é a Área de Cultura do Concello de Vigo, a través do Xefe do servizo de Xestión e Promoción Cultural, a quen se informará sobre o desenvolvemento do programa, e comunicará os posibles cambios na programación e, especialmente, a súa incidencia nos presupostos que deron motivo á concesión da subvención, por se procedera a súa revisión.

O centro xestor ten a encomenda de comprobación da realización das actividades do proxecto subvencionado e de informar sobre a adecuada xustificación da subvención poñendo de manifesto, expresamente, o cumprimento total do obxecto da subvención ou aquelas circunstancias que imposibiliten a aprobación da xustificación, xunto coa conformidade dos documentos xustificativos presentados.

#### **SÉTIMA.- DIFUSIÓN DO CARÁCTER PÚBLICO DO FINANCIAMENTO E DAS ACTIVIDADES DO PROGRAMA**

Calquera que sexa o medio de difusión, a ASOCIACIÓN adoitará as medidas necesarias para publicitar axeitadamente o carácter público do financiamento do programa polo Concello de Vigo, as súas actividades e funcionamento; incorporando os anagrama-logotipo do Concello de Vigo, ademais das lendas indicadas pola Área de Cultura, en particular, no material gráfico editado, na páxina web, nas presentacións públicas, actividades, soportes e demais recursos de difusión e información xeral que se produzan sobre o evento, de acordo coa CONCELLERÍA.

Se no financiamento das actividades ou publicacións interveñen outras entidades distintas do Concello de Vigo, deberá acordarse coa CONCELLERÍA a prelación e características para cada caso.

O deseño gráfico de publicacións e materiais de difusión, deberá ser enviado á Área de Cultura, previamente ás impresións, como mínimo naquelas partes onde figuren as referencias da ASOCIACIÓN, Concello de Vigo e outras entidades que realicen algunha achega ao proxecto subvencionado no seu conxunto polo Concello. O material editado disporá dos depósitos legais correspondentes.

Así mesmo, a ASOCIACIÓN entregará o material de difusión suficiente, tanto para a súa conservación no expediente de subvención, como para a difusión da programación dende a CONCELLERÍA.

A difusión aos medios de comunicación de informacións sobre as actividades programadas (roldas de prensa, difusión de noticias, informacións, traballos, etc) deberá estar previamente comunicada ou acordada coa CONCELLERÍA.

A ASOCIACIÓN comprométese á utilización dunha linguaxe e imaxe non sexista nos materiais de publicidade que se empreguen para a difusión da actividade ou evento. Igualmente comprométese ao emprego de imaxes non estereotipadas e que fagan visible a achega das mulleres nas facetas públicas da sociedade e non só no eido privado ou familiar.

A ASOCIACIÓN facilitará á Área de Cultura, coa antelación suficiente, toda a información sobre o programa nos formatos axeitados, co fin de publicitalo en todos os soportes municipais (web, 010, Vigocultura, etc.).

#### Lingua de difusión e publicacións:

En consecuencia co establecido na vixente Ordenanza da Normalización Lingüística do Concello de Vigo, a lingua galega é a lingua principal de comunicación; polo tanto, e con carácter xeral, só se considerarán dentro do proxecto e programa subvencionado as publicacións e elementos de

*difusión e publicidade editados en galego, teñan ou non carácter periódico. A utilización doutras linguas distintas ao galego nas publicacións e difusión quedan sometidas aos acordos particulares coa CONCELLERÍA para que os elementos sexan subvencionables.*

#### **OITAVA.- PAGAMENTO DA SUBVENCIÓN**

*O CONCELLO xestionará o pagamento á ASOCIACIÓN polo importe da subvención outorgada ou resultante, logo da realización das actividades previstas no obxecto deste convenio e entrega do informe final coa rendición da conta xustificativa; previa aprobación da achega pola Xunta de Goberno Local, unha vez asinado o presente convenio por ambas partes, emisión dos informes técnicos, e co conforme do concelleiro-delegado da Área de Cultura.*

*A xustificación deberá facerse con documentos orixinais pola parte subvencionada e con copias das facturas polo resto do orzamento. Poderase substituír a presentación de copias de facturas polo gasto do proxecto ou actividade non subvencionada pola presentación dun balance que abrangue a totalidade do gasto ou por unha certificación na que se acredite que o programa ou actividade que foi obxecto da subvención foi executado na súa totalidade e o seu custo total foi de XXXXX euros.*

#### *Documentación a incluír na conta xustificativa:*

- *Solicitud de pagamento da subvención, a través do Rexistro Xeral do Concello de Vigo, tralo remate das actividades e, en todo caso, como límite o 9 de decembro de 2016*
- *Acreditar atoparse ao corrente das súas obrigas tributarias coa Axencia Tributaria, Consellería de Facenda da Xunta de Galicia, Tesourería Xeral da Seguridade Social e Concello de Vigo.*
- *Memoria de execución e avaliación da actividade realizada, que xustificará o cumprimento das condicións impostas e a consecución dos obxectivos, que deberá incluír como mínimo:*
  1. *Programa con información sobre organización, patrocinio, colaboradores, venda de entradas, etc.*
  2. *Datos sobre os participantes nas actividades, número e perfil dos asistentes.*
  3. *Memoria de prensa.*
  4. *Relación de material gráfico e de difusión contendo os logotipos do Concello de Vigo.*
  5. *Reportaxe fotográfica.*
- *Memoria económica contendo o balance detallado coa totalidade dos gastos e ingresos da actividade, con indicación dos acredores, conceptos facturados, datas de emisión e importe; acreditados con documentos orixinais pola parte subvencionada.*
- *Cando as actividades fosen financiadas, ademais de coa subvención, con fondos propios ou outras subvencións ou recursos, deberá acreditarse na xustificación o importe, a procedencia, data de ingreso e a aplicación de tales fondos ás actividades subvencionadas.*
- *As facturas ordenadas segundo o concepto de gasto a que se atribúen e nas que figure a ASOCIACIÓN como entidade destinataria, deberán recoller o seu número e data, CIF, denominación e domicilio social do emisor, conceptos, importes, IVE, etc. Estes xustificantes quedarán a disposición do Concello de Vigo. Non se admitirán facturas fotocopiadas ou compulsadas nin aquelas que non reúnan as condicións previstas no RD. 1619/2012, de 30 de novembro, polo que se regula o deber de expedir e entregar facturas que incumbe a empresarios e profesionais.*

- Nestas facturas computarase o gasto acreditado, deducindo o IVE, agás que xustifique que está exenta de IVE.
- Nas facturas ou nos documentos xustificativos dos gastos non deberá constar de forma expresa que o gasto foi pagado pola entidade beneficiaria con anterioridade á finalización do prazo de xustificación; entendéndose baixo a responsabilidade do beneficiario que o concepto facturado está realizado e conta coa súa conformidade.

Cando a entidade beneficiaria demande a devolución do orixinal presentado para a xustificación da subvención, solicitará a través da unidade xestora da tramitación administrativa do expediente o estampillado (art.73 do regulamento da Lei 38/2003 LXS) da factura orixinal indicando no mesmo o motivo da subvención, así como se o importe do xustificante se imputa total ou parcialmente á subvención recibida, indicándose neste caso o importe exacto que resulte afectado pola subvención. Posteriormente incorporarase ao expediente copia do xustificante orixinal estampillado e a unidade administrativa procederá á devolución do orixinal.

#### Gastos subvencionables:

Consideraranse gastos subvencionables, os realizados no ano 2016 que respondan directa e indubidablemente á natureza da actividade subvencionada, resulten estritamente necesarios e se realicen dentro do prazo establecido para a execución do proxecto, quedando excluídos os custos indirectos imputables á actividade, os custos de funcionamento ordinario da entidade, os de atencións protocolarias e representativas, e os gastos en inversións e adquisicións de material, equipos e bens de natureza inventariable.

En ningún caso o custo de adquisición dos gastos subvencionables poderá ser superior ao valor de mercado.

#### Importe total de subvencións ou axudas:

A subvención do Concello á ASOCIACIÓN é compatible con outras subvencións, axudas, ingresos ou recursos para a mesma finalidade procedentes de calquera outra administración ou de entes públicos ou privados, nacionais, da Unión Europea ou de organismos internacionais.

O importe das subvencións ou axudas percibidas pola ASOCIACIÓN para a actividade subvencionada en ningún caso poderá ser de tal contía que, illadamente ou en concorrencia con outras subvencións, axudas, ingresos ou recursos, supere o custo da actividade ou obxecto subvencionados (art.17.3 da Lei 9/2007 de subvencións de Galicia).

#### **NOVENA.- XUSTIFICACIÓN DA SUBVENCIÓN**

A axeitada xustificación da subvención, a realización da actividade subvencionada e o cumprimento da finalidade que determinou a súa concesión será comprobada pola Área de Cultura.

Os técnicos da Área de Cultura emitirán informe ao respecto facendo constar, no seu caso, todas aquelas circunstancias que poidan resultar relevantes en orde a considerar incumplida ou defectuosamente cumprida a actividade subvencionada.

#### **DÉCIMA.- INFORMACIÓN**

A beneficiaria deberá facilitar toda a información que lle sexa requirida pola CONCELLERÍA e pola Intervención Xeral Municipal, Tribunal de Contas e Consello de Contas, no exercicio das súas funcións de fiscalización e control do destino das subvencións.

#### **DÉCIMO PRIMEIRA.- REINTEGRO**

Procederá ao reintegro das cantidades percibidas e a esixencia de xuros de demora desde o pagamento da subvención até a data na que se acorde a procedencia do reintegro nos casos do artigo 33 LSG.

*Cando o incumprimento da actividade subvencionada se traduza nunha diminución significativa da actividade subvencionada, traducible a termos económicos en función do proxecto presentado e o seu presuposto que non implique verdadeiro incumprimento do obxectivo da subvención, procederá ao reintegro da subvención na mesma proporción. En todo caso procederá o reintegro do exceso da subvención sobre o custo da actividade subvencionada.*

#### **DÉCIMO SEGUNDA.- INFRACCIÓNS E SANCIÓN S**

*En canto ás infraccións e sancións en que poida incorrer a beneficiaria da subvención a que se refire este convenio e procedemento para a súa apreciación e imposición, estarase ao disposto no título IV da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia e no RD 1398/1993, de 4 de agosto, polo que se aprobou o regulamento do procedemento para o exercicio da potestade sancionadora.*

#### **DÉCIMO TERCEIRA.- PROTECCIÓN DE DATOS DE CARÁCTER PERSOAL**

*A beneficiaria está informada de que os seus datos e os do seu representante serán incorporados aos ficheiros municipais; de que a finalidade da súa recollida é a instrución do procedemento para a concesión da subvención obxecto do presente convenio, a práctica das publicacións, comunicacións e notificacións de obrigado cumprimento, o seguimento e comprobación da actividade subvencionada e demais actuacións previstas na Lei de subvencións de Galicia, en orde á conclusión do proceso de subvención, polo que a súa achega é obrigatoria.*

*Ditos datos serán tratados e protexidos de acordo co previsto na Lei 30/1992, do 26 de novembro de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común e na Lei 15/1999, do 13 de decembro, de protección de datos de carácter persoal, sendo responsable do seu tratamento a CONCELLERÍA.*

*A beneficiaria poderá exercer os dereitos de acceso, rectificación, cancelación e oposición ante a Concellería de Cultura do Concello de Vigo.*

#### **DÉCIMO CUARTA.- DEREITOS SOBRE A INFORMACIÓN E TITULARIDADE DOS RESULTADOS**

*Os resultados froito deste convenio, tales como documentais, catálogos, estudos, e demais material obtido da realización das actividades programadas, serán de titularidade e de uso común da CONCELLERÍA e da ASOCIACIÓN. Os resultados quedarán para futuras edicións e ámbalas dúas partes poderán utilizalo nun futuro indistintamente.*

*A CONCELLERÍA resérvase o dereito de publicar os resultados, parciais ou finais, obtidos durante a execución do convenio que, en todo caso, terán carácter público.*

*Calquera transformación dos resultados do programa de colaboración conxunta requirirá o consentimento expreso das partes asinantes do convenio.*

#### **DÉCIMO QUINTA.- PARTICIPACIÓN DOS COLABORADORES DA ASOCIACIÓN**

*O asinamento deste convenio non implica relación laboral, contractual ou de calquera outra índole entre a ASOCIACIÓN e os profesionais ao seu servizo que vaian desenvolver as actividades previstas, e o Concello de Vigo, de tal xeito que a este non se lle poderá esixir responsabilidade ningunha, nin directa, nin subsidiaria, polos actos ou feitos acaecidos no desenvolvemento do convenio.*

#### DÉCIMO SEXTA.- VIXENCIA

O presente convenio estenderá a súa vixencia desde a data da súa sinatura até o 31 de decembro de 2016, e non será prorrogable.

#### DECIMO SÉTIMA.- MODIFICACIÓN, DENUNCIA E RESOLUCIÓN DE CONTROVERSIAS

Calquera das súas partes asinantes poderá denunciar ou modificar o presente convenio previa notificación escrita cunha antelación mínima de tres meses.

O incumprimento de calquera das obrigas contraídas no presente convenio por unha das partes facultará á outra para resolver o mesmo, quedando automaticamente anulados todos os dereitos correspondentes sobre o obxecto programa de colaboración conxunta, pero non así as obrigas contraídas no mesmo.

Por parte do Concello de Vigo, a Xunta de Goberno Local resolverá as posibles controversias derivadas da execución ou interpretación deste convenio e a CONCELLERÍA queda facultada para adoptar as medidas que contribúan ao seu cumprimento e desenvolvemento.

#### DÉCIMO OITAVA.- LEXISLACIÓN APLICABLE

A concesión da subvención obxecto do presente convenio rexeráse pola Lei 38/2003 do 17 de novembro, xeral de subvencións e o RD 887/2006, do 21 de xuño, polo que se aprobou o seu regulamento, nos seus preceptos básicos; R.D.L. 2/2004, de 5 de marzo TRLRFL, Lei 7/1985, de 2 de abril RBRL e demais lexislación básica do estado en materia de réxime local; a Lei 9/2007, de 13 de xuño de subvencións de Galicia; os preceptos non básicos da Lei 38/2003 e do RD 887/2006; polos pactos que se conteñen neste convenio; as bases de execución dos vixentes orzamentos municipais e as restantes normas de dereito administrativo, e no seu defecto, as normas de dereito privado.

Será responsabilidade da entidade a correspondente xestión e autorización dos dereitos de autor, ou de calquera outra obriga derivada do Real decreto-lexislativo 1/1996 do 12 de abril, polo que se aproba o Texto refundido da lei de propiedade intelectual.

En proba de conformidade de canto antecede, asinan por triplicado exemplar o presente documento de convenio no lugar e data arriba indicados.

O concelleiro-delegado da Área  
de Cultura  
Cayetano Rodríguez Escudero

O presidente da Fundación Coral Casablanca  
  
Ignacio Pérez Amoedo

#### ANEXO I

#### ORZAMENTO DO PROGRAMA ANUAL DE CONCERTOS DA FUNDACIÓN CORAL CASABLANCA 2016

##### 1.- GASTOS:

Gastos bancarios	427,82 €
Gastos orquestra	8.025 €
Aluguer de teatro	2.742,60 €
Seguridade Social e IRPF	8.663,50 €
Salarios	13.800 €
Xestoría	2.461,60 €

<i>Dominio internet</i>	99,99 €
<i>Afinación piano</i>	326,70 €
<i>Gastos informáticos</i>	242 €
<i>Publicidade</i>	80,34 €
<i>Transportes</i>	646,95 €
<b>TOTAL GASTOS</b>	<b>37.526,50 €</b>
<b><u>2.- INGRESOS:</u></b>	
<i>Subvención Concello de Vigo</i>	10.000 €
<i>Aportación da entidade</i>	17.717 €
<i>Subvención Xunta de Galicia</i>	1.500 €
<i>Venda de entradas</i>	6.000 €
<b>TOTAL INGRESOS</b>	<b>35.217 €</b>

**12(1070).- PROXECTO DE CONVENIO COA ASOCIACIÓN CULTURAL VERTIXE PARA A ORGANIZACIÓN DO FESTIVAL INTERNACIONAL DE CREACIÓN MUSICAL CONTEMPORÁNEA 2016. EXPTE. 991/330.**

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe xurídico do 14/10/16 e o informe de fiscalización do 28/10/16, dáse conta do informe-proposta do 13/10/16, asinado polo xefe do Servizo de Xestión e Promoción Cultural, polo concelleiro-delegado da Área de Cultura e polo concelleiro-delegado da Área de Orzamentos, que di o seguinte:

*“Con data 14 de setembro pasado, a asociación ASOCIACIÓN CULTURAL VERTIXE presenta no Rexistro Xeral solicitude de subvención e presenta a documentación ao respecto; por este motivo, con data 10 de outubro pasado, o concelleiro-delegado da Área de Cultura resolveu que por parte desta xefatura se iniciase o expediente de subvención correspondente para a organización e realización do Festival Internacional de creación musical contemporánea 2016, e realizar un convenio con esta entidade para regulala, por importe de 10.000 € con cargo á aplicación orzamentaria 3340.480.00.00 do orzamento municipal vixente.*

**ANTECEDENTES.-**

*A ASOCIACIÓN CULTURAL VERTIXE é unha entidade inscrita no Rexistro Central de Asociacións da Xunta de Galicia e entre os seus fins está a difusión das músicas actuais e o estímulo e interpretación de novas creacións de compositores de Galicia, norte de Portugal e do resto da península e iberoamérica. A asociación ven desenvolvendo unha labor de continuidade no campo da promoción da música contemporánea e en concreto organiza o programa Festival Internacional de creación musical contemporánea, un programa de concertos e actividades que ofrece unha panorámica ampla e desprexuízada da creación sonora internacional.*

**PROGRAMA:**

*Xoves 3 de novembro  
TROIS FOIS SILENCE. Vertixe Sonora Ensemble  
MARCO*

Sábado 12 de novembro  
O ESPIRO DE FRED OTT. Oh Ton Ensemble.  
MARCO

Xoves 17 de novembro  
MESA E OBXECTOS. Ángel Faraldo  
Ermida Nosa Señora da Guía

Sábado 19 de novembro  
LUZ-NON-LUZ  
Auditorio Municipal do Concello

Domingo 11 de decembro  
Vertixe Sonora Ensemble  
Casa das Artes

#### ACTIVIDADES DE DINAMIZACIÓN EN PARALELO

\* AGUZAR Ó OÍDO III. Curso de achegamento á música contemporánea. MARCO

\* ALIEN 2016. Obradoiros instrumentais. Conservatorio Superior de Música de Vigo

- Sábado 29 de outubro. Christophe Desjardins, viola

- Sábado 29 de outubro. Teodoro Anzellotti, acordeón

\* MÚSICAPORDENTRO2016. Proxecto de achegamento ao feito sonoro para Primaria e Secundaria

\* CONFERENCIAS. Conservatorio Superior de Música de Vigo

- Mércores 2 de novembro. 11:00 a 12:00 h

TROIS FOIS SILENCE con Januíbe Tejera CSM Vigo

- Venres 18 de novembro. 11:00 a 14:00 h

LUZ-NON-LUZ Anahita Abbasi, Bernardo Barros, Eduardo Caballero

- Venres 9 de decembro. 11:00 a 13:00 h

DROIT SUR LES CLOCHES con Eduardo Moguillansky

A memoria económica que se achega ao presente convenio, incorpora o presuposto xeral de gastos do programa obxecto do convenio polo importe total de 40.675 € (corenta mil seiscentos setenta e cinco euros), financiándose coas seguintes achegas:

- Concello de Vigo: 10.000 € (24,59%)
- AGADIC: 15.000 € (36,88 %)
- Concello de Pontevedra: 5.500 € (13,52 %)
- Universidade de Vigo-Vicerreitorado de Pontevedra: 3.000 € (7,37 %)
- Universidade de Vigo-Servizo de Igualdade: 3.000 € (7,37 %)
- INAEM: 2.500 € (6,15 %)
- Instituto Francés: 1.000 € (2,46 %)
- Venda de entradas: 675 € (1,66 %)

#### DOCUMENTACIÓN.-

Por parte da asociación , presentouse a documentación relativa ao expediente de subvención, que está integrada pola seguinte:

- *Solicitud de subvención*
- *Proxecto e orzamento da actividade*
- *NIF do Presidente*
- *CIF da Asociación*
- *Estatutos da Asociación*
- *Certificado de estar ao corrente de pagos coa Xunta de Galicia*
- *Certificado de estar ao corrente de pagos co Concello de Vigo*
- *Certificado de estar ao corrente de pagos coa Seguridade Social*
- *Certificado de estar ao corrente de pagos coa Facenda*
- *Certificación da conta bancaria*
- *Declaración de non estar incurso en prohibición para obter subvencións.*
- *Declaración doutras axudas.*
- *Capacidade legal do presidente da entidade*
- *Certificado exención de iva*
- *Escrito de data 13 de outubro pasado, remitido pola ASOCIACIÓN CULTURAL VERTIXE de aceptación do texto do convenio de colaboración proposto, relativo á organización e realización do Festival Internacional de creación musical contemporánea 2016.*

#### LEXISLACIÓN APLICABLE.-

*A concesión da subvención que outorgue o Concello de Vigo á asociación ASOCIACIÓN CULTURAL VERTIXE, para a organización e realización do Festival Internacional de creación musical contemporánea 2016, obxecto do presente convenio rexeráse pola Lei 38/2003 do 17 de novembro, xeral de subvencións e o RD 887/2006, do 21 de xuño, polo que se aprobou o seu regulamento, nos seus preceptos básicos; R.D. Leg 2/2004, de 5 de marzo TRLRFL, Lei 7/1985, de 2 de abril RBRL e demais lexislación básica do estado en materia de réxime local; a Lei 9/2007, de 13 de xuño de subvencións de Galicia; os preceptos non básicos da Lei 38/2003 e do RD 887/2006; polos pactos que se conteñen neste convenio; as bases de execución dos vixentes orzamentos municipais e as restantes normas de dereito administrativo, e no seu defecto, as normas de dereito privado.*

*Será responsabilidade da entidade a correspondente xestión e autorización dos dereitos de autor, ou de calquera outra obriga derivada do Real Decreto-lexislativo 1/1996 do 12 de abril, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei de Propiedade Intelectual.*

*A concesión da subvención directa á ASOCIACIÓN CULTURAL VERTIXE deberá axustarse ao previsto no art.22.2 apartados a) e c) da Lei 38/2003 xeral de subvencións, tanto por estar prevista nominativamente no presuposto do Concello de Vigo de 2015, como polo interese público, social e cultural que supón a actividade para a cidade de Vigo; acreditado na concordancia do programa singular a executar, os fins estatutarios da entidade, a súa complementariedade ca actividade cultural organizada polo Concello e marcada diferenza ca oferta doutras entidades, polo cal non procede promover a concorrencia para o seu outorgamento.*

*De acordo co previsto no art. 26.1 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, os convenios serán o instrumento habitual para canalizar as subvencións previstas nominativa*

### ÓRGANO DE RESOLUCIÓN E ÁMBITO DE COMPETENCIAS .-

O órgano de goberno para a concesión desta subvención directa é a Xunta de Goberno Local.

O obxecto do expediente corresponde a materias de competencia propia do Concello segundo os artigos 25.2. m da Lei 7/1985, do 2 de abril, promoción da cultura e equipamentos culturais e o 80.2. n) (actividades culturais) da Lei 5/1997, de administración local de Galicia.

### FINANCIAMENTO DA SUBVENCIÓN.-

A subvención do Concello de Vigo á ASOCIACIÓN CULTURAL VERTIXE ten como obxecto financiar a organización do Festival Internacional de creación musical contemporánea 2016 e figura na partida 3340.480.00.00 "CONVENIO FESTIVAL VERTIXE SONORA", a concesión dunha subvención nominativa por importe de 10.000 €, a favor da devandita entidade.

A subvención do Concello de Vigo á ASOCIACIÓN CULTURAL VERTIXE é compatible con outras subvencións, axudas, ingresos ou recursos para a mesma finalidade procedentes de calquera outras administracións ou entes públicos ou privados.

### CONDICIÓN DE CONCESIÓN DA SUBVENCIÓN

A resolución de concesión da subvención deberá establecer as condicións e compromisos aplicables (segundo se establece tanto na Lei Xeral de Subvencións como na Lei de subvencións de Galicia), que se detallan no texto de proposta de convenio.

Coa conformidade do concelleiro-delegado da Área de Cultura e mailo concelleiro-delegado da Área de Orzamentos e Facenda, tralos informes xurídico e da Intervención Xeral do Concello de Vigo, faise a seguinte

### PROPOSTA Á XUNTA DE GOBERNO LOCAL.-

"PRIMEIRO.- Aprobar a concesión directa da subvención de 10.000€ (dez mil euros) á ASOCIACIÓN CULTURAL VERTIXE, CIF. G27751296, para o financiamento do Festival Internacional de creación musical contemporánea 2016, organizado por esta entidade; e autorizar e dispoñer o devandito gasto con cargo á aplicación orzamentaria 3340.480.00.00 "CONVENIO FESTIVAL VERTIXE SONORA", que figura no orzamento municipal vixente do Concello de Vigo.

SEGUNDO.- Que se aprobe o texto do proxecto de convenio entre o Concello de Vigo e a ASOCIACIÓN CULTURAL VERTIXE que regula o desenvolvemento da subvención outorgada para o financiamento do Festival Internacional de creación musical contemporánea 2016."

### **Acordo:-**

A Xunta de Goberno Local aproba a proposta contida no precedente informe.

*PROXECTO DE CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE O CONCELLO DE VIGO E A ASOCIACIÓN CULTURAL VERTIXE, RELATIVO Á ACHEGA DO CONCELLO PARA A ORGANIZACIÓN DO FESTIVAL INTERNACIONAL DE CREACIÓN MUSICAL CONTEMPORÁNEA 2016.*

*En Vigo, \_ de \_\_\_\_\_ de dous mil dezaseis*

*REÚNENSE*

*A Concellería de Cultura (en adiante CONCELLERÍA), e no seu nome e representación, D. Cayetano Rodríguez Escudero, en virtude do seu cargo de concelleiro-delegado da Área de Cultura, Concello de Vigo (CIF P3605700H), para o que foi nomeado polo decreto de delegación de Alcaldía e acordo da Xunta de Goberno Local, ambos de data 19 de xuño de 2015; con enderezo na Praza do Rei nº 1, CP 36202; no exercicio das facultades e demais funcións que lle foron conferidas por razón do seu cargo,*

*Doutra, D. Ramón Souto Caride, na súa condición de presidente da Asociación Cultural Vertixe (CIF G27751296) (en adiante a ASOCIACIÓN), con enderezo na rúa Canceleiro, 16, 2º B, CP 36201 da cidade de Vigo, actuando en nome e representación da devandita entidade, segundo as facultades que lle outorgan os seus estatutos.*

*Ámbalas dúas partes teñen plena capacidade para levar adiante este convenio e,*

*MANIFESTAN*

*I.- Que a ASOCIACIÓN CULTURAL VERTIXE é unha entidade inscrita no Rexistro Central de Asociacións da Xunta de Galicia e entre os seus fins está a difusión das músicas actuais e o estímulo e interpretación de novas creacións de compositores de Galicia, norte de Portugal e do resto da península e iberoamérica. A asociación ven desenvolvendo unha labor de continuidade no campo da promoción da música contemporánea e en concreto organiza o programa Festival Internacional de creación musical contemporánea, un programa de concertos e actividades que ofrece unha panorámica ampla e desprexuízada da creación sonora internacional.*

*II.- Que o Concello de Vigo, coñecedor de ditas actividades e accións e no exercicio da súa competencia propia de promoción da cultura, que lle recoñece o artigo 25 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases de réxime local, na vixente redacción, dada pola Lei 27/2013, de 27 de decembro, de racionalización e sostibilidade da Administración Local, desexa promover e colaborar economicamente na execución da programación da ASOCIACIÓN CULTURAL VERTIXE , como medio que é de promover a música contemporánea na cidade.*

*III.- Que con esta finalidade o vixente Orzamento Xeral do Concello de Vigo inclúe na aplicación orzamentaria 3340.480.00.00, como subvención nominativa, a favor da ASOCIACIÓN CULTURAL VERTIXE, a cantidade de 10.000 euros.*

*IV.- Que a ASOCIACIÓN CULTURAL VERTIXE non está incursoa en prohibición para ser beneficiaria das subvencións obxecto da Lei de subvencións de Galicia, atópase ao corrente das súas obrigas tributarias e coa Seguridade Social, e non ten débedas pendentes co Concello de Vigo, segundo resulta das declaracións responsables e certificacións que figuran no expediente administrativo arriba citado.*

*V.- De acordo co disposto nos artigos 28.1 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións e 26,1 da Lei 9/2007, o convenio será o instrumento habitual para canalizar as*

subvencións previstas de forma nominativa no orzamento da Administración concedente, polo que as partes acordan asinar o presente convenio de colaboración para regular os termos da concesión da subvención, que ten como obxecto a organización de devandito programa.

De conformidade ás precedentes consideracións e dado o interese común das partes asinantes nas que as dúas teñen intereses coincidentes, e co fin de acadar unha maior eficacia na execución das actuacións, é polo que asinan o presente convenio de colaboración de acordo coas seguintes

## CLÁUSULAS

### PRIMEIRA.- OBXECTO

A través do presente convenio, establécense as condicións polas que se rexerá a colaboración entre a CONCELLERÍA e maila ASOCIACIÓN para desenvolver o programa Festival Internacional de cración musical contemporánea durante o exercicio 2016, que se detalla na documentación achegada pola entidade no presente expediente de aprobación do convenio

### SEGUNDA.- PRESUPOSTO E FINANCIAMENTO

A memoria económica que se achega ao presente convenio, presentado pola ASOCIACIÓN, incorpora o presuposto xeral de gastos do programa obxecto do mesmo, polo importe total de 40.675 € (corenta mil seiscientos setenta e cinco euros), financiándose coas seguintes achegas:

- Concello de Vigo: 10.000 € (24,59%)
- AGADIC: 15.000 € (36,88 %)
- Concello de Pontevedra: 5.500 € (13,52 %)
- Universidade de Vigo-Vicerreitorado de Pontevedra: 3.000 € (7,37 %)
- Universidade de Vigo-Servizo de Igualdade: 3.000 € (7,37 %)
- INAEM: 2.500 € (6,15 %)
- Instituto Francés: 1.000 € (2,46 %)
- Venda de entradas: 675 € (1,66 %)

### TERCEIRA.- DATAS E LUGARES DO PROGRAMA

Xoves 3 de novembro

TROIS FOIS SILENCE. Vertixe Sonora Ensemble  
MARCO

Sábado 12 de novembro

O ESPIRRO DE FRED OTT. Oh Ton Ensemble.  
MARCO

Xoves 17 de novembro

MESA E OBXECTOS. Ángel Faraldo  
Ermida Nosa Señora da Guía

Sábado 19 de novembro

LUZ-NON-LUZ  
Auditorio Municipal do Concello

Domingo 11 de decembro

Vertixe Sonora Ensemble  
Casa das Artes

## ACTIVIDADES DE DINAMIZACIÓN EN PARALELO

\* AGUZAR Ó OÍDO III. Curso de achegamento á música contemporánea. MARCO

\* ALIEN 2016. Obradoiros instrumentais. Conservatorio Superior de Música de Vigo

- Sábado 29 de outubro. Christophe Desjardins, viola

- Sábado 29 de outubro. Teodoro Anzellotti, acordeón

\* MÚSICAPORDENTRO2016. Proxecto de achegamento ao feito sonoro para Primaria e Secundaria

\* CONFERENCIAS. Conservatorio Superior de Música de Vigo

- Mércores 2 de novembro. 11:00 a 12:00 h

TROIS FOIS SILENCE con Januibe Tejera CSM Vigo

- Venres 18 de novembro. 11:00 a 14:00 h

LUZ-NON-LUZ Anahita Abbasi, Bernardo Barros, Eduardo Caballero

- Venres 9 de decembro. 11:00 a 13:00 h

DROIT SUR LES CLOCHES con Eduardo Moguillansky

## CUARTA.- OBRIGAS DE ASOCIACIÓN . MECANISMOS DE ASISTENCIA TÉCNICA

1. Organizar as actividades a través dun equipo de profesionais dirixidos e/ou supervisados pola ASOCIACIÓN, actuando como interlocutor único ante a CONCELLERÍA D. Ramón Souto Caride, presidente da entidade.
2. Responsabilizarse da organización integral do programa, difundilo amplamente, dispoñer dos espazos, e solicitar, de ser o caso, os permisos correspondentes para a utilización dos mesmos, solicitude de ocupación de vía pública, cargas e descargas, instalación de elementos, etc.
3. Cumprir o programa obxecto da subvención, de acordo co establecido neste convenio e no acordo de concesión, asumindo o aboamento dos gastos relativos á organización da actividade, tanto directos como indirectos (contratacións, produción, dereitos de autor derivados da programación, material de difusión, infraestruturas necesarias para o desenvolvemento efectivo da actividade).
4. Cumprir coas obrigas fiscais, así como das disposicións vixentes en materia laboral, de Seguridade Social e de saúde e hixiene no traballo.
5. Incorporar os anagramas-logotipos do Concello de Vigo na forma que se detalla na cláusula sétima, e comunicar as accións de difusión nas que se deberá facer mención expresa da subvención obxecto deste convenio.
6. Facilitar á CONCELLERÍA a información necesaria para a difusión do programa a través da páxina "vigocultura.org" e demais canles oficiais.
7. Comunicar á CONCELLERÍA as modificacións das circunstancias que fundamentasen a concesión da subvención (art.11.d da Lei 9/2007 de subvencións de Galicia), en particular os cambios ou cancelacións de elementos do proxecto de actividades, obtención doutras subvencións, axudas ou recursos que modifiquen o financiamento, no momento en que teña constancia da súa dispoñibilidade ou efectividade, e en todo caso, con anterioridade á xustificación da aplicación dada aos fondos percibidos; co obxecto de determinar a oportunidade da autorización da modificación ou substitución por outros programas, ou ben proceder á redución do importe da subvención concedida ou reintegro.

*A alteración das condicións tidas en conta para a concesión da subvención poderá dar lugar á modificación da resolución de concesión (art.17.3 da citada Lei).*

- 8. A concesión da subvención á ASOCIACIÓN implica a súa aceptación das obrigas sinaladas na resolución de concesión e nas normativas citadas sobre subvencións; particularmente sobre as obrigas sinaladas nos artigos 11 e 12, xustificacións, reintegros e subcontratación previstos na Lei 9/2007 do 13 de xuño de subvencións de Galicia.*

#### **QUINTA.- OBRIGAS DA CONCELLERÍA. MECANISMOS DE ASISTENCIA TÉCNICA**

- 1. Realizar o seguimento do desenvolvemento do programa de actividades contempladas neste convenio.*
- 2. Xestionar o pagamento do importe da subvención (10.000 €), tras o cumprimento dos requisitos de xustificación e conformidades necesarias.*

#### **SEXTA.- MECANISMOS DE SEGUIMENTO DA SUBVENCIÓN E DO CONVENIO. UNIDADE XESTORA**

*Para o bo desenvolvemento do programa obxecto do convenio establecerase unha comisión mixta, integrada polos representantes citados de cada unha das institucións convenientes, ou persoa na que deleguen, aos que corresponderá o seguimento, interpretación e avaliación das accións derivadas do presente convenio.*

*O centro xestor da subvención á ASOCIACIÓN é a Área de Cultura do Concello de Vigo, a través do Xefe do servizo de Xestión e Promoción Cultural, a quen se informará sobre o desenvolvemento do programa, e comunicará os posibles cambios na programación e, especialmente, a súa incidencia nos presupostos que deron motivo á concesión da subvención, por se procedera a súa revisión.*

*O centro xestor ten a encomenda de comprobación da realización das actividades do proxecto subvencionado e de informar sobre a adecuada xustificación da subvención poñendo de manifesto, expresamente, o cumprimento total do obxecto da subvención ou aquelas circunstancias que imposibiliten a aprobación da xustificación, xunto coa conformidade dos documentos xustificativos presentados.*

#### **SÉTIMA.- DIFUSIÓN DO CARÁCTER PÚBLICO DO FINANCIAMENTO E DAS ACTIVIDADES DO PROGRAMA**

*Calquera que sexa o medio de difusión, a ASOCIACIÓN adoitará as medidas necesarias para publicitar axeitadamente o carácter público do financiamento do programa polo Concello de Vigo, as súas actividades e funcionamento; incorporando os anagrama-logotipo do Concello de Vigo, ademais das lendas indicadas pola Área de Cultura, en particular, no material gráfico editado, na páxina web, nas presentacións públicas, actividades, soportes e demais recursos de difusión e información xeral que se produzan sobre o evento, de acordo coa CONCELLERÍA.*

*Se no financiamento das actividades ou publicacións interveñen outras entidades distintas do Concello de Vigo, deberá acordarse coa CONCELLERÍA a prelación e características para cada caso.*

*O deseño gráfico de publicacións e materiais de difusión, deberá ser enviado á Área de Cultura, previamente ás impresións, como mínimo naquelas partes onde figuren as referencias da ASOCIACIÓN, Concello de Vigo e outras entidades que realicen algunha achega ao proxecto subvencionado no seu conxunto polo Concello. O material editado disporá dos depósitos legais correspondentes.*

*Así mesmo, a ASOCIACIÓN entregará o material de difusión suficiente, tanto para a súa conservación no expediente de subvención, como para a difusión da programación dende a CONCELLERÍA.*

A difusión aos medios de comunicación de informacións sobre as actividades programadas (roldas de prensa, difusión de noticias, informacións, traballos, etc) deberá estar previamente comunicada ou acordada coa CONCELLERÍA.

A ASOCIACIÓN comprométese á utilización dunha linguaxe e imaxe non sexista nos materiais de publicidade que se empreguen para a difusión da actividade ou evento. Igualmente comprométese ao emprego de imaxes non estereotipadas e que fagan visible a achega das mulleres nas facetas públicas da sociedade e non só no eido privado ou familiar.

A ASOCIACIÓN facilitará á Area de Cultura, coa antelación suficiente, toda a información sobre o programa nos formatos axeitados, co fin de publicitalo en todos os soportes municipais (web, 010, Vigocultura, etc.).

Lingua de difusión e publicacións:

En consecuencia co establecido na vixente Ordenanza da Normalización Lingüística do Concello de Vigo, a lingua galega é a lingua principal de comunicación; polo tanto, e con carácter xeral, só se considerarán dentro do proxecto e programa subvencionado as publicacións e elementos de difusión e publicidade editados en galego, teñan ou non carácter periódico. A utilización doutras linguas distintas ao galego nas publicacións e difusión quedan sometidas aos acordos particulares coa CONCELLERÍA para que os elementos sexan subvencionables.

**OITAVA.- PAGAMENTO DA SUBVENCIÓN**

O CONCELLO xestionará o pagamento á ASOCIACIÓN polo importe da subvención outorgada ou resultante, logo da realización das actividades previstas no obxecto deste convenio e entrega do informe final coa rendición da conta xustificativa; previa aprobación da achega pola Xunta de Goberno Local, unha vez asinado o presente convenio por ambas partes, emisión dos informes técnicos, e co conforme do concelleiro-delegado da Área de Cultura.

A xustificación deberá facerse con documentos orixinais pola parte subvencionada e con copias das facturas polo resto do orzamento. Poderase substituír a presentación de copias de facturas polo gasto do proxecto ou actividade non subvencionada pola presentación dun balance que abrangue a totalidade do gasto ou por unha certificación na que se acredite que o programa ou actividade que foi obxecto da subvención foi executado na súa totalidade e o seu custo total foi de XXXXX euros.

Documentación a incluír na conta xustificativa:

- Solicitud de pagamento da subvención, a través do Rexistro Xeral do Concello de Vigo, tralo remate das actividades e, en todo caso, como limite o 12 de decembro de 2016
- Acreditar atoparse ao corrente das súas obrigas tributarias coa Axencia Tributaria, Consellería de Facenda da Xunta de Galicia, Tesourería Xeral da Seguridade Social e Concello de Vigo.
- Memoria de execución e avaliación da actividade realizada, que xustificará o cumprimento das condicións impostas e a consecución dos obxectivos, que deberá incluír como mínimo:
  1. Programa con información sobre organización, patrocinio, colaboradores, venda de entradas, etc.
  2. Datos sobre os participantes nas actividades, número e perfil dos asistentes.
  3. Memoria de prensa.
  4. Relación de material gráfico e de difusión contendo os logotipos do Concello de Vigo.
  5. Reportaxe fotográfica.

- Memoria económica contendo o balance detallado coa totalidade dos gastos e ingresos da actividade, con indicación dos acredores, conceptos facturados, datas de emisión e importe; acreditados con documentos orixinais pola parte subvencionada.
- Cando as actividades fosen financiadas, ademais de coa subvención, con fondos propios ou outras subvencións ou recursos, deberá acreditarse na xustificación o importe, a procedencia, data de ingreso e a aplicación de tales fondos ás actividades subvencionadas.
- As facturas ordenadas segundo o concepto de gasto a que se atribúen e nas que figure a ASOCIACIÓN como entidade destinataria, deberán recoller o seu número e data, CIF, denominación e domicilio social do emisor, conceptos, importes, IVE, etc. Estes xustificantes quedarán a disposición do Concello de Vigo. Non se admitirán facturas fotocopiadas ou compulsadas nin aquelas que non reúnan as condicións previstas no RD. 1619/2012, de 30 de novembro, polo que se regula o deber de expedir e entregar facturas que incumbe a empresarios e profesionais.
- Nestas facturas computarase o gasto acreditado, deducindo o IVE, agás que xustifique que está exenta de IVE.
- Nas facturas ou nos documentos xustificativos dos gastos non deberá constar de forma expresa que o gasto foi pagado pola entidade beneficiaria con anterioridade á finalización do prazo de xustificación; entendéndose baixo a responsabilidade do beneficiario que o concepto facturado está realizado e conta coa súa conformidade.

Cando a entidade beneficiaria demande a devolución do orixinal presentado para a xustificación da subvención, solicitará a través da unidade xestora da tramitación administrativa do expediente o estampillado (art.73 do regulamento da Lei 38/2003 LXS) da factura orixinal indicando no mesmo o motivo da subvención, así como se o importe do xustificante se imputa total ou parcialmente á subvención recibida, indicándose neste caso o importe exacto que resulte afectado pola subvención. Posteriormente incorporarase ao expediente copia do xustificante orixinal estampillado e a unidade administrativa procederá á devolución do orixinal.

#### Gastos subvencionables:

Consideraranse gastos subvencionables, os realizados no ano 2016 que respondan directa e indubidablemente á natureza da actividade subvencionada, resulten estritamente necesarios e se realicen dentro do prazo establecido para a execución do proxecto, quedando excluídos os custos indirectos imputables á actividade, os custos de funcionamento ordinario da entidade, os de atencións protocolarias e representativas, e os gastos en inversións e adquisicións de material, equipos e bens de natureza inventariable.

En ningún caso o custo de adquisición dos gastos subvencionables poderá ser superior ao valor de mercado.

#### Importe total de subvencións ou axudas:

A subvención do Concello á ASOCIACIÓN é compatible con outras subvencións, axudas, ingresos ou recursos para a mesma finalidade procedentes de calquera outra administración ou de entes públicos ou privados, nacionais, da Unión Europea ou de organismos internacionais.

O importe das subvencións ou axudas percibidas pola ASOCIACIÓN para a actividade subvencionada en ningún caso poderá ser de tal contía que, illadamente ou en concorrencia con outras subvencións, axudas, ingresos ou recursos, supere o custo da actividade ou obxecto subvencionados (art.17.3 da Lei 9/2007 de subvencións de Galicia).

#### NOVENA.- XUSTIFICACIÓN DA SUBVENCIÓN

A axeitada xustificación da subvención, a realización da actividade subvencionada e o cumprimento da finalidade que determinou a súa concesión será comprobada pola Área de Cultura.

Os técnicos da Área de Cultura emitirán informe ao respecto facendo constar, no seu caso, todas aquelas circunstancias que poidan resultar relevantes en orde a considerar incumprida ou defectuosamente cumprida a actividade subvencionada.

#### **DÉCIMA.- INFORMACIÓN**

A beneficiaria deberá facilitar toda a información que lle sexa requirida pola CONCELLERÍA e pola Intervención Xeral Municipal, Tribunal de Contas e Consello de Contas, no exercicio das súas funcións de fiscalización e control do destino das subvencións.

#### **DÉCIMO PRIMEIRA.- REINTEGRO**

Procederá ao reintegro das cantidades percibidas e a esixencia de xuros de demora desde o pagamento da subvención até a data na que se acorde a procedencia do reintegro nos casos do artigo 33 LSG.

Cando o incumprimento da actividade subvencionada se traduza nunha diminución significativa da actividade subvencionada, traducible a termos económicos en función do proxecto presentado e o seu presuposto que non implique verdadeiro incumprimento do obxectivo da subvención, procederá ao reintegro da subvención na mesma proporción. En todo caso procederá o reintegro do exceso da subvención sobre o custo da actividade subvencionada.

#### **DÉCIMO SEGUNDA.- INFRACCIÓN E SANCIÓN**

En canto ás infraccións e sancións en que poida incurrir a beneficiaria da subvención a que se refire este convenio e procedemento para a súa apreciación e imposición, estarase ao disposto no título IV da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia e no RD 1398/1993, de 4 de agosto, polo que se aprobou o regulamento do procedemento para o exercicio da potestade sancionadora.

#### **DÉCIMO TERCEIRA.- PROTECCIÓN DE DATOS DE CARÁCTER PERSOAL**

A beneficiaria está informada de que os seus datos e os do seu representante serán incorporados aos ficheiros municipais; de que a finalidade da súa recollida é a instrución do procedemento para a concesión da subvención obxecto do presente convenio, a práctica das publicacións, comunicacións e notificacións de obrigado cumprimento, o seguimento e comprobación da actividade subvencionada e demais actuacións previstas na Lei de subvencións de Galicia, en orde á conclusión do proceso de subvención, polo que a súa achega é obrigatoria.

Ditos datos serán tratados e protexidos de acordo co previsto na Lei 30/1992, do 26 de novembro de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común e na Lei 15/1999, do 13 de decembro, de protección de datos de carácter persoal, sendo responsable do seu tratamento a CONCELLERÍA.

A beneficiaria poderá exercer os dereitos de acceso, rectificación, cancelación e oposición ante a Concellería de Cultura do Concello de Vigo.

#### **DÉCIMO CUARTA.- DEREITOS SOBRE A INFORMACIÓN E TITULARIDADE DOS RESULTADOS**

Os resultados froito deste convenio, tales como documentais, catálogos, estudos, e demais material obtido da realización das actividades programadas, serán de titularidade e de uso común da CONCELLERÍA e da ASOCIACIÓN. Os resultados quedarán para futuras edicións e ámbalas dúas partes poderán utilizalo nun futuro indistintamente.

*A CONCELLERÍA resérvase o dereito de publicar os resultados, parciais ou finais, obtidos durante a execución do convenio que, en todo caso, terán carácter público.*

*Calquera transformación dos resultados do programa de colaboración conxunta requirirá o consentimento expreso das partes asinantes do convenio.*

#### **DÉCIMO QUINTA.- PARTICIPACIÓN DOS COLABORADORES DA ASOCIACIÓN**

*O asinamento deste convenio non implica relación laboral, contractual ou de calquera outra índole entre a ASOCIACIÓN e os profesionais ao seu servizo que vaian desenvolver as actividades previstas, e o Concello de Vigo, de tal xeito que a este non se lle poderá esixir responsabilidade ningunha, nin directa, nin subsidiaria, polos actos ou feitos acaecidos no desenvolvemento do convenio.*

#### **DÉCIMO SEXTA.- VIXENCIA**

*O presente convenio estenderá a súa vixencia desde a data da súa sinatura até o 31 de decembro de 2016, e non será prorrogable.*

#### **DECIMO SÉTIMA.- MODIFICACIÓN, DENUNCIA E RESOLUCIÓN DE CONTROVERSIAS**

*Calquera das súas partes asinantes poderá denunciar ou modificar o presente convenio previa notificación escrita cunha antelación mínima de tres meses.*

*O incumprimento de calquera das obrigas contraídas no presente convenio por unha das partes facultará á outra para resolver o mesmo, quedando automaticamente anulados todos os dereitos correspondentes sobre o obxecto programa de colaboración conxunta, pero non así as obrigas contraídas no mesmo.*

*Por parte do Concello de Vigo, a Xunta de Goberno Local resolverá as posibles controversias derivadas da execución ou interpretación deste convenio e a CONCELLERÍA queda facultada para adoptar as medidas que contribúan ao seu cumprimento e desenvolvemento.*

#### **DÉCIMO OITAVA.- LEXISLACIÓN APLICABLE**

*A concesión da subvención obxecto do presente convenio rexeráse pola Lei 38/2003 do 17 de novembro, xeral de subvencións e o RD 887/2006, do 21 de xuño, polo que se aprobou o seu regulamento, nos seus preceptos básicos; R.D.L. 2/2004, de 5 de marzo TRLRFL, Lei 7/1985, de 2 de abril RBRL e demais lexislación básica do estado en materia de réxime local; a Lei 9/2007, de 13 de xuño de subvencións de Galicia; os preceptos non básicos da Lei 38/2003 e do RD 887/2006; polos pactos que se conteñen neste convenio; as bases de execución dos vixentes orzamentos municipais e as restantes normas de dereito administrativo, e no seu defecto, as normas de dereito privado.*

*Será responsabilidade da entidade a correspondente xestión e autorización dos dereitos de autor, ou de calquera outra obriga derivada do Real decreto-lexislativo 1/1996 do 12 de abril, polo que se aproba o Texto refundido da lei de propiedade intelectual.*

*En proba de conformidade de canto antecede, asinan por triplicado exemplar o presente documento de convenio no lugar e data arriba indicados.*

*O concelleiro-delegado da Área  
de Cultura  
Cayetano Rodríguez Escudero*

*O presidente da Asociación Cultural VERTIXE  
Ramón Souto Caride*

## ANEXO I

### ORZAMENTO DO PROGRAMA “FESTIVAL INTERNACIONAL DE CREACIÓN MUSICAL CONTEMPORÁNEA 2016”

<b>GASTOS</b>	
<i>CONCEPTO</i>	<i>CANTIDADE</i>
Administración	1.656,90 €
Promoción e Publicidade	1.452,00 €
Produción	11.894,10 €
Caches	25.672,00 €
<b>TOTAL GASTOS</b>	<b>40.675,00 €</b>
<b>INGRESOS</b>	
<i>CONCEPTO</i>	<i>CANTIDADE</i>
AGADIC	15.000,00 €
CONCELLO DE VIGO	10.000,00 €
CONCELLO DE PONTEVEDRA	5.500,00 €
UVI-VICERREITORADO PONTEVEDRA	3.000,00 €
UVI-SERVIZO DE IGUALDADE	3.000,00 €
INAEM	2.500,00 €
INSTITUTO FRANCÉS	1.000,00 €
VENDA DE ENTRADAS	675,00 €
<b>TOTAL INGRESOS</b>	<b>40.675,00 €</b>

#### **13(1071).- PLAN DE TRANSFORMACIÓN INTEGRAL DA ADMINISTRACIÓN MUNICIPAL E CONSTITUCIÓN DA COMISIÓN TÉCNICA DO MESMO. EXPTE. 88/1102.**

Dáse conta do informe-proposta do 28/10/16, asinado pola secretaria do Goberno Local e polo concelleiro delegado de Xestión Municipal:

*“Dende finais dos anos 90 o Concello de Vigo contaba xa cunha páxina web con contido informativo aínda que sen posibilidade de tramitar, dende a mesma ofrecíase aos veciños servizos de información dalgúns trámites municipais, a posibilidade de descargas de impresos, convocatorias e outra información de diversa natureza, etc.*

*Esta inqueda pola incorporación das tecnoloxías da información e da comunicación á xestión municipal, achegando o Concello a un proceso de modernización tivo o seu primeiro punto de inflexión no período 2000-2004, durante o que se levou a cabo un proceso de renovación das ferramentas de xestión administrativa e o inicio da oferta dos primeiros servizos de sede electrónica mediante os que se permitía á veciñanza a consulta do estado da tramitación das súas solicitudes, a apertura dos primeiros trámites avanzados en liña, como o pagamento e impresión de recibos e a consulta do estado de tramitación de expedientes.*

*Avanzando nesta liña de traballo e profundizando na implantación da administración electrónica no Concello de Vigo, no bienio 2005-2006 nace a Carpeta Cidadá e a Sede Electrónica, que recibía daquela a denominación de Concello Dixital, que contaba cun amplo e diverso catálogo de servizos, información fiscal, pagamentos, xeración de cartas de pago, multas de tráfico, e de padrón de habitantes. Como consecuencia deste escenario e no marco da mellora continua, por acordo de Xunta de Goberno Local de 16 de xaneiro do*

2006, creábase o rexistro telemático para uso da cidadanía na carpeta do cidadán que permitía aos cidadáns a relación electrónica co Concello a través da presentación de documentos no rexistro electrónico, ao tempo que progresivamente se ían engadindo novos trámites electrónicos por Internet.

Froito de este traballo, no ano 2005, o estudo independente “Análise do Desenvolvemento do Goberno Electrónico Municipal en España”, puxo de manifesto que Vigo era o Concello de España que ofrecía os mellores servizos por Internet aos seus cidadáns, obtendo un nivel de desenvolvemento moi elevado en relación con outros grandes municipios no conxunto de Estado.

Ante este escenario de apostar polas novas tecnoloxías a aprobación e entrada en vigor da Lei 11/2007, de 22 de xuño, de Acceso Electrónico dos Cidadáns aos Servizos Públicos, non supuxo para o Concello de Vigo unha absoluta novidade por canto o traballo desenvolvido con anterioridade levaba a que o concello de Vigo xa prestaba os servizos telemáticos e xa tiña operativos os medios técnicos necesarios para garantir os dereitos dos cidadáns nas comunicacións electrónicas coa administración.

Neste proceso de modernización, no bienio 2007-2009 nace a Oficina Tributaria dentro da Sede Electrónica que non só permitiu o pago de taxas, senón que tamén incorporou máis de 50 trámites novos por Internet a disposición da veciñanza de Vigo. O grao de implantación da administración electrónica na xestión municipal supuxo, entre outros avances, que no ano 2007 Vigo fose un dos primeiros concellos españois en permitir o uso do DNI electrónico pola cidadanía para o acceso a servizos da Sede Electrónica e en utilizar os servizos de interoperabilidade da rede SARA (Sistemas de Aplicaciones y Redes para las Administraciones) como @firma.

Será no bienio 2010-2012 o período no que se consolidará o conxunto dos servizos electrónicos entorno a Sede Electrónica: o perfil de contratante, o taboleiro de anuncios, o rexistro electrónico, a oficina tributaria, o catálogo de procedementos, as ofertas de emprego, validación de documentos mediante CSV, consulta de solicitudes, queixas e suxestións. E, e paralelo, o Concello, na súa xestión interna dos procedementos, dará o paso cara á tramitación sen papeis co uso da sinatura electrónica e a implantación xeneralizada do expediente electrónico, para todos os servizos e áreas municipais.

Unha vez definido este escenario, tal e como se recolle no informe emitido polo Xefe do Servizo de Administración Electrónica, de data 28 de outubro do ano que andamos, e que consta no expediente, dende o ano 2012 ata a actualidade acometéronse tarefas encamiñadas a mellorar os servizos que se presta á cidadanía, mediante o uso de ferramentas telemáticas, caracterizadas por:

- Un maior nivel de automatismo como poden ser a implantación cuasi integral da oficina virtual tributaria.
- Unha adecuación da estrutura do sitio web do Concello de Vigo a unha entorna de mobilidade formada por dispositivos como poden ser os teléfonos móbeis ou tabletas.

A partir do ano 2013 coa aprobación da Lei 19/2013, do 9 de decembro, de Transparencia, Acceso á Información Pública e Bo Goberno, acometeuse un importante labor de reestruturación da información dentro do Portal de Transparencia do Concello de Vigo incrementando os niveis de transparencia mínimos esixidos pola normativa, mediante a utilización, entre outros, dos indicadores empregados polo Índice de Transparencia de

*Ayuntamientos, elaborado por Transparencia Internacional España, coa finalidade de ofrecer non só máis información de xeito cuantitativo, senón tamén cualitativo, mediante un enfoque de claridade na súa estrutura e con altos parámetros de actualización.*

*Neste contexto municipal apróbanse a Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas e a Lei 40/2015, do 1 de outubro, do Réxime Xurídico do Sector Público, cuxa entrada en vigor se difire, conforme ao establecido nas súas disposicións finais ao prazo dun ano. Non obstante, a Disposición final 7ª da Lei 39/2015, recolle una precisión no relativo á eficacia da regulación relativa ao funcionamento dos principais soportes técnicos ata outubro do ano 2018, previsión que se debe completar co sinalado na súa Disposición Transitoria 4ª, segundo a que mentres non entren en vigor as previsións relativas ao rexistro electrónico de apoderamentos, rexistro electrónico, punto de acceso xeral electrónico da Administración e arquivo único electrónico, as Administracións Públicas manterán as mesmas canles, medios ou sistemas electrónicos vixentes relativos ás devanditas materias, que permitan garantir o dereito das persoas para relacionarse electronicamente coas Administracións públicas.*

*O novo marco normativo definido por estas Leis así como as previsións recollidas materia que regulan esta leis esixe adoptar un enfoque conxunto para garantir a axeitada integración coas previsións dos diferentes ámbitos regulatorios afectados por este marco, como o Real Decreto 3/2010, de 8 de xaneiro, polo que se aproba o Esquema Nacional de Seguridade e o Real Decreto 4/2010, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o Esquema Nacional de Interoperabilidade, garantir unha prestación axustada á Lei 37/2007, de 16 de novembro, de Reutilización da información do sector público, na redacción dada á mesma pola Lei 18/2015, do 9 de xullo, para a súa adaptación á Directiva 2013/37/UE do Parlamento Europeo e do Consello, de 26 de xuño de 2013, no réxime de reutilización de documentos do sector público, todo o cal ten que gardar coherencia co Regulamento (UE) 2016/679 do Parlamento Europeo e do Consello do 27 de abril de 2016, relativo á protección das persoas físicas no que respecta ao tratamento de datos persoais e á libre circulación destes datos e polo que se derroga a Directiva 95/46/CE (Regulamento xeral de protección de datos, que producirá efectos a partir do 25 maio de 2018, tanto para garantir as relacións coa cidadanía en clave electrónica como o funcionamento electrónico do Concello e as súas relacións interadministrativas.*

*Ademais das sucesivas novidades normativas, a continua expansión das tecnoloxías da información na formación das cidades intelixentes (smart cities), a reutilización da información do sector público, a apertura dos datos públicos (open data), e a necesidade de seguir as directrices da axenda dixital dentro da estratexia europea 2020, achegando a administración á cidadanía a través dos novos medios dixitais, ofrecen unha oportunidade para lle dar un novo impulso á reforma administrativa, mediante unha estratexia integral de transformación da administración municipal, para garantir a súa utilidade nun intre xa de madurez dixital. En definitiva, trátase de utilizar as tecnoloxías da información para mellorar a calidade de vida da cidadanía, a eficiencia, a eficacia e o aforro na xestión e na prestación dos servizos públicos municipais.*

*Para asumir os novos retos derivados do novo marco normativo e a expansión das tecnoloxías da información, temporalizando a execución das novas obrigas, resulta oportuno un plantexamento de natureza transversal, que permita deseñar unha estratexia global que garanta o impulso do proceso de transformación no conxunto da administración, para o que é preciso deseñar un marco de actuación a través dun plan de transformación integral,*

mediante os correspondentes procesos e sobre a base dun equipo de traballo que impulse o seu desenvolvemento e execución.

Considerando que no marco do dito Plan pode resultar preciso, para a súa concreción o despregue de produción normativa local nos termos establecidos polo Título VI da Lei 39/2015, "De la iniciativa legislativa y de la potestad para dictar reglamentos y otras disposiciones", que recolle, entre outros extremos un trámite previo de consulta pública, en función da natureza da disposición normativa a aprobar, recollerase tamén a dita posibilidade a efectos da determinación dos aspectos formais en canto ao seu desenvolvemento, fixando o medio a través do que se levará a cabo e o prazo para a mesma en consonancia co prazo de información pública disposto na normativa básica sobre procedemento administrativo común.

A tal efecto, en data 28/10/2016, o Concelleiro ditou orde de inicio co seguinte contido:

*Primeiro.- Incoar expediente administrativo para a elaboración, aprobación e execución do Plan de "Transformación integral da administración municipal de Vigo", aos efectos sinalados de deseñar e calendarizar unha estratexia normativa transversal.*

*Segundo.- Designar instrutora do dito expediente á Secretaria de Goberno Local, D<sup>a</sup> M<sup>a</sup> Concepción Campos Acuña, habida conta da natureza de expediente interno, pola transversalidade do dito posto e a efectos da coordinación, e sen prexuízo da debida colaboración das distintas áreas e servizos municipais no dito cometido e das súas responsabilidades na tramitación dos expedientes sectoriais que se deriven do Plan.*

*Polo exposto e conforme á Resolución de delegación de competencias da Alcaldía de data 19 de xuño de 2015 corresponden á Concellería Delegada de Xestión Municipal e Administración Electrónica as competencias en materia de administración electrónica, sinaladamente, entre outras, a de propor e coordinar a política municipal TIC dun xeito transversal, integrando os intereses das distintas áreas ou servizos, polo que, de conformidade coas mesmas, e ao abeiro da delegación de competencias efectuada pola Alcaldía por Resolución de data 10 de xuño de 2015 de "aprobación de calquera programa, plan, proxecto, campaña ou promoción de actividades e/ou servizos de competencia municipal, mesmo as que se realicen para a dirección e impulso dos servizos", formúlase á Xunta de Goberno Local a seguinte:*

#### **PROPOSTA DE ACORDO:**

*Primeiro.- Impulsar a elaboración do "Plan de Transformación Integral da administración municipal" de Vigo, coa finalidade de deseñar un marco de actuación estratéxico na aliñación das diferentes obrigas legais no desenvolvemento da utilización das tecnoloxías da información e da comunicación.*

*Segundo.- A dirección política do Plan corresponderalle ao Concelleiro Ddo. de Xestión Municipal, Persoal, Patrimonio e Administración Electrónica, D. Francisco Javier Pardo Espiñeira, quedando facultado para a adopción das medidas executivas e de desenvolvemento que resulten precisas.*

*Terceiro.- Constituír, a efectos de garantir a realización dos traballos materiais precisos, a Comisión Técnica do Plan, que se integrará por:*

- 1. O Xefe do Servizo de Administración Electrónica, D. Antonio Villanueva Guimeráns*
- 2. A Titular da Asesoría Xurídica Municipal, Dna. Margarita Parajó Calvo*
- 3. A Secretaría do Goberno Local, Dna. M<sup>a</sup> Concepción Campos Acuña*
- 4. O Tesoureiro Municipal, D. Luis García Álvarez*
- 5. A Xefa de Servizo de Inspección de Tributos, Dna. M<sup>a</sup> del Carmen Pazos Area*

*que poderá propoñer ao órgano competente a adopción das medidas necesarias para garantir a consecución dos obxectivos previstos no Plan.*

*Cuarto.- Todas as áreas e servizos municipais deberán colaborar no desenvolvemento dos traballos de elaboración, desenvolvemento e execución do Plan, e cando así resulte oportuno, a Comisión Técnica proporá ao Concelleiro responsable a constitución, mediante a respectiva resolución, de Grupos de Traballo Sectoriais nos que se deberán integrar, polo menos, os responsables das áreas e servizos municipais afectados, aos que lles corresponderá a responsabilidade na tramitación dos expediente que afecten ao seu ámbito competencial que se deriven do Plan, coa correspondente emisión de informe-proposta e seguimento na súa execución.*

*Quinto.- De resultar necesario, para a concreción deste Plan, o despregue de produción normativa local á que resulte de aplicación o tramite de consulta pública previsto no artigo 133 da Lei 39/2015, esta desenvolverase, con carácter previo á redacción do texto normativo, a través de <https://consulta.vigo.org/>, durante un prazo de 20 días hábiles.*

*Sexto.- Dar traslado do presente acordo aos afectados, notificar individualmente a todos os Xefes de Área e de Servizo e ordenar a súa publicación na Intranet municipal, na Sede electrónica municipal e no Portal de Transparencia do Concello de Vigo, para asegurar o xeral coñecemento do mesmo pola cidadanía e polo conxunto da organización municipal.”*

**Acordo:**

A Xunta de Goberno Local aproba a proposta contida no precedente informe.

**14(1072).- INDEMNIZACIÓN SUBSTITUTIVA A FAVOR DE LIMPEZAS LEI, S.L., POLO SERVIZO DE LIMPEZA NAS INSTALACIÓNS DE VIGOZOO DURANTE OS MESES DE XULLO, AGOSTO E SETEMBRO. EXPTE. 7980/612.**

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe de fiscalización do 27/10/16, dáse conta do informe-proposta de data 17/10/16, asinado polo director de Réxime Interior-Zoo e pola concelleira-delegada de Medio Ambiente e Vida Saudable, que di o seguinte:

**ANTECEDENTES:**

A mercantil “LIMPEZAS LEI, S.L. - LIMPIADORES ESPECIALISTAS INTEGRADOS”, con CIF B36.835.759 presenta a través de plataforma FACE, facturas correspondentes aos

meses de xullo, agosto e setembro do presente ano, en concepto de servizo de limpeza nas instalacións de VigoZoo, sendo as seguintes:

- 1) Factura nº 35, de data 14/10/2016 por importe de 4.518,33 (IVE engadido) polo concepto de servizo de limpeza nas instalacións de VigoZoo correspondente ao mes de xullo de 2016 (Exp. 8096-612).
- 2) Factura nº 37, de data 14/10/2016 por importe de 4.518,33 (IVE engadido) polo concepto de servizo de limpeza nas instalacións de VigoZoo correspondente ao mes de agosto de 2016.(Exp. 8097-612)
- 3) Factura nº 32, de data 10/10/2016 por importe de 4.518,33 (IVE engadido) polo concepto de servizo de limpeza nas instalacións de VigoZoo correspondente ao mes de setembro de 2016.(8088-612).

Así mesmo, a Concelleira-delegada ordenou, con data 17 de outubro de 2016 incoar "expediente de recoñecemento dunha indemnización substitutiva a favor da mercantil "LIMPEZAS LEI, S.L. - LIMPIADORES ESPECIALISTAS INTEGRADOS", con CIF B36.835.759, por un importe total de 13.554,99 € (IVE engadido) pola prestación efectiva do servizo de limpeza nas instalacións de VigoZoo, correspondente ao período de xullo, agosto e setembro de 2016, segundo as facturas nº 35 (Exp.8096-612 ), nº 37 (8097-612) e nº 32 (Exp.8088-612), aos efectos de evitar un enriquecemento inxusto do concello de Vigo.

A proposta ven precedida de memoria explicativa das circunstancias que xustifican a incoación do expediente, segundo o disposto na Instrución nº 1/00 da Intervención Xeral sobre expedientes de recoñecemento extraxudicial de créditos e indemnización substitutiva, e na propia Base 28 e concordantes da execución do orzamento vixente.

A prórroga do contrato coa mercantil "LIMPEZAS LEI, S.L. - LIMPIADORES ESPECIALISTAS INTEGRADOS" rematou o 1 de marzo de 2016

Por elo, en xaneiro do presente ano, iniciouse expediente de licitación para contratación e adxudicación do novo servizo de limpeza, levado a través de exp. 7145-612, encontrándose dito proceso en trámite, polo que dende marzo de 2016, debido á finalización do anterior contrato e a necesidade de no poder prescindir do servizo de referencia, se tramita a xestión do servizo de limpeza a través de contrato menor (exp. 7134-612) coa mesma empresa que ata o día da finalización do contrato era adxudicataria do servizo, a mercantil "LIMPEZAS LEI, S.L. - LIMPIADORES ESPECIALISTAS INTEGRADOS", cun período de vixencia de marzo a xuño do presente ano, en previsión de que nestas datas xa estivera o novo proceso de licitación finalizado.

Ao non ser así, é imprescindible que o servizo de referencia se siga prestando para garantir o correcto mantemento da limpeza nas instalacións de VigoZoo.

As facturas de referencia son causa desta prestación de servizos levada a cabo pola mercantil unha vez rematada a prórroga do contrato de limpeza (6353-12) e finalizado o contrato menor (7134-612) que vinculaba as prestacións de ambas partes e, en tanto en canto, non comeza a prestación efectiva do servizo de limpeza das instalacións de VigoZoo a través da adxudicataria que resulte do procedemento de licitación levado a través de Exp. 7145-612, o cal se encontra en fase de adxudicación.

As condicións económicas de continuidade extraordinaria do servizo (as mesmas nas que se viña desenvolvendo ata a data) salvagardan o interese xeral, toda vez que se producirían de conformidade cos prezos de mercado.

As facturas responden aos requisitos establecidos nas bases de execución do orzamento vixente e o servizo prestado aparece como recepcionado e conforme, autorizado polo responsable competente.

*En canto ao importe das mesmas, de 4.518,33 € (xullo), 4.518,33 € (agosto), 4.518,33 € (setembro), todas elas con IVE engadido, responden ás estimacións de mercado e as propias previsións do contrato extinguido.*

*Na memoria manifestase a existencia de crédito adecuado e suficiente na aplicación orzamentaria 3371.227.00.00 "Contrato empresa limpeza" e o seu nivel de vinculación xurídica. Así mesmo, xustifícase a posibilidade de imputar o gasto ao crédito orzamentario corrente, sen riscos previstos e previsibles derivados da xestión ordinaria do servizo.*

*Ao expediente incorporouse tamén declaración do representante legal da mercantil, de data 17 de outubro do presente ano, relativa ao resarcimento da deuda e renuncia o exercicio de accións xurídicas ou administrativas en función da aprobación do acto de recoñecemento da indemnización substitutiva obxecto do expediente.*

*A competencia para resolver o expediente corresponde á Xunta de Goberno Local, de conformidade co previsto no art. 127 da Lei 7/1985, e o 60.2 do RD 500/1990, de 20 de abril.*

*En mérito de canto antecede, e previo informe da Intervención Xeral, o que subscribe propón á Concelleira-delegada de Medio Ambiente e Vida Saúdnable que se eleve á Xunta de Goberno Local a seguinte proposta:*

**ACORDO:**

*Primeiro.- Aprobar a favor da mercantil LIMPEZAS LEI, S.L. - LIMPIADORES ESPECIALISTAS INTEGRADOS, con CIF B36.835.759, unha indemnización substitutiva por importe total de 13.554,99 € (21% IVE engadido) pola prestación efectiva do servizo de limpeza nas instalacións do servizo de VigoZoo, correspondente aos períodos de 1 ao 31 de xullo (Factura nº 35 (Exp.8096-612), por importe de 4.518,33 €), de 1 ao 31 de agosto (Factura nº 37 (exp. 8097-612), por importe de 4.518,33 €) e 1 a 30 de setembro de 2016 (Factura nº 32 (exp. 8088-612), por importe de 4.518,33 €), aos efectos de evitar un enriquecemento inxusto do Concello de Vigo en función da efectiva e satisfactoria prestación do servizo de referencia e a falta de cobertura contractual do mesmo.*

*Segundo.- Recoñecer, en consecuencia, o dereito da citada mercantil a recibir a cantidade aprobada, con cargo á aplicación orzamentaria 3371.227.00.00 "Contrato empresa limpeza" e o seu nivel de vinculación xurídica."*

**Acordo:**

A Xunta de Goberno Local aproba a proposta contida no precedente informe.

**15(1073).- ROGOS E PREGUNTAS.**

Non houbo ningunha intervención neste punto.

E sen ter máis asuntos que tratar, o Sr. presidente rematou a sesión ás nove horas e dez minutos. Como secretaria dou fé.

me.

O ALCALDE

A CONCELLEIRA-SECRETARIA  
DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL,

Abel Caballero Álvarez.

Olga Alonso Suárez.